



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Narrativa Recuperada

Obra narrativa en galego
de Amador Montenegro
Saavedra



XUNTA DE GALICIA

Obra narrativa
en galego de Amador
Montenegro Saavedra

Director do proxecto
Modesto Hermida García

Edición, introdución e notas

Eulalia Agrelo Costas
Isabel Mociño González

Edita

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA
A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coordinador Científico

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura

ANXO TARRÍO VARELA

Realización

GrafinoVa, s.a.

ISBN: 978-84-453-4381-4

Dep. Legal: C 613-2007

Director do Proxecto

MODESTO HERMIDA GARCÍA

Edición, introdución e notas

EULALIA AGRELO COSTAS

ISABEL MOCIÑO GONZÁLEZ

I. Acheqa biobibliográfica

Amador Manuel Joaquín de la Concepción Montenegro Saavedra naceu o 30 de abril de 1864, no número 115 da rúa de San Pedro de Santiago de Compostela, e foi bautizado, segundo a partida de nacemento¹, na igrexa de San Pedro, auxiliar da parroquial de Santa María la Real de Sar, ese mesmo día. Conforme Adolfo de Abel Vilela², o seu nacemento na cidade compostelá produciuse dun modo accidental, probabelmente, debido ao troupeleio da diligencia na que súa nai, Pilar Saavedra Costas, en avanzado estado de xestación, viaxaba de Vigo a Lugo por ser desexo dos seus proxenitores que o novo fillo nacesse na residencia luguesa, situada na rúa de San Pedro, número 36. Seu pai, Siro Montenegro López³, que fora alcalde de Lugo nos anos 1852-1853 e 1867-1868, pertencía á clase terratenente con excelentes propiedades agrícolas en Castro de Rei, na freguesía de San Xián de Mos. Eran os seus avós maternos Manuel Saavedra y Bermúdez e María de la Concepción Costas Arce, naturais de Vigo, e os paternos, Francisco Montenegro Arias, natural de Lugo, e Josefa López Bustillo y Obregón, tamén de Vigo.

Iniciou estudos de Bacharelato en Lugo, unha vez aprobado o exame de ingreso o 26 de outubro de 1876, e concluíunos brillantemente no ano 1881. En setembro dese mesmo ano ingresou na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, cidade na que residiu no número 6 da rúa da Calderería. Por causas que descoñecemos, no curso 1883-1884 trasladouse a Valladolid⁴, onde acadou o grao de licenciado no curso 1885-1886 na sección de Dereito Civil e Canónico, despois de ter superado os exercicios, o 18 de febreiro deste último ano.

1 Folio noventa e un do libro dezaseis dos bautizados da parroquia de Santa María la Real de Sar de Santiago de Compostela. Por esta mesma fonte sabemos que foi apadriñado por Manuel Saavedra en representación de Manuel Pardo de la Vega, tenente de infantaría.

2 “O Lugo da Monteira”, n’*A Monteira*, edición facsimilar, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989, p. X. Son de grande interese tamén os estudos introdutorios desta edición facsimilar, nos que participan Carne Hermida Gullás e Antón Santamarina con “A Monteira e a recuperación idiomática de Galicia”; Xosé Manuel González Reboredo con “A cultura tradicional galega nas páxinas de ‘A Monteira’”; Xesús Alonso Montero con “*A Monteira*: de re litteraria”; e Xosé Ramón Barreiro con “O perfil ideolóxico da Monteira: o rexionalismo”.

3 Nacido no Pazo do Rosal de Moaña o 25 de xuño de 1818. Igual que xa fixera seu pai, licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago en 1840 e exerceu como avogado en Lugo dende 1842. Na portada do número 28 (12-IV-1890) d’*A Monteira* inclúese unha necrolóxica con motivo do primeiro aniversario do seu pasamento, ocorrido o 6 de abril de 1889.

4 O propio autor apunta nunha carta a Heraclio Pérez Placer, datada o 22 de maio de 1890 en Lugo e publicada n’*A Monteira* (n.º 34, 24-V-1890), que realizou os últimos anos da súa carreira nesta cidade, pero non se refire ás causas que motivaron tal traslado.

A súa formación académica levouno a traballar como pasante en Monforte de Lemos⁵, onde un parente seu exercía a avogacía. A súa inexperiencia e boa vontade fixeron que fora o protagonista dunha curiosa anécdota comentada por De Abel Vilela⁶, quen explica como grazas á súa mediación evitou un preito entre labregos, actuación esta que foi recriminada polo seu parente, quen consideraba que así non facía rendíbel o negocio, xa que, para vivir da profesión, o que había que facer era lear as partes en conflito. A raíz desta experiencia e da incapacidade de seu pai por enfermidade, Amador Montenegro dedicouse a administrar as propiedades agrícolas familiares.

No ano 1888 Montenegro Saavedra publicou o seu primeiro libro, *Muxenas*⁷, un volume de versos do que só se conservan exemplares da segunda edición (Vigo: Imp. Ánxel Varela, 1896). Contén corenta e seis poemas en galego de grande heteroxeneidade métrica e temática, nos que por veces en ton melancólico se canta a Galicia ou se denuncia a situación de pobreza dos labregos, do mesmo xeito que se recorre ao tópico da fugacidade da vida ou se fan cantos patrióticos cos que exaltar o espírito do pobo. Ábrese cun prólogo en castelán do estudoso e compilador de materiais de tradición oral, Xosé Pérez Ballesteros, que comeza cun repaso pola temática daquelas composicións que considera de maior calidade, aínda que tamén sinala aquelas que percibe como máis defectuosas. Céntrase logo o prologuista en expoñer amplamente as súas ideas sobre a fixación da “Ortografía y Prosodia gallegas”, sobre as que xa se tiña manifestado en diferentes medios⁸, para ratificarse unha vez máis na defensa dunha reforma ortográfica da lingua galega baseada principalmente na fonética e non tanto na etimoloxía. Considera como razón principal que esta opción favorece a pretensión de “universalizar la facilidad y la brevedad en la transmisión de las ideas y sentimientos por medio de la escritura...”⁹. Móstrase

5 A esta cidade seguiu vinculado afectivamente como o demostran algúns artigos como “De Monforte de Lemus”, publicado en *Vida Gallega* (xaneiro de 1910) ou o conto “Croquis”, publicado n’*A Monteira* (n.º 54, 11-XI-1890).

6 *Op. cit.*, p. XI.

7 Lugo: Imprenta de El Regional, como consta no *Catálogo de la “Primera Exposición del Libro Lvcense”, celebrada en Lvgo en el mes de abril de 1945*, Lugo: Talleres Gráficos La Voz de la Verdad, 1945. Por información de Gerardo González Martín (*La Voz de Galicia*, 12-VI-1988) este volume podían adquirilo os subscritores de *Galicia Moderna* a unha peseta, a metade do prezo de venda da obra.

8 Como no xornal *El Ciclón* (3-III-1888) ou no artigo que, co título de “Indicaciones acerca de la Prosodia y Ortografía gallegas”, viu a luz no n.º 8 da revista *Galicia*.

9 *Op. cit.* p. XV.

contrario ás teses defendidas por Fulvio Vergodense¹⁰ e defende a importancia do labor de figuras como Juan Antonio Saco y Arce.

En canto á valoración crítica desta primeira obra de Amador Montenegro, autores próximos á actualidade como Ricardo Carballo Calero¹¹ consideran que os versos “tanto polo que se refire á dicción como á inspiración, son francamente defectuosos”, idea mantida noutras fontes¹². Talvez os silencios doutros críticos con respecto a este primeiro poemario sexan sintoma dunha opinión semellante, cando non do descoñecemento da obra.

Ao longo deste mesmo ano de 1888 comezaron as colaboracións de Amador Montenegro Saavedra en publicacións como *Galicia Humorística*¹³, *O Tío Marcos d’a Portela*¹⁴ ou *Galicia. Revista Regional*¹⁵ e, un ano máis tarde, noutras cabeceiras como *Galicia*¹⁶ (A Coruña, 1887).

O 5 de outubro de 1889, coincidindo coas festas do San Froilán, viu a luz o número inaugural da revista *A Monteira*. Esta publicación que fundou

10 Refírese concretamente a un artigo publicado no número 65 da *Revista Gallega*, no que Fulvio Vergodense, pseudónimo de Florencio Vaamonde Lores, afirmaba que o galego e o portugués tiñan as mesmas regras gramaticais, polo que traballos como a *Gramática gallega* de Saco y Arce eran inútiles.

11 *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1962, p. 477.

12 Dolores Vilavedra (coord.), *Diccionario de literatura galega I. Autores*, Vigo: Galaxia, 1995, p. 390.

13 Na que dá a coñecer o primeiro conto do que temos noticia, “A gratitú dun fillo” (n.º 2, 30-VII-1888, pp. 64), poemas como “Brochazos” (n.º 4, 27-II-1888, pp. 121-123) e “Rima” (n.º 11, novembro 1888, pp. 593-594), así como diversos traballos en castelán entre eles os titulados “Erratas” (n.º 5, 15-III-1888, pp. 135-136), “Utilidad del Derecho: novela homeopática-disparatada” (n.º 7, 15-IV-1888, pp. 220-222) e “Apuntes de cartera. Rótulos, anuncios, pasquines y otros excesos” (n.º 11, 15-VI-1888, pp. 335-337).

14 Revista na que publicou composicións poéticas como “Follas d’un libro” (Parrafeo 235, 1-VII-1888, p. 3), título que logo empregará tamén en dúas composicións diferentes que viron a luz n’*A Monteira*; “O ceguiño” (Parrafeo 237, 15-VII-1888, pp. 3-4) e “Ó Orfeón Gallego n-a velada musical d’o 20 d’outubre último” (Parrafeo 257, 9-XII-1888, pp. 3-4).

15 Revista na que publicou o poema “O ceguiño” (n.º 7, xullo de 1888, pp. 339-340), unha composición que vería posteriormente a luz tamén n’*A Monteira* (n.º 43, xullo 1890), *Follas Novas da Habana* (n.º 369, 26-VI-1904, p. 3) e en Ricardo Polín (ed.), *Homes do país: os galegos pintados por si mesmos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1999, p. 176.

16 Revista na que publicou poemas como “Os pescadores” (n.º 3, marzo 1889, pp. 187-188), aparecido tamén en *Galicia Moderna* (n.º 210, 12-V-1889, pp. 4-5) e posteriormente incluído en *Homes do país: os galegos pintados por si mesmos, op. cit.*, p. 200.

Amador Montenegro na cidade de Lugo, xunto co seu íntimo amigo, o avogado lucense Manuel Pardo Becerra¹⁷, imprimíase nos talleres de Gerardo Castro Montoya¹⁸, sitos na rúa Palacio, número 10. Levaba por subtítulo “Somanario d’intreres rexionales e literatura” e, ao longo de algo máis dun ano de vida, sacou sesenta e cinco números á rúa até desaparecer o 27 de decembro de 1890. Estaba dirixida polo propio Montenegro¹⁹ e eran os seus redactores principais Pardo Becerra e Anselmo Montenegro Saavedra²⁰. Presenta un formato en oito páxinas, nas que ademais do editorial conta cos apartados “De todo un pouco”, “Publicaciós”, “Espeutáculos”, “Administración” e “Seución d’anuncios”. Nestas páxinas Amador Montenegro deu a coñecer boa parte da súa produción, tanto narrativa coma poética, ademais de deixar patente a firme posición rexionalista²¹. Tamén usou este medio en dúas polémicas: unha c’O

17 Persoa da que non se atopa información biográfica nas fontes ao uso. Amador Montenegro López fai unha semblanza en *Lugo en el pasado* (Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1994), na que alude á amizade entre este avogado e o seu pai dende que eran estudantes. Ofrece algúns datos do seu aspecto e carácter como que era un home corpulento, comunicativo e alegre, distinguíndose pola súa seriedade e profesionalidade. Sinala tamén que estaba casado pero non tivo descendencia, polo que deixou a súa fortuna a obras benéficas, movido polo seu catolicismo fervente (pp. 71-72). N’*A Monteira*, Pardo Becerra publicou tres artigos titulados xenericamente “D’a fala gallega”, incluídos nos números 1 (5-X-1889), 4 (26-X-1889) e 10 (7-XII-1889), nos que manifesta o compromiso da publicación coa lingua dentro do ideario rexionalista.

18 Este impresor, que comezara na Imprenta Católica, instalouse pola súa conta e trasladouse á rúa Cruz. En 1894, comproulle a Soto Freire o seu taller, co que pasou a traballar na rúa de San Pedro. Sobre el faise unha viva loanza en “Nuestros corresponsales”, artigo publicado en *La Ilustración Gallega*, n.º 12 (20-XI-1911), no que se destaca o seu espírito emprendedor e o feito de ser unha persoa querida por todos. En nota a pé de páxina sinalase que foi quen se encargou de imprimir os xornais lucenses *A Monteira*, *O Labrego*, *Sui Generis*, *El Lucense*, *La Minerva* e *Calendario Gallego*. Tamén se indica que naquela altura se editaba nos seus talleres o diario católico *La Voz de la Verdad* e que era correspondente d’*El Correo Español*, *Heraldo Judicial* e *La Ilustración Gallega*.

19 Resulta significativo o feito de que cada número da revista está asinado polo director na parte inferior dereita da páxina principal, agás os números que coinciden temporalmente coa súa ausencia, nos que a sinatura é a de Manuel Pardo (n.ºs 44, 45, 49, 52, 53, 54), Gerardo Castro (n.ºs 46, 47, 48 e 51) e Anselmo Montenegro (n.º 55), para no número 56 aparecer de novo a sinatura de Amador Montenegro, é dicir, no correspondente ao 25 de outubro de 1890. Isto fainos deducir que estivo fóra de Lugo dende o inicio de agosto até días próximos a esta data do mes da vendima.

20 Unha das posíbeis colaboracións que atopamos deste autor fóra d’*A Monteira* foi en *El Eco de Galicia* (Bos Aires, n.º 141, 20-IX-1895) titulada “Las romerías en Galicia”, na que describe de xeito xeral a celebración das festas populares. Está asinada por Anselmo C. Montenegro.

21 Como por exemplo no artigo “Cartas gallegas” (n.º 34) en resposta ao chamamento de Heraclio Pérez Placer aos escritores galegos na defensa do rexionalismo como xeito de defensa do honor dos galegos e de Galicia, ou no número monográfico do primeiro de marzo de 1890 en homenaxe a Alfredo Brañas.

*Tío Marcos d'a Portela*²², por non ter recibido os números de intercambio, e outra con Manuel Amor Meilán, colaborador da revista e amigo do propio Montenegro, que rompe a súa grande amizade por ter permitido a publicación do artigo titulado “Os caiceños”, de M. López Prado (n.º 55)²³, que el denuncia como plaxio dun texto de Rosalía de Castro.

Pese a que o noso interese se centra na narrativa, da que logo nos ocuparemos máis amplamente, non podemos esquecer que Amador Montenegro propiciou nesta súa revista a aparición de poemas premiados en certames convocados en diferentes lugares de Galicia tales como “A víspera de San Xuan. (Poesía de costumes gallegas)”²⁴, de Alfredo Brañas, gañador do Certame Gallego Literario que se celebrou en Pontevedra en agosto de 1886, ou “O puzo d'o barco”²⁵, de Eladio Rodríguez González, gañador do Certame Literario de Betanzos de 1887. Tamén é de salientar a publicación do poema de Eduardo Pondal “Os pinos”²⁶, que será logo a letra adoptada para o himno galego.

Nesta mesma liña, consideramos tamén un acerto por parte de Amador Montenegro Saavedra a acollida da produción poética de figuras femininas na súa publicación periódica. Ao redor do ano 1890, e despois do papel desenvolvido por Rosalía de Castro, un semanario que se proclamaba de literatura non podía ignorar a produción destas poetas, aínda que naquela altura o número de mulleres escritoras en Galicia era pouco máis ca simbólico²⁷, tal é así que só se rexistran dous nomes, Filomena Dato Muruais e Esperanza Roca. Da primeira, de ampla e recoñecida traxectoria, recóllense os poemas “A nai

22 Neste xornal continuou colaborando Amador Montenegro no ano 1889, antes da polémica, cos poemas “¡Esperta!” (Parrafeo 297, 13-X-1889, pp. 3-4) e “O emigrante” (Parrafeo 306, 22-XII-1889, pp. 3-4), un poema que vira xa a luz n'*A Monteira*, no mes de novembro dese ano e que Ricardo Polín incluíu no volume *Homes do país: os galegos vistos por si mesmos*, *op. cit.*, pp. 185-186.

23 A aceda polémica por este suposto roubo a Rosalía de Castro aparece dende o n.º 57 d'*A Monteira* até o final da súa publicación e as respostas de Manuel Amor Meilán recóllense en *El Regional*.

24 *A Monteira*, n.º 29 (19-IV-1890).

25 *A Monteira*, nos números 62 (6-XII-1890), 63 (13-XII-1890) e 64 (20-XII-1890).

26 *A Monteira*, n.º 35 (31-V-1890). Para a xénese do himno, *vid.* Manuel Ferreiro, *De Breogán aos pinos. O texto do himno galego*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1996.

27 Carmen Blanco, *Literatura galega da muller*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991. (Especial interese merece o capítulo titulado “As escritoras galegas”, pp. 295-334).

do soldado”²⁸ e “¿Que dirán?”²⁹. Da segunda, a maior abundamento, sabemos que foi un pseudónimo³⁰ baixo o que se agochaba Amador Montenegro Saavedra. Probabelmente a intención do noso autor era buscar a compracencia do sector feminino, que botaría de menos a presenza de traballos de tal autoría cos que sentirse identificado. O caso é que Amador Montenegro Saavedra ten demostrado clara simpatía pola condición feminina³¹, ademais da coñecida admiración que sentía por Rosalía de Castro, así como pola súa defensa da tese do Padre Sarmiento en relación á orixe feminina da lírica popular galega, un aspecto que o propio Montenegro recolleu no seu discurso³² de ingreso na Real Academia Galega en 1909.

As composicións poéticas publicadas ao longo de 1890 n’*A Monteiro* baixo o pseudónimo de Esperanza Roca³³ foron: “A el” (n.º 18)³⁴, “¿Probes paxaros!” (n.º 19), “Aparéncias” (n.º 22), “Españas” (n.º 23), “Queixa” (n.º 28), “A libértá” (n.º 33), “A muralla de Lugo” (n.º 39), “[¿Que din as brisas]” (n.º 43), “[Botaranme dos bes e mais da casa]” (n.º 45), “Lembranza” (n.º 54) e “¿Piedá!” (n.º 59)³⁵. Na opinión de críticos como Victoria Álvarez Ruiz de

28 N.º 26 (29-III-1890).

29 N.º 56 (25-X-1890).

30 Segundo Enrique Santos Gayoso empregou tamén Amador Montenegro os pseudónimos de *Daamor* e *Pedro Sánchez*, malia non podermos localizar ningún exemplo.

31 Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, “Os que se ocultan: a práctica do pseudónimo na literatura galega”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, 1993, pp. 69-92. No entanto, algunhas notas incluídas n’*A Monteiro* deixan ao descuberto a súa postura conservadora, como no feito de que se manifeste a conformidade do xornal con actitudes contrarias á mellora das mulleres. É o caso do que ocorre en “De todo un pouco”, n.º 12 (21-XII-1889), onde se fai eco da polémica na prensa santiaguesa sobre se as mulleres deben ser bacharel ou non, explicitando na resposta a súa inequívoca postura contraria a este feito: “Minerva quer o último./Pois s’a Diosa d’a Céncea diz que non/¿A que disputar máis?/Dende logo, A MONTEIRA con *Minerva*/Tense que conformar”.

32 No que sinala: “Dedúcese de esto que a alma da poesía gallega é de *muller*, e a *muller* non se comprende sin o Amor”, en “Alma da poesía gallega”, *Boletín da Real Academia Gallega*, n.º 35, volume 3, 1910, p. 250.

33 Todos estes poemas están antologados en *Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra/Asociación Socio-Pedagóxica Galega, col. A Nosa Literatura, n.º 12, 1996, pp. 185-205.

34 Este poema aparece tamén reproducido en *El Compostelano* (15-VII-1932).

35 Este último poema deu lugar á aparición na sección “De todo un pouco” (n.º 62) dunha carta asinada por Esperanza Roca, na que se dirixe ao director do xornal tudense *La Novedad* para denunciar o plaxio que na súa publicación se fixo desta composición traducida ao castelán e baixo a sinatura de Esquilache.

Ojeda³⁶, caracterízase o conxunto destas poesías polo claro predominio do lirismo sentimental, por veces mesmo lacrimoso, e acompañado dunha veheamente crítica social, no que, segundo esta estudosa, “se percibe, creo que por primeira vez na nosa literatura, a imitación de *Follas novas*”.

Ao longo dos anos de vida da revista *A Monteira*, Amador Montenegro Saavedra asinou co seu nome ou con iniciais (especialmente A. M.) moitos poemas³⁷ que se caracterizan pola heteroxeneidade, por recrear tópicos da Galicia rural ou por se referiren a aspectos propios das reivindicacións rexionalistas, correspondentes co afervorado galeguismo do seu autor. Neles canta á terra dende un sentimento ferido pola dor, pola insatisfacción que lle provoca o presente do país e pola vergoña da traizón de moitos dos seus fillos³⁸. Exemplos como “¡Esperta!”, “Sin penas non hai vida” ou “O emigrante”, móvense nas coordenadas poéticas rosalianas, mais sen chegar á intensidade intimista da poeta padronesa. Non podemos esquecer tampouco que no terreo poético deu á luz aquí diversas traducións³⁹.

En canto á prosa, unha boa parte dos contos que conforma a súa produción narrativa publicouse ao longo dos sesenta e cinco números que deu á luz a revista luguesa. Trátase de dezaseis relatos dos que o primeiro foi o titulado “Aparéncia e realidade”, que ocupa a portada do número 6 (10-XI-1889), e o derradeiro “Pois... non me conformo”⁴⁰, que figura no número 61 (29-XI-

36 *Op. cit.* p. 79.

37 Como “¡Esperta!” (n.º 1), “Ós meus primiños Cunchiña e Viutor e Saavedra na morte da súa nai” (n.º 2), “Sin penas non hai vida” (n.º 3), “[Dobran doentes]” (n.º 5) e “O emigrante” (n.º 7), todos eles en 1889, mentres que en 1890 viron a luz “Follas d’un libro” (n.º 14), “Epigrama xurídico” (n.º 15), “Follas de un libro” (n.º 20), “Xesús no calvareo” (n.º 27), “Despedida (Anacos dunha lenda)” (n.º 32), “Epigramas” (n.º 33), “Rima (idea de Becker)” (n.º 35), “O Miño” (n.º 38), “Senténcia” (n.º 40), “O ceguiño” (n.º 43), “Ó pé do Castelo de Monforte” (n.º 46), “O enxebre maestro gallego: Xan Montes” (n.º 50), “Epigrama local” (n.º 55), “Epigrama” (n.º 56), “Simpatía” (n.º 57), “A Peral” (n.º 61) e “Soneto” (n.º 62).

38 *Fábulas galegas e outros poemas*, edición de Luís Alonso Girgado, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1991, p. 26.

39 Trasladou ao galego poemas que neste idioma foron titulados “Déronm’ aviso e consellos” (n.º 24), de Heinrich Heine; “O emperador da China” (n.º 29), do catalán Apeles Mestre; “A gaita gallega” (n.º 42), de Ventura Ruíz Aguilera; “O cestiño de frores” (n.º 59), incluído en *Historia política, relixiosa y descriptiva de Galicia*, (Madrid: Establecemento tipográfico de A. Vicente, 1849), de Martínez Padín, autor do que tamén traduciu “O bosque da Armenteira” (n.º 64); e “Chacales e años. (Fábula de Manoel de Palacio)” (n.º 20).

40 Os títulos destes relatos, todos eles aparecidos en 1890, son: “Antón o sempre” (n.º 15), “O zorro io galo” (n.º 16), “A pirmeira consulta” (n.º 19), “A picardía dun esquirbano” (n.º

1890). Deles, case a metade son froito da recompilación de materiais de tradición oral⁴¹, fonte que o autor explicita coa indicación de “Pola recoleución”, mentres que o resto se encadra na liña da literatura máis en voga do momento, a costumista, aspecto que se tratará con máis detalle no comentario correspondente. Non queremos pechar a referencia ao seu traballo nesta cabeceira sen aludir a outra faceta que cultivou Amador Montenegro: a daqueles traballos de carácter ensaístico como a sección titulada “Fillos ilustres de Lugo”⁴² ou “Un xuíceo honroso pra Galicia”⁴³.

Pechada esta empresa xornalística, en 1891 contraeu matrimonio na Colexiata de Vigo cunha curmá súa, Purificación López Saavedra, para o que lles foi concedida a dispensa papal. Parece que a intención de seu pai era que casase coa maior das irmás, Lola, fillas do militar nacido en Mahón (Menorca), Ildefonso López Hediger, do que tamén era fillo Ildefonso López Saavedra⁴⁴, avogado de profesión e autor de diversos textos en verso e prosa, gran parte deles recollidos nas páxinas d’*A Monteira*. Esta familia residía no Pazo do Rosal en Moaña e formaba parte das súas propiedades o tamén coñecido Pazo da Raposeira⁴⁵, situado no barrio vigués de Lavadores. Froito do matrimonio

23), “Remédeo contra a fame” (n.º 28/n.º 30), “Conto heráldico” (n.º 32), “A manda” (n.º 33), “A viutórea dun borracho” (n.º 34/n.º 36/n.º 37), “Un valente xastre” (n.º 34), “O zapateiro rañoso” (n.º 37), “Astúcea dun labrego” (n.º 39), “Croquis” (n.º 54), “Unha escena nun café” (n.º 56) e “A casa da fame” (n.º 60).

41 Como compilador tamén nesta cabeceira deu a coñecer unha colección de trinta cantigas que foron saíndo ao longo dos meses de febreiro e marzo de 1890 na sección “Cantares”.

42 Serie que viu a luz dende o número 1 até o 41, na que en diferentes capítulos vai degrañando pormenorizadamente a vida de San Froilán, patrón da cidade de Lugo.

43 Artigo no que denuncia o prexuízo dos galegos que desprezan a súa lingua e a súa cultura, fronte ao interese que esta está despertando en intelectuais como o alemán Juan Fastenrath, que publicara a obra *Catlanische Troubadourae de Gegenr Wart (Trobadores catalanes contemporáneos)*. Reproduce algúns parágrafos do prólogo desta obra, publicada en castelán na revista *La España Regional*, nos que canta a beleza da lingua galega e refírese á calidade de poetas como Rosalía de Castro ou Francisco Añón. Montenegro contrapón a actitude deste estudioso alemán coa de Juan Valera, que negaba a literatura galega, e refírese ao interese por esta literatura entre outros estudiosos de países como Italia, Francia ou Inglaterra (n.º 39, 28-VI-1890, pp. 307-308).

44 Ver a produción narrativa en galego deste autor en VV.AA., *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 2003, pp. 197-202. N’*A Monteira* felicítaselle pola súa licenciatura en Dereito Civil, Canónico e Administrativo no número 39 (28-VI-1890), dentro do apartado “De todo un pouco”.

45 A descrición deste pazo e da liñaxe dos seus propietarios dende que fora fundado no século XVII até o momento no que quedou en mans da viúva e fillos de Amador Montenegro

Montenegro-López naceron nove fillos, dos que dous morreron a moi curta idade, e que recibiron os nomes de: Henrique, Amador, Xaquín, Pilar, Rosario, Áurea e Pura, estas dúas últimas relixiosas salesianas.

Neste ano de 1891 colaborou en medios como *Galicia Recreativa*⁴⁶, na que ven a luz as fábulas “O sapo ia cobre”⁴⁷, “Todos igoales”⁴⁸ ou “As tecras igoalitarias”⁴⁹, composicións que adiantan o que será a segunda obra poética de Amador Montenegro, *Fábulas y epigramas*⁵⁰ (1892), un conxunto de vinte fábulas e sete epigramas en lingua galega. Este compendio gozou de boa acollida entre a intelectualidade galega do momento, como pon de manifesto a “Nota bibliográfica”⁵¹ asinada por F.P., siglas que corresponden a Francisco Portela Pérez. Nela destaca que “O seu estilo craro ia súa forma correuta e delicada, deleita e pon a contrebueción o talento do xoven esquirtor”. Repasa o contido da obra e destaca algunhas das fábulas que considera de maior calidade, mentres que dos epigramas lamenta que non sexan máis. Considera

Saavedra ofrécea José Espinosa Rodríguez en *Tierra de Frago* (*Notas para la historia de Vigo y su comarca*), Vigo: Instituto de Estudios Vigueses, 1949, pp. 412-413.

46 Revista pontevedresa que publicou moitos textos poéticos en lingua galega e na que viu a luz a composición do poeta Galo Salinas Rodríguez titulada [“No chan de xionllos”] (n.º 43) que está dedicada a Amador Montenegro. Nela evócase a figura dunha nai que chora e reza pola saúde do seu fillo enfermo. O propio Montenegro deu a coñecer ao longo deste ano nesta cabeceira os poemas [“Ó ver á humanidade que con empeño”] (n.º 26), “¡Probe!” (n.º 28), que tamén vería a luz en *Follas Novas* da Habana (n.º 286, 23-XI-1902, p. 2); [“Cruza o raio a inmensidad”] (n.º 40), “Propóseto a medias caída segura. Fábula” (n.º 41), “O barbeiro io cego” (n.º 43) e a composición en castelán “La vida en la muerte” (n.º 22), subtitulada “A.P.”. Neste mesmo ano atopamos en *La Patria Gallega* (n.º 5, 30-V-1891) o artigo en castelán “Canta y no llores”, no que critica aos que “envilecen y aniquilan” Galicia.

47 N.º 25 (1-IV-1891).

48 N.º 32 (10-VI-1891).

49 N.º 36 (10-VIII-1891).

50 Lugo: Emp. de Xerardo Castro, da Rúa Cruz, 18 baixo. Segundo aparece publicado en “Balance literario”, que asinaba Enrique Nagere (pseudónimo de Uxío Carré Aldao, aínda que por veces emprega tamén o anagrama Eurico Nagere) en *El Eco de Galicia* (n.º 51, 20-III-1893). Esta obra foi publicada en 1891 pero non saíu ao mercado até 1892. De feito, en *Galicia Recreativa* aparece inserido na contracuberta do n.º 13 (11-XI-1892) o anuncio do volume, no que se explica que consta de máis de oitenta páxinas, que contén unha variada colección de fábulas e epigramas, como indica o propio título, e que está á venda na casa do autor (Placer, 12-Vigo) e na librería de El Siglo, na Praza da Constitución de Pontevedra ao prezo de unha peseta. Tamén se sinala que para os subscritores de *Galicia Recreativa* o prezo é de dous reais e que poden adquirir a obra na Administración do propio xornal. Un anuncio este que aparece tamén, segundo puidemos comprobar, nos números 14 e 15 desta revista.

51 *Galicia Recreativa*, n.º 14 (26-XI-1892).

como o maior dos méritos da obra o feito de ser a primeira escrita en lingua galega no seu xénero e remata felicitando o autor, á vez que manifesta a súa ansiedade de que este dea a coñecer as dúas obras que ten en preparación: *Muxicas e folerpas* e *Contos do meu país*, das que adianta que son recolleitas de contos da tradición oral. Malia as nosas pescudas, non temos constancia, polo de agora, de que estes dous títulos chegasen a ver a luz. Por outra parte, Enrique Nagere considera que as fábulas non “son de desdeñar” malia non poder comparalas coas de La Fontaine. Dos epigramas considera que son ben poucos, aínda que valora que non recorra Montenegro ao “máis descarnado naturalismo” para causar efecto, como di que fan outros poetas galegos, demostrando este autor o ben que se presta “nuestro dialecto por este género de composiciones”.

A posterior recepción crítica deste segundo volume foi máis favorábel que con *Muxenas*, pois como se pode constatar nas diferentes historias literarias, tense considerado unha das mellores obras do autor. Así, Ricardo Carballo Calero⁵² sinala que nestas composicións “o verso é máis fluído, o ritmo máis firme e a locución máis segura”; Anxo Tarrío Varela⁵³ apunta que se trata dun “feixe de fábulas que vén cubrir un baleiro grande na nosa literatura” e Dolores Vilavedra⁵⁴ di que recolle poemas de maior calidade que a obra anterior.

Son moitos os estudosos que, por estes anos, lle atribúen a Amador Montenegro a dirección do diario vigués *La Razón*. Entre eles, José M^a Álvarez Blázquez⁵⁵, que apunta que o noso autor puxo en marcha este semanario na cidade de Vigo en 1889 e, segundo recolle de José Espinosa Rodríguez (*Faro de Vigo*, 12-XI-1952), trátase dun órgano “defensor del catolicismo”. Pola súa parte, Santos Gayoso⁵⁶ engade que esta publicación cesou nalgún momento, despois de 1894, e que comezou unha segunda etapa en 1896, ademais de indicar que se editaba na imprenta da Editorial Galaica da rúa Elduayen. Así mesmo, apunta que, á parte da defensa do credo relixioso que xustificou a súa publicación, dedicaba preferente atención ás cuestións agrarias e aos proble-

52 *Op. cit.*, p. 477.

53 *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, n. 120, 1994, p. 179.

54 *Op. cit.*, p. 390.

55 “La prensa periódica viguesa en el siglo XIX” en *Vigo en su historia, op. cit.*, p. 548.

56 *Historia de la prensa gallega (1800-1986)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, Cuadernos do Seminario de Sargadelos, n.º 52, 1990, p. 291.

mas do campesinado galego, temática que sabemos atendeu durante toda a vida Montenegro Saavedra. Os datos referentes ao lugar e data de publicación deste semanario (Vigo, 1889) son corroborados por Gerardo González Martín en *La Voz de Galicia* (12-VI-1988, p. 34), aínda que, sorprendentemente, nun artigo publicado neste mesmo xornal uns anos despois⁵⁷, o mesmo González Martín apunta que a vida do semanario vigués transcorreu entre o 18 de abril e 5 de outubro de 1894, datación que ofrece tamén Amador Montenegro López⁵⁸, o que nos leva a considerar máis probábel esta hipótese, posto que en 1889 Amador Montenegro Saavedra residía en Lugo, onde xa dirixía *A Monteira*. Un dato que nos parece tamén de interese é que, segundo González Martín, Montenegro Saavedra sería un dos donos da imprenta Galaica, responsábel da edición de *La Razón*, na que tiña como socio a Enrique Fandiño.

Outra empresa xornalística á que se vincula a Amador Montenegro é ao semanario *Galicia agrícola, comercial e industrial*⁵⁹, que botou a andar o 1 de febreiro de 1895 en Vigo. Na Real Academia Galega consérvase até o número 30 (29-VIII-1895), pero nestes exemplares consultados non constan os nomes nin do director nin dos redactores. Estudiosos como José M^a Álvarez Blázquez⁶⁰ atribúenlle un papel importante na dirección a Amador Montenegro Saavedra, feito que non se ten podido constatar.

Ao longo da década dos noventa, atopamos colaboracións de Montenegro en publicacións como *Galicia Recreativa*⁶¹, *Galicia*⁶² (A Coruña, 1887), *El Eco de Galicia*⁶³ da Habana, *El Eco de Galicia*⁶⁴ de Bos Aires, *Follas Novas*⁶⁵ da Habana ou *Galicia Moderna*, revista pontevedresa coa que mantivo unha frutífera relación iniciada coa publicación do seu conto “Os gatos endemoneados” (n.º 15, 1-XII-1897)⁶⁶.

57 “Leopoldo Nóvua y Luis Sacua, vidas paralelas de dos fotógrafos del XIX”, *La Voz de Galicia*, “Memoria de Vigo”, 26-IX-1993, p. 29.

58 “La prensa en Vigo”, en *Historia íntima de Vigo*, edición do autor, 1990, p. 286.

59 Levaba como subtítulo “Revista semanal consagrada al estudio y la defensa de la agricultura, la industria y el comercio en Galicia, y muy especialmente al fomento de la viticultura y reconstitución de los viñedos atacados por la filoxera”. Tiña as oficinas na Estrada de Baiona, 53 baixo e imprimíase no establecemento tipográfico do Faro de Vigo.

60 *Op. cit.*, p. 553.

61 Revista na que viron a luz os contos “Polos niños (Escena infantil)” (n.º 44, 8-III-1892) e “As formillas” (n.º 1, ano II, 8-V-1892); os poemas “Está no mundo soila, certa noite” (n.º 46), [“Según contan é Mariano”] (n.º 47), un poema que xunto con [“Mitida nun ataud”] foi reproducido tamén en *La Ilustración Gallega*, n.º 4 (1-VI-1911); “A virxen da Guía” (n.º 3,

En 1897, Amador Montenegro publicou en Lugo un novo volume, *Fábulas galaico-castellanas*⁶⁷, edición que se revisa e se amplía sobre a aparecida en 1892 baixo o título de *Fábulas y epigramas*. Contén corenta e cinco fábulas en galego e vinte e oito en castelán. Aparecen precedidas dun breve prólogo do autor titulado “Por decir algo”, no que explica a orixe da súa querenza por este xénero, alude a algúns dos seus cultivadores máis destacados e manifesta a admiración que lle merecen figuras como Esopo, Fedro, La Fontaine, Tomás de Iriarte ou Félix M^a Samaniego. Un dos aspectos máis destacados tanto desta obra coma da súa predecesora, na opinión de Blanca-Ana Roig Rechou⁶⁸, é que apareceron nun momento histórico no que a produción de literatura infantil e xuvenil era practicamente inexistente e con elas parece que Amador Montenegro quere “introducir fábulas en galego no sistema educativo, retomando unha das tendencias xa asentadas noutras literaturas, pois só se utilizaba

ano II), [“Seu honor defendeu ia súa concéncea”] (n.º 4), poema que apareceu en *La Ilustración Gallega* (n.º 13, 15-XII-1911); e “Queixa louca” (n.º 9), ademais do artigo titulado “Una idea suelta” (n.º 7-8, 8-VIII-1892), no que Montenegro reivindica a importancia da figura do Padre Sarmiento.

62 Revista dirixida por Andrés Martínez Salazar, na que dá á luz os contos “Pozo negro” (n.º 4, outubro 1892) e “O xastríño arrieiro” (n.º 10, abril 1893), ambos reproducidos en *El Eco de Galicia* de Bos Aires en 1908.

63 Revista na que publica o epigrama “O méreto debaixo” (n.º 551, 14-I-1893), reproducido en *El Eco de Galicia* de Bos Aires (n.º 57, 20-V-1893).

64 Nesta cabeceira publicou en 1895 o conto “Luz d’un rayo”.

65 Revista na que dá á luz o longo poema en castelán “¡Esperanza” (n.º 111, 16-VII-1899).

66 Colaboración que seguiría ao longo dese mesmo ano con títulos como “Marecutiña” (n.º 16, 15-XII-1897) e no seguinte cos relatos titulados “Ir por lan...” (n.º 17, 1-I-1898), “O pelexo dun santo” (n.º 18, 15-I-1898), “Terra na Habana” (n.º 20, 15-II-1898), “Unha instáncia aproveitada” (n.º 21, 1-III-1898), “A raposa io sapo” (n.º 23, 1-IV-1898), “A louca da praia” (n.º 24, 15-IV-1898), “A fame de San Pedro” (n.º 25, 1-V-1898) e “Pago por pago...” (n.º 26, maio-1898). Nesta mesma revista tamén deu á luz os poemas “[Muchadas as verdes follas...]” (n.º 17, 1-I-1898) e o longo poema narrativo “Unha vella agradecida: conto” (n.º 19, 1-II-1898, pp. 5-8).

67 Ricardo Carballo Calero (*op. cit.*, p. 485) data erroneamente este volume no ano 1917, como xa apuntou Luís Alonso Girgado no prólogo a *Fábulas galegas e outros poemas* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Didáctica, Metodoloxía e Materia, 1991, p. 15), probablemente por confusión coa edición de 1927, realizada pola Imprenta Palacios de Lugo.

68 “La literatura infantil y juvenil en Galicia”/ “A literatura infantil e xuvenil en Galicia”, en Darío Villanueva Prieto e Anxo Tarrío Varela (coords.), *La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/ A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e traducción*, A Coruña: Hércules Ediciones, 2002, cap. 8, pp. 383-502, ou en “Os inicios da literatura infantil e xuvenil galega”, *Para entenderlle mellor: Boletín Galego de Literatura*, n.º 32, segundo semestre 2004, pp. 141-167.

a fabulística en castelán”. Este argumento pode reforzarse no propio prólogo autorial que presenta a segunda obra, no que Montenegro afirma expresamente: “Quero que os meus libros poidan lelos teus fillos, cómo os meus os len”⁶⁹.

En 1898 temos coñecemento do seu traslado a Tui, de modo temporal, segundo unha nota que aparece o 19 de xullo deste ano en *La Concordia*, na que se fai eco de que no xornal tudense *La Integridad* se anuncia que Amador Montenegro trasladou a esta vila a súa residencia, aínda que non alude ás causas desta mudanza.

En maio de 1902 representou á Cámara de Comercio de Vigo no Congreso Gandeiro celebrado en Pontevedra. O papel que desenvolveu Montenegro neste evento foi tan brillante que os directivos da corporación mercantil deixaron constancia da súa satisfacción nunha acta da institución, na que se sinala que

...en el Congreso Ganadero celebrado en la Capital de esta provincia en todas cuyas sesiones intervino personalmente defendiendo como es notorio, con acierto y brillantez los intereses de la ganadería y el mejoramiento de la agricultura de esta Región y dando cuenta a este Centro del desempeño de su cometido por medio de un luminoso escrito que mereció el unánime elogio de la junta (Folio 174).

Tamén neste ano deu a coñecer o poema “Brétemas” no xornal *Santiago*⁷⁰, unha publicación na que aparece como colaborador no terceiro número, pero na que só se localizou esta composición.

En 1903, a Cámara de Comercio decidiu o seu nomeamento como socio de honra e, pouco despois, chegou a súa elección como secretario, función que exerceu durante os anos 1904 e 1905, nos que era presidente José Ramón Curbera.⁷¹ Vinculado con temas agrícolas sacou do prelo a obra *Causas generales de la decadencia agrícola en Galicia*, publicada en Lugo en 1903, á que seguirían outros volumes sobre esta mesma temática.

69 Tamén a súa experiencia como docente no colexio da Concepción de Vigo pode ter influído neste interese, com sinala Luís Alonso Girgado, *op. cit.*

70 N.º 5, 27-VII-1902.

71 Gerardo González Martín, *Cien años de interés por Vigo*, Vigo: Cámara de Comercio, Industria y Navegación, 1986.

Nos primeiros anos do século XX Amador Montenegro seguiu colaborando con publicacións como *Galicia*⁷² da Habana, *Galicia. Revista ilustrada*⁷³ ou *Galicia*⁷⁴ (1908).

O 21 de marzo de 1907 a Real Academia Galega aprobou por unanimidade a proposta de facer académico a Amador Montenegro, que ocuparía a cadeira de Arturo Vázquez Núñez⁷⁵. Esta decisión foi referendada co seu nomeamento o 29 de abril dese mesmo ano con vinte e oito votos favorábeis e tres en branco. O acto de toma de posesión tivo lugar en Santiago de Compostela o 13 de decembro de 1909. Un dos feitos que destacan a figura de Amador Montenegro Saavedra é o ter sido o primeiro que leu o seu discurso de ingreso integramente en lingua galega. Levaba por título “Alma da poesía gallega”⁷⁶ e foi contestado, tamén en galego, por Juan Barcia Caballero. Fundaméntase en “probar que na Fe, na Patria e no Amor hase de inspirar o poeta gallego pra merecer de tal o nome, para ser eco dos sentimentos do país,

72 Revista na que publicou composicións como “[Si Dios os fixo de cote...]” (n.º 28, 10-VII-1904, p. 3).

73 Revista na que deu á luz composicións poéticas como “¡Maldición!” (n.º 3, 1-II-1908), “A Horfiña. Balada” (n.º 11, 1-VI-1908) e “Camiño do Medulio” (n.º 20, 1-X-1908, pp. 365-366).

74 Nesta revista, que editou unicamente dous fascículos con motivo da conmemoración do aniversario da Guerra da Independencia, aparece inserida a composición poética de Amador Montenegro titulada “Onte e hoxe” (fascículo 2º, 30-V-1908, p. 44).

75 Xornalista e escritor que naceu en Ourense en 1852 e que cursou estudos de Medicina en Santiago. Foi funcionario do Ministerio de Gracia y Justicia en Madrid, traballou na Tesorería de Hacienda de Ourense e entre 1887 e 1891 exerceu como mestre interino de Lingua francesa no Instituto desta cidade. Foi un dos corenta numerarios fundadores da Real Academia Gallega, membro correspondente da Academia da Historia, socio de mérito da Sociedad Arqueológica de Pontevedra e membro da Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense, onde desenvolveu un importante labor. Como xornalista colaborou en abondosos xornais e revistas tanto de Madrid coma de Galicia, entre eles en *Heraldo Gallego*, *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* ou *O Tío Marcos da Portela*. Como escritor colaborou con Valentín Lamas Carvajal na *Catecismo do labrego* e compuxo algunhas poesías de tipo satírico-costumistas en galego e castelán. Nos últimos anos da súa vida dedicouse aos estudos arqueolóxicos e epigráficos. Foi autor de obras como *Almanaque humorístico de Galicia para 1878* (1877), *Efemérides de Galicia* (1878) ou *Guía del viajero en Orense*, entre outras. Morreu na súa cidade natal en 1907 (vid. *Diccionario sistémico literario do Rexurdimento*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (en proceso de edición).

76 Este discurso foi publicado no *Boletín da Real Academia Gallega*, n.º 35, volume 3, A Coruña, 1910, pp. 241-246. Un fragmento tanto do discurso coma da contestación foi recollido por Eugenio Carré Aldao en *Literatura gallega* (Barcelona: Maucci, 1911, pp. 492-495) e reproducido integramente en *Prosa galega, I. Desde os primeiros oitocentistas ao Grupo Nós*, da Cátedra de Lingüística e Literatura galega da Universidade de Santiago (Vigo: Galaxia, 1976-1980).

pra poñerse en condicións de que o escoiten”⁷⁷. Neste discurso, despois da *captatio benevolentiae*, comeza denunciando o caciquismo, chama a atención sobre o importante labor que lle corresponde á mocidade para facer unha sociedade mellor e manifesta a súa preocupación ante a visión que ten dela, pois percibe que vive de modo disoluto. Tamén reivindicada a importancia de figuras como Frei Martín Sarmiento ou o Padre Feijoo.

En 1911, involucrado na vida política de Vigo, foi elixido concelleiro desta cidade. Na prensa do momento, concretamente en *La Ilustración Gallega*⁷⁸, publicouse na sección “Intimidades” unha breve entrevista a Amador Montenegro, na que se desvelan trazos da súa personalidade, como por exemplo o seu gusto pola lectura e a importancia que lle daba ao carácter na personalidade do home ou á virtude no caso da muller. Así mesmo, refírese a Galicia para a que manifesta o desexo de que “sexa galega”. En *La Ilustración Gallega*⁷⁹ aparecen composicións poéticas como “A xeito de fábula”, na que se critica o tratamento que Castela lle dá a Galicia, e o texto narrativo en castelán titulado “El licenciado”.

En 1912 foi elixido bibliotecario da Cámara da Propiedade de Vigo, da que fora cofundador pola súa condición de propietario de fincas urbanas⁸⁰, aínda que en outubro deste mesmo ano a familia se trasladou a Lugo⁸¹. Nesa mesma altura tamén recibiu dous galardóns polo seu labor como compilador de materiais poéticos de transmisión oral, concretamente no certame celebrado o 23 de xullo en Santiago de Compostela, ao que presentara *Trabajo folk-lórico gallego*⁸², e no celebrado o 18 de setembro en Pontevedra pola súa *Colección de cantares gallegos recogidos de la tradición oral*.

77 *Ibidem*, p. 242.

78 N.º 11, 24-X-1911.

79 N.º 10, 1-X-1911 e n.º 8, 10-VIII-1911, respectivamente.

80 Entre elas a casa blasonada e de estilo barroco do número 8 da rúa Abeleira Menéndez, que data de entre o século XVII e XVIII. Esta propiedade foi obxecto dunha nota publicada no *Faro de Vigo* (5-V-1917), na que se dá conta da concesión dunha licenza municipal para modificar un oco.

81 A evocación desta viaxe en tren até Monforte, a descrición da residencia luguesa da rúa de San Pedro e o ambiente que lembra da Cidade das Murallas na chegada faina Amador Montenegro López en “De Vigo a Lugo”, *Lugo en el pasado, op. cit.*, pp. 33-34.

82 Este traballo foi publicado no *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo 9, n.º 103, 1916, pp. 154-161. Amador Montenegro dedicalle este estudo a Marcial Valladares, agradecéndolle algunhas notas sobre esta superstición galega na que se cre que, ao coñecer as “palabras retorreadas”, se pode un librar do Demo cando se atopa na súa presenza. Trátase dunha superstición estendida por diferentes lugares da Península, como o propio autor indica.

En 1917 publicou unha nova obra arredor de cuestións agrarias, que leva por título *Contra el mildiu, el oidio y el blac-root*⁸³, ademais de dar a luz o artigo “Iberia... ‘Espanha’”⁸⁴. Nel manifesta que está apartado do xornalismo pero que non quere deixar pasar a oportunidade de posicionarse en contra da idea separatista que propugna unha parte da intelectualidade. Considera que Galicia non debe arredarse de Castela para anexionarse a Portugal, senón que se debe buscar a aproximación de galegos e portugueses a través dunha “confederación de pobos libres”, na que Galicia abandone a actitude de vítima. Neste artigo tamén lembra o contacto entre galegos e portugueses, especialmente o producido durante unha confraternidade á que el mesmo asistiu en Vigo e na que se leron dúas composicións poéticas súas e unha do poeta portugués João Verde. Esta sensibilidade cara ao país veciño propicioulle apelativos como o de “Portugués honorario”, que segundo Gerardo González Martín⁸⁵, recibía de Pío Lino Cuiñas⁸⁶, cando en 1904 figuraba entre os que loitaban para propiciar a aproximación de Galicia e Portugal.

Na década de 1920 desenvolveu unha grande actividade política na cidade olívica, onde de novo foi concelleiro adscrito ás comisións de Ensinanza e Música, da Escola de Industrias e da especial de Consumos. Asinou en 1921 xunto con outros viguistas o manifesto que abriu paso á Liga de Defensores de Vigo, na que figuraban persoeiros como o arquitecto Manuel Gómez Román, e, nos primeiros meses de 1922, figuraba con notábel frecuencia entre os oradores daquela organización⁸⁷. Xa en 1923, durante a ditadura de Primo de Rivera, foi doutra volta concelleiro na corporación polo grupo

83 Segundo Antonio Couceiro Freijomil, en *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol. II, Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1952, p. 432, esta obra coñeceu unha segunda edición no volume I da “Biblioteca de vulgarización agrícola”, que había de abranger ademais *La poda, Los abonos y sus milagros, Medicina de urgencia en el campo e Veterinaria*.

84 N^o A *Nosa Terra* (n.º 32, 30-IX-1917).

85 “Amador Montenegro, un hidalgo poeta y periodista”, *La Voz de Galicia*, 12-VI-1988, p. 34.

86 Xornalista vigués que participou asiduamente na prensa local con traballos en galego e castelán, algúns deles baixo os pseudónimos de *Ambrosio* e *El Huérfano de Bembrive*. Foi autor do himno a Vigo que en 1907 lle encargou este Concello e que musicou Reveriano Soutullo, ademais de ter publicado composicións como “Vieras do mar”, “Primavera” ou “Tristuras”. Cultivou tamén o verso humorístico e, segundo Amador Montenegro López (*op. cit.*, p. 300), foron notábeis as polémicas festivas co pai deste, Amador Montenegro Saavedra, na prensa viguesa da altura.

87 Bernardo Bernárdez Romero en *Tratado de... “Viguismo” o resumen histórico comentado de los últimos años de la monarquía española en Vigo (1921 a 1931)*, *op. cit.*, pp. 80-82.

liguista do alcalde Adolfo Gregorio Espino, formada o 5 de decembro deste ano, para en 1926 aparecer como tenente alcalde da cidade.

En 1927 asinou o artigo “Precursores de la aviación en Vigo”, que figura no libro *Vigo en 1927*, promovido por Xosé Cao Moure, no que se achega a un tema que naquel intre espertaba moito interese, fíxándose nalgúns persoeiros vinculados con esta cidade⁸⁸. Neste mesmo ano viu a luz a segunda edición da súa obra *Fábulas galaico-castellanas*, como xa indicabamos.

Ao longo dos anos vinte seguiron publicándose poemas da súa autoría, como os aparecidos en *El Compostelano* e titulados “Os pescadores” e “As dúas estatuas”⁸⁹. Tamén colabora en publicacións como *El libro de oro de Lugo y su provincia* (1929), no que asina un artigo titulado “Lugo ayer y mañana”⁹⁰. Trátase dun breve repaso polos feitos que determinaron a marxinalidade da Cidade das Murallas, e de Galicia en xeral, dende a época da Reconquista, á vez que ofrece algunhas notas sobre a situación que se vive no momento e as carencias que detecta, especialmente no terreo das comunicacións.

Amador Montenegro Saavedra morreu en Lugo o 22 de setembro de 1932 deixando na mesa proxectos como “unha serie de contos galegos, un tratado de filosofía popular, un estudio de carácter histórico encol da figura do Pai Feijóo e un documentado índice de apelidos gallegos de orixe xudea”⁹¹. Pola información que nos ofrece na súa última páxina o volume da segunda edición de *Fábulas galaico-castellanas*, do ano 1927, sabemos que Montenegro Saavedra ía publicar en breve *¡Sonlle contos!...*, *Los abonos (dialogado)* e *Filosofía en gránulos*, do mesmo xeito que indica que tiña en preparación *La poda*, *El P. Feijóo en sus obras*, *Supersticiones gallegas* e *Los apellidos galle-*

88 Gerardo González Martín (*op. cit.*, p. 34) fai unha breve achega biográfica ao noso autor, reproduce algúns parágrafos deste artigo nos que se refire especificamente á cidade de Vigo e, en columna á parte, fai un amplo repaso ao seu labor na vida pública da cidade. Este mesmo autor tamén se detén na figura de Montenegro en “*Periodistas, impulsores del viguismo 1874-1923: El “Noventa y ocho” y otros hitos locales*, Vigo: Instituto de Estudios Viguenses, pp. 313-314.

89 Do 25-X-1928 e do 2-I-1929, respectivamente.

90 José Cao Moure (ed. e dir.), Vigo: Edit. P.P.K.O., 1929, pp. 102-103.

91 Indalecio Varela Lenzano, “Amador Montenegro Saavedra” en *Boletín de la Academia Gallega*, n.º 244, 1-X-1932, pp. 73-74.

gos. Consideramos, ao igual que Modesto Hermida⁹², que *Probas negativas* e *Contos do meu país* nunca se chegaron a editar.

A relativa fortuna literaria de Amador Montenegro Saavedra constátase na reprodución de textos da súa autoría en diversas publicacións periódicas, anos despois da súa morte, tales como *O Gaiteiro de Lugo*⁹³ ou tamén en volumes colectivos como en *Antología de fábulas*⁹⁴.

92 *Op. cit.*, p. 144.

93 No que se publicou o poema “A Terrachá” (1937, p. 15).

94 César Armando Gómez ofrece neste volume (Madrid: Editorial Labor, col. Grandes Antologías Labor, 1969, tomo II) unha recompilación de fábulas en catalán, castelán e galego. Entre os autores galegos presentes atópanse figuras como Francisco Añón, Valentín Lamas Carvajal ou Eugenio Carré Aldao, pasando por Victoriano Taibo e Ramón Cabanillas até José Crecente Vega e Luís Pimentel, entre outros. De Amador Montenegro Saavedra aparecen antologadas as composicións “Os pés y-a cabeza”, “O sapo y-a cobre”, “O prenunciamento”, “Os contrareos” e “O méreto debaixo” (pp. 629-630).

II. Obra narrativa en galego

Na segunda metade do século XIX, a intelectualidade galega comezou a sensibilizarse pola literatura popular autóctona, despois de que fora cortexada polos sectores cultos foráneos. Esta actitude favoreceu iniciativas destinadas á súa recuperación e revalorización, que, en palabras de Domingo Blanco Pérez⁹⁵, salvaron “do esquecemento e da desaparición definitiva unha parte fundamental do patrimonio literario oral de Galicia”. Un dos nomes propios operativos nesta liña é o de Amador Montenegro Saavedra, que toma da literatura popular o alimento para o seu quefacer como compilador, investigador e escritor. Destacan, especialmente, as súas actuacións no eido narrativo por engrosar o volume de material conservado nunha das grandes modalidades da literatura popular, a *literatura para dicir*, da que se gardan menos textos e noticias que da *literatura para cantar*.

Lembremos que o seu ciclo narrativo, inaugurado con “A gratitú dun fillo” (1888) e clausurado con “Pago por pago...” (1898), se salda cun total de trinta e dous títulos. Estas mostras orixinais e as súas posteriores reproducións modificadas, que datamos até o ano 1908, contaron cun espazo reservado en distintos xornais e revistas do momento, que, ademais de teren sido instrumentos de propagación de información e opinión, desempeñaron un papel de suma relevancia na conformación do sistema literario galego. As páxinas de cabeceiras como *Galicia Humorística*, *Galicia Recreativa*, *El Eco de Galicia* da Habana e Bos Aires, *Aires d’a Miña Terra*, *Galicia*, de Andrés Martínez Salazar e, sobre todo, *A Monteira* e *Galicia Moderna*, foron testemuñas da creación narrativa en galego de Montenegro Saavedra, que podemos dividir en tres grandes apartados.

En primeiro lugar, están aqueles relatos nos que hai unha alusión explícita á súa procedencia popular, a través do título ou doutros elementos indicativos externos ao propio texto e que a instancia autorial somete ao seu estilo de escrita persoal. Referímonos a “Pozo negro. (Tradición gallega)”, “Contos populares gallegos. A raposa io sapo”, “A fame de San Pedro. Conto popular gallego” e “Pago por pago... Conto popular gallego”, así como a “A gratitú dun fillo”, “Antón o sempre”, “O zorro io galo”, “Remédeo contra a fame”, “A manda”, “Un valente xastre” e “O zapateiro rañoso”, que foron propiciados “Pola recolección”. O segundo apartado é o máis extenso e confórmano pezas

95 *Historia da literatura popular galega*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, col. Biblioteca de Divulgación, n.º 14, Serie Galicia, 2000 (1ª reimpresión), p. 143.

confeccionadas a partir dos patróns da literatura popular en canto ao asunto, personaxes, ambientes, usos lingüísticos ou outros mecanismos discursivos. Por último, o terceiro apartado acolle os relatos “Aparéncia e realidade”, “Croquis” e “A luz dun raio”, nos que o autor desprega as súas capacidades e destrezas discursivas máis libremente, por non someterse a ningún esquema narrativo con pautas marcadas.

Paratextos

Entre os paratextos destes relatos, cómpre deterse nos máis relevantes pola información que nos ofrecen: os títulos, as dedicatorias, as sinaturas, as instancias prefaciais e as notas. Se atendemos á clasificación de Gérard Genette⁹⁶, podemos englobar os títulos en dous grupos. Por unha parte, estarían os de carácter temático, que reflicten elementos da diéxese das obras que designan, como poden ser certos obxectos, personaxes, feitos, lugares, ditos ou frases. A este grupo pertencen os títulos “Aparéncia e realidade”, “Antón o sempre”, “O zorro io galo”, “A primeira consulta”, “A picardía dun esquirbano”, “Remédeco contra a fame”, “A manda”, “Un valente xastre”, “Astúcea dun labrego”, “A casa da fame”, “Pois... non me conformo”, “As formillas”, “O xastriño-arrieiro”, “A luz dun raio”, “Marecutiña”, “Ir por lan e...”, “O pelexo dun santo”, “Terra na Habana”, “Unha istáncia aproveitada” e, finalmente, “A louca da praia”. Fronte a estes títulos, temos aqueloutros de carácter remático, que fan referencia ao xénero da obra, dun xeito directo ou figurado, e dos que só temos mostra en “Conto heráldico (?)”, “Croquis” e “Unha escena nun café”.

Mención á parte merecen os enunciados complexos constituídos por un título principal e un secundario, que, á súa vez, se pode desdobrar en segundo título ou subtítulo. En “Os gatos endemoneados”, o título principal está unido pola conxunción *ou* ao secundario, “A argúcea da ama dun abade”, que funciona como un segundo título e que mantén unha relación de coordinación con respecto ao principal, situándose nun mesmo nivel lingüístico. A un nivel diferente están os títulos de “A gratitú dun fillo. (Conto)”, “A viutórea dun borracho. (Lenda da Guerra da Independéncia)”, “Polos niños”. (Escena infantil), “Pozo negro. (Tradición gallega)”, “Contos populares gallegos. A raposa io sapo”, “A fame de San Pedro. Conto popular gallego” e “Pago por pago... Conto

96 G. Genette, *Seuils*, París: Éd. du Seuil, 1987.

popular gallego⁹⁷, nos que o título principal está acompañado do secundario, que, nesta ocasión, designamos subtítulo por facerse eco do xénero ao que pertence o texto. Por veces, esta especificación xenérica está complementada pola indicación da lingua escolleita para a escrita, o que axuda a inscribir a obra na corrente galeguista, polo que se produce xa dende o título “unha interlocución directa cun público lector ben determinado: o comprometido coa causa”⁹⁸. A aparición nos subtítulos da forma castelá “gallego” non debe de estrañarnos, posto que foi maioritaria antes da fundación das Irmandades da Fala (1916).

Outra información que nos fornecen os elementos verbais iniciais aparece so os títulos, como é o caso de “Croquis”, que forma parte “Dun libro titulado *Probas negativas*, en porparación”; e de “O xastriño-arrieiro”, do que se nos indica que é “Do libro ‘Contos do meus país’, prúximo a publicarse”. Pese a estas mensaxes publicitarias, non hai constancia da súa existencia, o que nos leva a pensar que estamos ante dúas obras ideadas e anunciadas pero non concluídas, como xa comentamos.

O ofrecemento dos relatos a un dedicatario humano non é un recurso sistemático en Montenegro Saavedra, aínda que o seu emprego non deixa de ser singular. En liña cos tópicos máis habituais, ofrécelles a destinatarios privados, cos que o unen un certo vínculo afectivo e dos que acentúa as súas cualidades, os textos de “Croquis” – “Ó meu amigo o distinguido esquiretor e inspirado poeta, Manoel Amor Meilán”–, “Polos niños” – “Ó meu amigo o poeta Salinas Rodríguez”⁹⁹–, “A luz dun raio” – “Ó meu amigo o honrado mariñeiro ‘Francisco’– e “O zorro io galo” – “Ó señor don Ánxel Mansi. Director xeneral de comunicaciós”. Esta última dedicatoria é ampliada nas liñas iniciais, que se singularizan polo seu marcado ton irónico e por estaren asinadas polo Recolector:

97 A partir de agora, só nos referiremos aos textos co seu título principal.

98 Goretta Sanmartín Rei, *Lendo nas marxas. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Espiral Maior Universitas, 2002, p. 30.

99 Tamén temos constancia desta amizade a través do artigo “Galo Salinas y Rodríguez” (*La Tierra Gallega*, n.º 39, 14 outubro 1894), no que M. Castro López se refire á presenza de Amador Montenegro na velada de homenaxe a Galo Salinas, que tivo lugar en Pontevedra no mes de agosto de 1881.

Siñor:

Nin o conoso nin o vin na miña vida; pro como do que falaron o zorro io galo deste conto, pódese sacar algo pró millor orden do ramo que vostede dirixe, tómase a libertá de adicarllo.

De feitura similar resulta a dedicatoria de “Astúcea dun labrego”, pois a máis breve e directa “Ó meu quirido maestro e respetable amigo D. Primo Castro Pita”, complementase no derradeiro parágrafo do texto, no que tamén se alude á fonte de procedencia da historia e se mostra unha actitude de humildade, así como de subordinación con respecto ao dedicatario. Todos estes elementos son propios do prólogo, ora ben, a súa posición na conclusión do texto inclínanos a falar, en certo modo, dun breve epílogo:

Como xa dixen, ouvín este soceso máis dunha vez a presoa pra min veraz; pro si hai no seu relato algunha inesautitú, perdónenme os fillos do insine gallego, a un dos que, é meu catredático no Istituto, adico estes probes ringuilós, como debre mostra do afeuto sinceiro que vive sempre entre o catredático celoso io discípulo agradecido.

A resolución da trama é seguida nalgúns relatos por unhas liñas conclusivas, que tamén poderíamos incluír nos paratextos, que, como vimos de indicar, funcionan como unha especie de epílogos non exentos de moitas das características dos prólogos e, por veces, separados do texto por unha marca gráfica. Atopámoslos en relatos como “Conto heráldico (?)”, no que se declara a xénese da peza narrativa e as intencións do autor:

Quizabes outro día volveremos a atopalo; pro por hoxe cumprimos co noso ouxeto, que non era outro que espricar o porqué da lenda do dito escudo, astra hoxe no mistéreo ió mesmo tempo espresa-la nosa opineón sobre os nomes de *Infernño* e *Mourería* que levan algunhas calles e barrios de Santiago e Pontevedra e recordan sin duda auciúns do noso heroe.

Estes parágrafos epilogais, que se inscriben no ámbito da ficción, adquiren unha función específica cando explican o “que foi das personaxes despois dun lapso de tempo que xa non forma parte do texto”¹⁰⁰, como se pode

100 Goretti Sanmartin, *op. cit.*, p. 68.

ler en “Terra na Habana”, que incluso prepara o lector para unha presumíbel entrevista cun dos personaxes:

¿Queredes conocer o tío Pedro? Non é cousa dificultosa o botar co el un párrafo; mais non vos atente Xudas o preguntarlle polas casas que ten en Madrí, pola capa que mercou antes de se ir ou polo xamón en dulce, porque estonces verédelo relaxar e xurar coma un carreteiro.

En canto a Bertolo... por alá anda, é de sopoñer que administrando o millor que pode *as dez casas* do conto e coidando de que non se lle declare autonomista a cuba con que leva auga ás casas.

Xa por último, réstanos atender o relato “A picardía dun esquirbano”, que presenta unha dedicatoria de carácter múltiple, sumida nunhas liñas iniciais, tamén contaminadas por trazos prefaciais, xa que neles se dá conta da xénese do relato, o que nos anima a concederlles a categoría de breve prólogo:

Non fai moitos días que recibín unha carta dun apreceabre suscriptor, amigo meu, na que me mandaba un bon número de cantares gallegos prá colección que deles estou formando, cousa que abofellas lle agradeceín, e nunha P. D. dicíame o que sigue.

‘Meu bon amigo: si vosté quer dar-me gusto, faga o favor de publicar contos como o de *O zorro io galo* i *A primeira consulta*, lendo os que rimos ben a carón do lume na casa do señor Abade, fai tres noites’.

Desexando pagar ó meu amigo dalgunha maneira o traballo que se tomou mandándome canciós, púxenme a remexer na mamórea, e xa tiña de mentres non alcontrar nada, cando, non sei cómo, topei co que vou persentar ós leutores de A MONTEIRA, e que non é mintira, como pensarán algú. Ouvino a presoa non afeita a mintir ianque non teño o aquel que ela tiña pra cantalo, aló vai como salla.

Especial atención merecen os relatos “A viutórea dun borracho”, “Astúcea dun labrego”, “Croquis”, “Pois... non me conformo” e “Unha istáncea aproveitada”, que no seu inicio expoñen cuestións propias dun dos prefacios xa citados, o prólogo. En concreto, o seu contido relaciónase cos denominados “textos presentativo-afectivos”¹⁰¹, por incluír a razón que deu orixe ao

101 Goretti Sanmartín, *op. cit.*, p. 54.

relato, especificar o seu informante ou achegar datos biográficos do autor, quen alude ás manipulacións que exerceu nalgunha das narracións e tenta facerse cos favores do público lector por medio da *captatio benevolentiae*. Estas liñas iniciais adoitan estar separadas do texto literario propiamente dito por certas marcas gráficas –liñas descontinuas e asteriscos– moi concorridas na narrativa do Rexurdimento.

Outro dos constituíntes paratextuais de maior importancia son as sinaturas, que o noso autor acostuma estampar ao final dos relatos en forma de ortónimo. Así, parten do seu nome de rexistro civil abreviado as variantes Amador Montenegro Saavedra (doce relatos), A. Xaquín M. Saavedra (sete relatos), Amador Montenegro (seis relatos) ou A. X. M. S.¹⁰² (catro relatos). Ao pé destas sinaturas, apuntamos as iniciais A. e A. M., que poderían relacionarse con Amador Montenegro e que asinan catro mostras localizadas na narrativa finisecular. En concreto, a sinatura A. firma os relatos “O vapor que vai y-o vapor que vén”, d’*O Galiciano*¹⁰³; “Antón o simple”, d’*A Monteiro*; e “Unha festa gallega”, d’*El Regional*¹⁰⁴. Na procura da resolución deste enigma, damos con observacións como as de Modesto Hermida¹⁰⁵, quen lles asigna unha múltiple autoría:

Se considerámo-la diversidade temática e estilística, se considerámo-lo diverso medio no que foron publicados, podemos opinar, con fundamento, que estes textos non corresponden, todos tres, ó mesmo autor, se ben poderían corresponderlle os publicados na prensa luguesa.

Incluso os da prensa luguesa non parecen pertencer á mesma pluma, pois María Xosé Rodríguez Valcárcel¹⁰⁶ atribúelle o relato “Unha festa gallega”

102 En oposición ao apuntado por Modesto Hermida (*Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1995, p. 142), que dubida da adscrición da sinatura A. X. A. M. a Montenegro Saavedra, consideramos que se trata dun erro gráfico, pois estamos ante un relato estruturado en dúas partes, da cal a primeira ten como sinatura A. X. M. S., que son as iniciais que se corresponden con Amador Xaquín Montenegro Saavedra.

103 Parola 70, 15 xaneiro 1886.

104 7 outubro 1900.

105 *Op. cit.* pp. 184-185.

106 *Lingua e literatura galegas en “El Regional”*, Memoria de Licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1993.

a Aureliano Pereira no seu estudo sobre *El Regional* e nós, tras a lectura e análise persoal dos relatos de Amador Montenegro, adxudicámoslle a este o titulado “Antón o simple”. As razóns que avalan a nosa tese apóianse no feito de que este relato se inscribe no seu universo diexético, alén de estar publicado n’*A Monteira* –que lle serviu de plataforma de difusión a máis da metade das súas mostras de prosa– e de presentar a etiqueta “Pola recoleución” –rexistrada noutras das súas narracións e que funciona como un elemento paratextual de importancia, por indicarnos a procedencia do relato. Pola contra, non atopamos indicios que nos animen a relacionalo co relato da cabeceira pontevedresa, que estimamos de moi difícil atribución, xa que se trata dunha tradución ao galego do texto “El vapor que va y el que viene”, que recollera *Galicia Moderna*¹⁰⁷ sen sinatura, polo que A. podería estar referíndose ao artífice da tradución. En relación coas iniciais A. M. que aparecen n’*A Monteira* e que se responsabilizan dos textos “Aparéncia e realidade” e “A viutórea dun borracho”, Modesto Hermida¹⁰⁸ intúe que teñen relación con Amador Montenegro. O inscribírense nas súas coordenadas narrativas e apareceren na revista da súa dirección, incítannos a validar as intuicións do profesor ourensán, co que non compartimos a idea de que parte das firmas de Amador Montenegro poidan pertencer ao seu irmán e colaborador Anselmo Montenegro, por non termos coñecemento de ningún texto literario en prosa da súa autoría.

No que se refire ás notas de autor incorporadas nalgún dos textos, nelas solicítase material do acervo popular ou outórganse explicacións sobre certas palabras ou elementos da historia, así como informacións sobre os personaxes reais ou localizacións espaciais. Trátase dun monllo de comentarios que procuran facilitarlle a comprensión da obra literaria ao posíbel lector.

Por último, só queda referirmos ás ilustracións que acompañan os textos incluídos na publicación *Galicia Moderna*, todas elas do pintor Benigno Pereira Borrajo¹⁰⁹. Trátase duns debuxos nos que se ofrecen retratos de personaxes ou a recreación de paisaxes e escenas do narrado no texto.

107 N.º 34, 20 decembro 1885.

108 *Op. cit.*, 1995, p. 142.

109 Pintor nacido en Vigo en 1864 que gozou de moita fama e logo caeu no esquecemento, aínda que actualmente comeza a ser recuperado. Formouse en Madrid e foi discípulo de

Deseño editorial e temática para un nó

En canto á estrutura editorial, dicir que boa parte dos relatos de Montenegro se sostén no modelo tradicional de presentación, nó e desenlace, aínda que con certas variantes e matizacións duns a outros textos.

As liñas introdutorias acostuman mostrar os personaxes, dos que se trazan breves retratos; os lugares e espazos, nos que decorre a acción; ou o motivo da trama argumental, que, en ocasións, resulta ser un dito ou unha expresión da lingua popular. Noutras ocasións, como xa vimos, o espazo preliminar contén trazos relacionados coa estancia prologal. Alusión á parte merece o relato “Polos niños”, que arrinca dun modo abrupto coa intervención dos protagonistas e salfire posteriormente os ingredientes configuradores da súa trama.

Concluída a introdución, comeza a desenvolverse o cerne argumental das historias que, por veces, inicia con fórmulas anunciadoras moi recorrentes na literatura popular: “O día a que esta hestórea se refire” (“A primeira consulta”), “e vou ó conto, que é o que máis emporta (“A picardía dun esquirbano”), “quero soilo trasladar como poida ó papel un conto que ouvín cen veces” (“Un valente xastre”), ou “aí vai un conto, tal e como no fondo chegou ós meus ouídos” (“O pelexo dun santo”).

Os temas e asuntos dos que se nutre o miolo central das historias son múltiples e variados, aínda que comparten constantes que responden aos obxectivos do autor: recrear unha experiencia persoal, narrar unha anécdota humorística, mostrar unha ensinanza, loar as habilidades da xente do pobo ou describir un cadro dramático. En xeral, podemos dicir que o contido dos relatos responde a temas de carácter universal, nos que prima o realismo fronte ao fantástico ou marabilloso.

Joaquín Sorolla, de quen aprendeu a valorar os efectismos das contraluces e unha considerábel alegría. Concorreu ás exposicións nacionais de Belas Artes, nas que obtivo mencións honoríficas nas edicións de 1904, 1906 e 1908. Cultivou todos os xéneros, dende o retrato á composición de figuras, cun estilo seguro, sobrio e por veces próximo ao foldonismo imperante na súa época. A súa cidade natal foi obxecto de moitas recreacións paisaxísticas e excelentes retratos de personaxes que formaron parte da historia da cidade.

Se tentamos encadrar os textos en grupos temáticos, temos que dicir que os *contos literarios* de Montenegro, a excepción de “A luz dun raio”, son de carácter biográfico por facerse eco dos medos que lle provocan unhas sombras na súa xuventude, en “Aparéncia e realidade”, ou por ofrecer unha subxectiva e emotiva descrición de Monforte de Lemos, en “Croquis”. Maior dificultade presenta a tipificación dos seus *contos populares*, posto que se nos achegamos ás clasificacións de estudiosos como Stith Thompson¹¹⁰ ou A. Rodríguez Almódovar¹¹¹ para o conto popular, e Laureano Prieto¹¹², Vicente Risco¹¹³ ou Antonio Fraguas¹¹⁴ para o conto popular galego, comprobamos que a prosa de marcado cariz popular de Montenegro non se axusta a ningunha destas propostas. Isto levounos a artellar unha proposta propia, que se sustenta nos elementos nucleares da diéxese de cada unha das mostras.

En primeiro lugar, referímonos a aqueles relatos que denominaremos *de pillos*, nos que entre os protagonistas, homes ou animais, saen vencedores aqueles que atenden á súa intelixencia ou ao bo consello, a pesar de que poidan ser máis febles ou partir con desvantaxe. É de subliñar en moitos destes relatos a presenza dun forte compoñente humorístico e o cumprimento da sentenzia “o burlador burlado”. Inclúense neste grupo os títulos “O zorro io galo”, “A picardía dun esquirbano”, “Remédeo contra a fame”, “A manda”, “O zapateiro rañoso”, “Astúcea dun labrego”, “Os gatos endemoneados”, “Ir por lan e...”, “Unha istáncia aproveitada” e “A raposa io sapo”.

Opostos a estes e en menor número, estarían os relatos de *parvos*, nos que a simpleza, a obstinación, a covardía ou a torpeza dos protagonistas non lles propicia un bo fin, como acontece en “A gratitú dun fillo”, “Antón o sempre”, “A primeira consulta”, “Un valente xastre”, “Unha escena nun café” e “Pois... non me conformo”.

110 *Motif-index of folk-literature: a classification of narrative in folktales, ballads, myths, fables, medieval romances, exempla, fabliaux, jestbook and local legends*, Bloomington: Indiana University Press, 1955-1958, 6 vols.

111 *Cuentos al amor de la lumbre*, Madrid: Anaya, 2 vols., 1986.

112 *Contos vianeses*, Vigo: Galaxia, 1958.

113 “Etnografía: cultura espiritual”, en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Historia de Galicia*, Buenos Aires: Editorial Nós, 1962, tomo I, pp. 255-777.

114 “Contos”, *Enciclopedia gallega*, Santiago-Gijón: Silverio Cañada Editor, 1974, tomo 7, pp. 101-102 e Antonio Fraguas *et alii*, “Conto popular”, en Benxamín Casal Vila (dir.), *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada*, Lugo: El Progreso-Diario de Pontevedra, 2003, tomo 11 (cond-cort), pp. 90-92.

Un terceiro grupo constituiríanos os chamados relatos *da terra*, nos que se tratan algunhas das máis amargas experiencias vividas pola xente galega: a emigración, que non lle outorga a prosperidade e felicidade esperada aos protagonistas de “O xastriño-arrieiro” e “Terra na Habana”; a fame, que é tratada cun humor que se verbaliza no feito de os animais adquiriren o don da fala en “A casa da fame”; e, por último, a desgraza da muller, que á súa viuvez ten que sumarlle a terríbel perda do froito do seu ventre en “Pozo negro” e “A louca da praia” ou que incluso chega a entregar a súa vida ante o cadáver do seu fillo no encadrado como relato literario “A luz dun raio”.

A figura do neno deixa de ser secundaria e adquire un protagonismo primario nos relatos denominados *da infancia*, que reflicten tanto o seu lado máis traveso e pícaro en “Pago por pago...”, “Polos niños” e “As formillas”, coma o máis cándido na inocente e doce nena, que é reprendida por dirixirse á Virxe co nome que lle dá título ao relato “Marecutiña”. Son catro historias que, pese a non estar publicadas nun formato axeitado ás primeiras idades, se cinguen ao discurso infantil polos seus elementos constitutivos. Máis que na calidade discursiva, a importancia radica na data de publicación, o ano 1892, o que nos leva a situar estas pezas narrativas antes das consideradas obras inaugurais da Literatura infantil galega con pretensións estéticas¹¹⁵, *Margarida a d'o sorriso da aurora* (1927), de Evaristo Correa Calderón; *Conto de guerra* (1928), de Camilo Díaz Valiño; ou os recentemente rescatados contos de Vicente Risco¹¹⁶ do ano 1921. Isto outórganos, polo tanto, licenza para encadrar a Amador Montenegro entre eses precursores da nosa literatura para a infancia, á que tamén achegou fábulas.

Un quinto grupo constituiríanos os relatos *de santos*, que teñen como protagonistas a homes de tal condición que, tentando satisfacer as súas necesidades vitais, ilustran dúas entrañábeis estampas, nas que sobresaen a súa gratitude e habilidade. En “O pelexo dun santo”, San Bertelemeu deixa o seu pelexo milagroso nunha taberna en pagamento dun pouco viño de mala calidade co que calmar a sede, mentres que, en “A fame de San Pedro”, o gardador da entrada do ceo tentará enganar o seu Mestre co fin de saciar a fame.

115 Blanca-Ana Roig Rechou, *A literatura galega infantil: perspectiva diacrónica, descrición e análise na actualidade*, tese en microficha da Universidade de Santiago de Compostela, n.º 578, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1996.

116 *Tres contos maravillosos*, Xulio Pardo de Neyra (ed.), Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 125, 2004.

Por último, están os grupos temáticos dos que só temos unha mostra e que podemos denominar de *parodia*, para o “Conto heráldico (?)”, unha burla e sátira do mundo das cabalerías a través de D. Beltrán de Matamouros e Tragapenas e as súas loucuras, e de *historia*, para o relato “A viutórea dun borracho”, unha lembranza do triunfo dos galegos sobre os franceses na Guerra da Independencia.

Tras a anécdota argumental, chegamos ao desenlace, que alberga unha tipoloxía variada. A existencia de distintas vías informativas, a incerteza, a dúbida ou, simplemente, o non ser testemuña dos feitos suscitan *finais abertos*, que non lle outorgan á historia un peche único e definido, como acontece en “Unha escena nun café”:

Non soupen en qué acabou o conto, pois eu largueime por outra parte ríndome e facendo votos pra que nunca os labregos se aficeonen ó que nunca ha producirilles máis que a ruína.

Outros *finais remarcan o humor da historia*, sobre todo por medio deses ditos, cantares e sentencias, tan ilustrativos da retranca galega, como se pode comprobar en “Ir por lan e...”:

O cadro trocouse. Quedaron os comerciantes mudos; pro ¿que lles quedaba xa que facer? Un estaba amarrado polo ricibo, outro pola confeseón que acababa de facer ios dous tiveron que solta-los cartos, con gran satisfuceón de Marcos. Este, como home atento, antes de se poñer en camiño pasou pola casa do Señor García e dende a porta díxolle:

- “Ai, señor; vosté tendrá unha boa tenda; pro os gallegos, sin tanta fanfárrea, *témoslle tenda e trastenda*”.

Opostos resultan os *finais dramáticos*, localizábeis naqueles relatos máis sentidos e trágicos, como o que se recolle en “A louca da praia”:

De pronto e rompendo o triste concerto de bágoas e sospiros, unha rizada espantosa fixo volver a todos a vista a un punto fixo. Sobre un montón de estelas, resto de lanchas de chouzas e de albres arrastrados, había dous calabres: o do mariñeiro io da súa filla. Ó redor beilaba e ría desafortadamente a viúda e mai sin ventura.

¡¡Estaba tola!!

Por último, están os *finais reflexivos* de textos como “Aparéncia e realidade”, no que o narrador expón os seus pensamentos e meditacións sobre unha cuestión concreta:

Durmín logo xa libre de medos, e cando á mañá espertei pensando no que me pasara, fíxeme esta refreusión ‘¡Cantos toman por cousa certa e verdadeira o que non é sinón produto da febre de imaxinación nun instante de terror, e cantos desto se aproveitan pra facer comulgar á humanidade con rodas de muíño!’

Desde estonces xa non creo en bruxas, meigas, trasnos, etc., e perdín o medo ós esqueletos e calaveras.

Pro non a certas persoas. As sogras, por exemplo.

Dende o punto de vista da estrutura editorial, tamén cómpre destacar a existencia de divisións externas marcadas con numeracións romanas nalgúns dos relatos. Aparecen naquelas historias máis emotivas e líricas como “Marecutiña”, “A louca da praia”, “Pozo negro” e “A luz dun raio”, nas que a través das divisións se introducen mudanzas nas coordenadas espazo-temporais ou nos personaxes, así como se pode intensificar o suspense.

Se agora nos detemos na modalización narrativa, temos que dicir que boa parte dos relatos de Montenegro están enfiados por un *narrador heterodiexético*¹¹⁷ en terceira persoa, que é o transmisor dos acontecementos da historia e dos seus principais elementos configuradores –personaxes, espazo, tempo...–, sobre os que emite comentarios e críticas. Ese narrador en terceira persoa adoita cederlle a voz a un *autor implícito representado*, que se materializa nun troco en favor da primeira persoa gramatical ou no emprego de fórmulas como “noso Santo” (“O pelexo dun santo”), “do noso labrego” (“Pois... non me conformo”) ou “Non o seguiremos nos seus traballos” (“O xastriño-arrieiro”), coas que o narrador busca a comunicación directa co seu lector. Este desembrague interno enriquece o texto, por seren múltiples as actuacións do *autor implícito representado* coas que:

117 G. Genette, *Figuras III*, Barcelona: Editorial Lumen, col. Palabra Crítica, 1989, p. 299.

- *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra* -

- Especifica as intencións da instancia narrativa:

Píntannos a este presonaxe unhos como un tirano, amigo de face-lo que lle petaba e nada máis, sin respeto a nadie; e outros, polo contráreo, como verdadeiro melitar, infreusibre, reuto e amigo de que se comrise por todos o deber, sin peros nin distingos.

Non quero agora sonsacar cáles dicen a verdá, anque penso que ben a poideran repartir, e vou ó conto, que é o que máis importa (“A picardía dun esquirbano”)

- Reconduce a historia:

E volta a saírme do conto sin vir ó caso. Volta a el, pois de novo (“A picardía dun esquirbano”)

- Anuncia as tensións argumentais:

Pois como vos iba dicindo (...) Iaquí entra o bon da hestórea (“A pirmeira consulta”)

- Comenta aspectos formais do texto:

Faremos aquí grácea ó leutor dos cumpridos e galanterías que usaron no salón o cabaleiro *andante*... (“Conto heráldico (?)”)

- Alude a cuestións referidas con anterioridade:

Non estaba o ilustre avogado, como xa dixen, pra perder moito tempo... (“Astúcea dun labrego”)

- Emite xuízos de valor:

O papel era raiado e non moi limpo ia letra... ¡vállame Dios! de tal tiña o menos posibre. O que si, estaba esquirta en castillano; pro ¡que castillano, Virxen da Guía, que castillano! (“Terra na Habana”)

- *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra* -

- Preséntase como unha voz ben informada:

“A orixinal maneira de solicitar caeu en grácea ó Arcebispo e, non o contan as crónecas, mais eu sei que riu ben lendo a istáncia e que, ben siguro da iñocencia das firmantes, entráronlle grandes desexos de conocer o verdadeiro autor” (“Unha istáncia aproveitada”)

- Extrae conclusións:

Tal era o que dicían as pitas, mentras fuxían, do que saco eu en secóncea que, tal modo de berrar, significa algo así como... (“O zorro io galo”)

Con frecuencia, esta instancia narrativa tenta facerse coa atención do seu lector non só a través das habituais fórmulas de estimulación, senón tamén doutras estratexias que lle permiten participar activamente no proceso creador. Así, en “Pago por pago...”, o narrador evita estender a súa intervención para que sexa o receptor quen cubra as lagoas de contido:

o leutor pode enche-lo espáceo cos proieutos máis disparatados

Incluso, en “O zorro io galo”, chega a darlle a oportunidade de que o corrixa e emende:

Non sei se esto vai ben traducido ou non; pro sempre que o leutor adiviñe a crave pra entende-los animales, está a tempo de corrixirme a prana, sin que eu me enfurruñe

Tamén é de sinalar que o *autor implícito* está representado polo *autor empírico* naqueles relatos nos que se mencionan cuestións ou circunstancias da súa existencia real, como sucede en “Remédeo contra a fame”:

Das marañas de que se valen o bon Xan, que era o xastre de máis sona en tres légoas á redonda, non hei falar. O que queira sabelas que busque a coleución de A MONTEIRA e nela un artículo do meu amigo Alonso titulado ‘O chufón’, onde se describen ás mil marabillas.

Menos numerosos son os relatos tecidos por unha primeira persoa, nos que a visión, a voz e o personaxe se funden. Esta modalización narrativa sitúanos ante textos de carácter *homodiexético*, nos que o narrador é un *eu protagonista* que, ademais de ver e narrar a historia, se converte nun dos seus eixes capitais. Este protagonismo central aboia nos relatos máis autobiográficos de Amador Montenegro, “Aparéncia e realidade” e “Croquis”, así como en “A raposa io sapo”, no que comparte funcións con outros actantes. Tamén a primeira persoa engarza o relato “Unha escena nun café”, aínda que como un *eu testemuña*¹¹⁸, pois agora o seu papel é periférico e límitase a comunicar os feitos observados.

Estas posibilidades modalizadoras conviven xunto a outras nas que, pese a non asolagar por completo o texto, palpabamos a súa presenza. Referímonos ao *modo dramático*¹¹⁹ que sustenta o relato “A gratitú dun fillo” e que actúa como pé de entrada en “Polos niños”, no que o seu subtítulo “(Escena infantil)” xa nos advirte da técnica utilizada. Nestes textos toma peso a intervención dialóxica entre os seus protagonistas, que vai alternar coa voz do narrador, maioritariamente, no texto de protagonismo infantil. A outra das posibilidades anotadas, o *modo cinematográfico*¹²⁰, parece ensaiarse en relatos como “Marecutiña”, “A louca da praia”, “Pozo negro” e “A luz dun raio”, nos que a introspección é mínima e o narrador tenta proxectarnos as diferentes secuencias das historias a modo de escenas filmicas, *avant la lettre*. Este discurso máis obxectivista conségueno co emprego do modo indicativo e dun caudal léxico relacionado cos sentidos e o movemento, como o ilustra o fragmento:

¡Miraina!

Nova aínda, cos cabelos brancos ia pel engurrada, descalza, cuase despida; pro sin mostrarse sensibre ó calor ió frío, védea, sempre na praia. Nunca a busquesdes noutro sito (“A louca da praia”)

118 Norman Friedman, “Point of view. The Development of a Critical Concept”, *PMLA*, vol. LXX, 1955, pp. 1160-1184.

119 Norman Friedman, *art. cit.*

120 Darío Villanueva, *El comentario de textos narrativos: La novela*, Gijón: Ediciones Júcar, 1995 (3ª ed.), p. 39.

Tampouco nos debemos esquecer de que as diversas voces mantedoras das narracións lle ceden a palabra a boa parte dos personaxes, o que enriquece a heterofonía do discurso, ao mesmo tempo que permite unha caracterización máis próxima e obxectiva das figuras actanciais. A intervención destes personaxes chega a asumir unha maior responsabilidade naqueles relatos nos que se erixen como narradores desa historia que emana da principal. Estas historias secundarias teñen un carácter *fenoménico* por atender o personaxe ás reclamacións e solicitudes do seu auditorio, polo que se converten, respectivamente, en *paranarrador* e *paranarratarío*¹²¹. Estamos a falar dos relatos, “A primeira consulta”, no que o tío Bértolo é incitado polos integrantes dun corro formado no adro da igrexa de Vilacoba e “A raposa io sapo”, no que tía Rosa contenta con este relato as peticións de sete rapaces nunha noite de inverno a carón da lareira. Destacamos que os vellos oradores, os espazos ocupados e os tempos indicados son proclives para o nacemento desas *historias para dicir*, que acugulan o noso patrimonio contístico máis tradicional.

Outra das peculiaridades das voces narrativas radica na súa franqueza, de xeito que, se descoñecen algunha cuestión ou lles xorde unha dúbida, non teñen ningún pudor para confesalo. Este procedemento, que consideramos que actúa como un *operador realista*¹²², outórgalle credibilidade á voz narrativa e encóntrase en parágrafos como os aquí reproducidos, que acollen esas incertezas do narrador en terceira persoa ou do *autor implícito representado*, respectivamente:

San Bertelemeu non se enfurruñou por eso e probando que tiña pouca gana de rifar ou lendo quizaes no intereor do home a súa boa entenceón, dirixiuse a el... (“O pelexo dun santo”).

A tradiceón conta que as velliñas xa non pasaron fame; que o Arcebispo namorado da agudeza de Goriños, protexeuno na súa carreira, non precisando xa de botar tantos remendos no manteo e que, en fin, chegou a ser párroco, canónego, Deán e astra non sei si a manter unha mitra na cabeza, que esto non o cantan os vellos, nin o viron as vellas firmantes de istáncea. (“Unha istáncea aproveitada”)

121 Darío Villanueva, *op. cit.*, pp. 32-34.

122 Roland Barthes, “Introducción al análisis estructural del relato”, en R. Barthes *et alii.*, *Análisis estructural del relato*, Bos Aires: Editorial Tiempo Contemporáneo, Serie Comunicaciones, 1966, pp. 1-27.

Os *operadores realistas* son unha constante da literatura popular, o que vai promover a súa recorrencia en moitos dos relatos que se inscriben nese xénero literario. Esta técnica de distanciamento e de conquista da confianza do lector queda manifesta no emprego dalgunhas das seguintes estratexias:

- Citación da fonte consultada, por parte do *autor implícito representado*:

Unha mañán cedo do mes de Maio e cando pouco tempo había que amaecera, ergueuse da cama a Tía Xuana e, como muller a máis axenceadora do lugar de Sarela, según a nota que tiña, tan pronto como se presinou, foille a abrir á facenda. (“O zorro io galo”)

- Enunciación de frases sentenciosas, por un dos *paranarradores*:

Pois o conto, rapaces, –dixo, vendo xa con lume o cigarro–, évos tan certo como estamos todos aquí i habemos morrer (“A primeira consulta”)

- Apelacións do tipo:

Ouvide, sinón, como a deprendín de boca dos mariñeiros (“A louca da praia”)

A voz autorial dalgunha das instancias prologais tampouco é allea a estes mecanismos persuasivos, pois en “Astúcea dun labrego” desexa convencer da veracidade dos feitos narrados a través da loanza do seu informador:

Moitas veces me teño acordado do consello do inolvidable maestro, cúa verdá proba o caso que vou a relatar e que máis dunha vez ouvín de lábeos pra min sempre autorizados e dinos de respecto.

Personaxes

En canto aos personaxes, podemos dicir que a inclinación de Amador Montenegro por un modelo discursivo breve e centrado na recreación dunha anécdota ou episodio, provoca o afloramento de personaxes planos, singularizados por algún aspecto peculiar. Estes personaxes habitúan estar retratados ao

principio do texto co achegamento dos trazos configuradores da súa prosopografía ou etopea. Esta caracterización inicial complétase coas súas actuacións e intervencións verbais, así como cos posteriores comentarios do narrador. Esta presentación introdutoria pode eludirse e o personaxe ser definido tan só polos restantes recursos.

O elenco de protagonistas intégrano tanto seres humanos coma animais e, dentro da primeira tipoloxía, podemos discernir entre entidades colectivas e individuais. A colectividade só desempeña un papel principal no texto “A viu-tórea dun borracho”, onde se representa un conxunto de galegos valentes e afoutos en loita contra os franceses invasores. De entre esa agrupación social, sobresaie o tío Pedro, un vello de setenta anos, adicto ao alcol, que se converte nun auténtico heroe ao lograr a retirada das tropas de Napoleón.

As identidades individuais son maioritarias e un nutrido feixe delas respecta os parámetros definitorios de tipos sociais da Galicia decimonónica. Son identificados cun nome propio e, por veces, tamén cun alcume e responden a seres de ambos sexos e de diversa idade e procedencia social. Entre os adultos, destaca a figura dun paisano rural, que é representado dende diferentes perspectivas. Así, recoñecemos ao *habelencioso* no tío Marcos de “Ir por lan e...”; ao *ilus*o no tío Pedro de “Terra na Habana”, en Antón de “Antón o simple” e en Farruco de “A gratitú dun fillo”; ao *pobre* no tío Bértolo de Lamatreme de “A casa da fame”; ao *cobizoso* no tío Lesmes e ao *vividor* no Pepe do Cepo de “O zapateiro rañoso”; ou ao *teimudo* no Tío Bertolo de “A pirmeira consulta”. Especial papel teñen os *xastres*, que son simbolizados nos seus tópicos máis coñecidos –o de *medoñento* en Perucho do Rilo, de “Un valente xastre”, e o de *espelido* en Xan do Ludrio, de “Remédeo contra a fame”– aos que se lle engade o do *pouco venturoso* Xaniño de Outeiro, de “O xastriño-arrieiro”.

Nesta galería de personaxes populares non se esquece Montenegro Saavedra de presentar os de xénero feminino, que interpretan roles tradicionalmente atribuídos á muller. Contamos coa *coitada anciá* tía Sabela do Chamizo, de “A manda”; as *vellas e entregadas* tía Manoela e tía Rosa, de “Unha istáncea aproveitada”; a *cobizosa* muller do taberneiro, de “O pelexo dun santo”, a enxeñosa ama Señora Rosa, de “Os gatos endemoneados”, ou as *amantes e desgraciadas nais*, de “A louca da praia”, “Pozo negro” e “A luz dun raio”.

De niveis superiores na escala social son os personaxes relacionados co clero, as profesións liberais ou o goberno de certas circunscricións. A negativa imaxe proxeitada sobre os homes de igrexa nalgunhas mostras literarias do

século XIX non se reflicte nos relatos obxecto do noso estudo. O abade de Ferreira, de “Os gatos endemoneados”, o Abade de Z..., de “Marecutiña” ou Fr. R. Rafael Moria Vélez, de “Unha istáncea aproveitada” caracterízanse polas súas loábeis vontades e desmárcanse do tópico de relixioso pouco virtuoso. Esta concepción positiva e uniforme non se mantén para os avogados, escribáns ou picapreitos, contra os que lanza feras críticas por beneficiárense dos máis débiles, como sucede en “A pirmeira consulta” ou “A picardía dun esquirbano”. É posíbel que esta actitude estea xustificada polo episodio biográfico, anteriormente comentado, no que Montenegro manifestaba non aprobar as artiñañas propias destes oficios. Tamén cabe puntualizar que esta adxectivación negativa non lle é aplicada ao gabado xurista D. Xosé Castro Bolaño, polo que profesa unha grande admiración e respecto. Por último, non esquezamos a ridiculización á que somete a algún destes instruídos personaxes, como é o caso do moi titulado D. Nazáreo de Eguía, de “A picardía dun esquirbano”, ou o licenciado Cerato, de “Pago por pago...”.

En ocasións, o protagonismo é asumido polos máis novos, que son observados e representados dende diferentes ángulos. O personaxe infantil que recibe unha caracterización externa máis detallada é a pastoriña do relato “Marecutiña”. A súa descrición física leva implícitos aspectos morais e de conduta e proxéctannos a candidez e inocencia propias da nenez. Esta imaxe amábel e anxelical, agora embazada pola desventura, séguena mantendo os rapaciños de “A louca da praia” e “Pozo negro”. A definición destes resulta máis superficial, quizais porque o protagonismo principal destes relatos asúmeo a figura da nai coa súa dor esgazadora. A outra cara da infancia, a do ludismo e picardía, revélase nos protagonistas de “Polos niños”, Antonciño e Perucho, e de “As formillas”, Xaniño. O retrato destes cativos, que se entreteñen, pelexan ou divirten cos niños de paxaros ou coas formillas (botóns forrados), trázase a través das sucintas anotacións do narrador e, sobre todo, das súas intervencións nun contexto propio de idades infantís. A actuación física e verbal converterase na única canle de definición do rapaz de “Pago por pago...”, que engana ao boticario Cerato cunha extraordinaria habelencia e agudeza.

Fronte a estes personaxes retratados con tinturas reais e algún deles, inclusive, con existencia constatada e documentada, caso de D. Nazáreo Eguía¹²³

123 Naceu en Durango en 1777 e finou en Tolosa en 1865. Iniciou as súas accións bélicas entre 1794 e 1795 na loita contra os franceses. Na Guerra da Independencia conseguiu o grao de Mariscal de campo e Fernando VII recompensou a súa fidelidade ao absolutismo nomeándoo Capitán xeneral de Galicia en 1823. Trasladou a capitanía a Santiago de Compostela e loitou

ou D. Xosé Castro Bolaño¹²⁴, están aqueloutros individuos trazados sobre patróns literarios ou relixiosos. A intertextualidade co personaxe de ficción efectúase no ínclito e sen par D. Beltrán de Matamouros e Tragapenas do “Conto heráldico (?)”, que parodia ao don Quixote cervantino e o mundo dos cabaleiros heroicos. Por outra parte, o exercicio intertextual con figuras relixiosas, susceptíbeis de ter carácter real ou non en función das crenzas do lector, está exemplificado no San Bertelemeu, de “O pelexo dun santo”, e San Pedro e Xesucristo, de “A fame de San Pedro”.

Menos numerosos son os textos de protagonistas con aparencia animal. Concrétanse estes nos títulos “O zorro io galo” e “A raposa io sapo”, que nos recordan a fábula, unha das modalidades literarias máis cultivadas por Amador Montenegro, malia que en verso e de finalidade pedagóxica. O perfil destes protagonistas animais, fortemente personificado, trázase sobre todo polas súas falas e actuacións, que nos deseñan un zorro e unha raposa superiores en calidades físicas con respecto ao galo e o sapo, triunfadores pola súa maior intelixencia.

Outro índice caracterizador representáno a heteroglosia manifesta en moitas das interpretacións dos propios protagonistas. Estes diferéncianse polo seu rexistro lingüístico parello a unha variedade diastrática. Mentres as xentes

fortemente contra as forzas liberais, que atentaron contra a súa vida cun paquete bomba en 1829. Tras o falecemento de Fernando VII, apoiou o infante Carlos María Isidro Borbón, quen o puxo á fronte dun exército de 25.000 homes. Saíu vitorioso de varias campañas contra os cristinos e instalouse en Durango co seu exército. En 1836 recibiu a gran cruz de Carlos III, aínda que, molesto polas intrigas e as discrepancias xurdidas na corte do pretendente, renunciou ao seu posto e, co título e emprego de Tenente xeneral, retirouse a Tolosa. (Ver Bieito Ledo (ed.), *Enciclopedia Galega Universal*, Vigo: Ir Indo, tomo 8 (edu-fad), 2002, pp. 24-25).

124 Naceu o 30 de outubro de 1803 na parroquia de Ladra (Vilalba-Lugo) e licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago en 1826. Exerceu a avogacía en Viveiro e Lugo, onde desempeñou, en representación do partido moderado, os cargos de deputado provincial e vicepresidente do consello provincial. Dirixiu *El Correo de Lugo* e colaborou en *La Aurora del Miño*, *El Eco de Galicia*, os *Almanaques* de Soto Freire e a *Revista Jurídica de Galicia*. Tamén foi autor de obras como *Informe sobre el estado de los montes en la provincia de Lugo y los medios de proveer a su conservación* (1850); *Memoria sobre la agricultura en la provincia de Lugo* (1850); *Informe sobre las causas de la miseria en Galicia y medios de aliviarla* (1853); *Estudio jurídico sobre el foro en su doble concepto de contrato y derecho real* (1873); *Cargas perpetuas que afectan a la propiedad territorial de Galicia*, unha serie de artigos publicados en *El Correo de Lugo* (1860); *Consideraciones sobre el derecho de sucesión a la corona de España e Montes públicos*, aparecidos en *El Eco de Galicia*; *Aguas*, na *Revista Jurídica de Galicia*; e *Discurso pronunciado en 1876 al inaugurar sus tareas el Liceo de Lugo*. (Ver Benxamin Casal Vila (dir.), *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada*, Lugo: El Progreso-Diario de Pontevedra, tomo 9 (castri-cer), 2003, pp. 41-42).

do pobo se expresan cun galego inzado de ditos, refráns ou fraseoloxismos propios da súa condición, os personaxes de esferas sociais superiores adoitan recorrer ao castelán como medio de comunicación. Incluso algún dos personaxes, como o pai de Bertolo, que cre ter subido de categoría social, comeza a introducir castellanismos no seu galego rural. O emprego do castelán tamén responde a variedades diatópicas, como se comproba nos galafates madrileños e, aínda cabe sinalar que, dentro desa modalidade idiomática, se recollen variedades dialectais, bástenos recordar o acento andaluz de Fr. Rafael Moria Vélez de “Unha istáncea aproveitada”.

O espazo e o tempo

Estes personaxes precisan dun espazo de escenificación que na práctica totalidade dos relatos se concreta nun *espazo-marco* que non incide substancialmente na acción e funciona como mero pano de fondo. Esta categoría espacial evoca tanto escenarios rurais coma urbanos que en raras ocasións son descritos pero si aludidos para facilitar a localización dos personaxes e as súas accións. Os ambientes rurais predominan e detéctanse nos relatos “O zorro io galo”, “Remédeo contra a fame”, “A manda”, “Un valente xastre”, “O zapateiro rañoso”, “A casa da fame”, “Polos niños”, “As formillas”, “Os gatos endemoneados”, “O pelexo dun santo”, “A fame de San Pedro”, “A louca da praia”, “Pozo negro” e “Marecutiña”; mentres que os máis urbanos rastréxanse en “A viutórea dun borracho”, “A luz dun raio”, “Astúcea dun labrego”, “Pois... non me conformo”, “Unha escena nun café”, “Unha istáncea aproveitada” e “Pago por pago...”.

Tamén hai relatos nos que conviven ambos os dous medios, pois os personaxes parten dunha aldea e encamiñan os seus pasos cara a un núcleo urbano, que se pode localizar tanto no interior coma no exterior de Galicia. Este tipo de desprazamentos efectúanse en textos como “A primeira consulta”, “A picardía dun esquirbano”, “Antón o sempre”, “Ir por lan e...”, “Terra na Habana” e “O xastriño-arrieiro”. Nestes últimos catro relatos, parece establecerse unha dicotomía entre o rural e o urbano que se resolve a favor do primeiro destes encadres. A procura da prosperidade en terras de Castela ou Madrid trócase en roubo, asasinato, engano, carencia ou ruína.

Dentro destes dous amplos marcos espaciais, tamén se poden diferenciar outras segmentacións como a de espazos abertos e pechados. Así, nos escenarios rurais sitúasenos nun patio, unha praia, un camiño, un adro, unha casa,

unha escola, unha igrexa ou unha reitoral; e nos máis urbanos, nun barrio, unha rúa, un despacho, unha docería ou un café. De novo, estamos ante escenarios simplemente aludidos, nos que se maquinan os fios da trama argumental.

O lugar de escenificación transfórmase nun *espazo-estruturador* cando exerce unha influencia superior na acción, como a acusada en “Croquis”. A cidade de Monforte convértese nun elemento xenolóxico sobre o que se edifica a construción discursiva deste relato, pois a súa historia, o seu castelo, o seu convento, a súa igrexa e, en fin, a súa paisaxe son pintados a través da expresión verbal e sentida do narrador.

O espazo tamén establece lazos estreitos cos propios personaxes, que poden ser de tipo tropolóxico, como sucede co D. Beltrán de Matamouros de “Un conto heráldico (?)”. A súa condición de cabaleiro impúlsao a recorrer pobos e cidades de media España e, neste caso, a protagonizar unha ridícula aventura nun castelo. Vinculacións metafóricas próximas a esta de cabaleiro e castelo poden verse en relatos xa citados como “Astúcea dun labrego” e “Pois... non me conformo”, entre avogado e despacho, e “A fame de San Pedro”, entre personaxes bíblicos e a terra santa de Galilea. Por outra parte, o espazo está en perfecta comunión co estado de ánimo do personaxe en relatos como “A louca da praia”, no que terra e ceo embravecen á par que se intensifica a doenza da pobre nai:

¿Está o mar en calma e veñen mainiñas as ondas a morrer na area? Pois alí sobre unha pena, cos ollos fixos na auga, parece a imaxen do delor.

¿Ruxe, polo contráreo, fureosa a tempestá, estoupa o trebón na altura ias ondas rebentan contra as penas...? Estonces parez que outra tempestá rebenta no celebre da probe louca e sin rumbo fixo corre, berra, amenaza os elementos da súa boca ien compreto desorde, sai longa ringuileira de frases sin sentido.

Estes espazos, que están integrados por elementos físicos e perceptivos do mundo real, non sempre reciben unha denominación específica e, por veces, caracterízanse pola súa indeterminación. Os topónimos empregados son os de Sarela (“O zorro io galo”), Vilacoba (“A pirmeira consulta”), Irvelo (“O zapateiro rañoso”), Valeiras (“Ir por lan e...”), Vilar (“Terra na Habana”), Vilachea (“Pago por pago...”), Lugo (“A pirmeira consulta” ou “Pois... non me conformo”), Santiago (“A picardía dun esquirbano” ou “Unha istáncea aprovei-

tada”), Castela (“Antón o simpre”) ou Madrid (“O xastríño-arrieiro” ou “Terra na Habana”), aos que se lles poden engadir aqueloutros que se recoñecen por medio do nome de protagonistas como Perucho de Rilo (“Un valente xastre”), Bértolo de Lamatrema (“A casa da fame”) ou o abade de Ferreira (“Os gatos endemoneados”). Boa parte destas denominacións teñen un referente externo facilmente localizábel¹²⁵, o que lle imprime á historia narrada un efecto de verosimilitude. Tamén cremos que teñen correspondencia extratextual o resto dos topónimos por estaren próximos á lingua galega, mesmo aqueles que son intuídos como “iba dende S..., pequena, pro bunita aldea, á V..., Cibdá das máis famosas da costa de Galicia” (“A viutórea dun borracho”). Consideramos que a intención do narrador é propor un xogo de recoñecemento ao seu receptor para atrapar a súa atención, posto que estes lugares poden ser identificados a través da lectura do texto. A escolla dalgún destes puntos xeográficos pode estar xustificada pola súa relación co autor, como é o caso dos vinculados con Lugo ou Santiago.

Por outro lado, temos os nomes propios relativos ao espazo, que establecen unha relación máis estreita co resto dos elementos compositivos da narración. Trátase de “Conto heráldico (?)” ou “Pozo negro”, nos que, respectivamente, se explica a razón pola que certas rúas e barrios de Santiago e Pontevedra teñen os nomes de *Inferníño* ou *Mourería*, e porque o lugar da traxedia recibe ese escuro nome para ser sempre recordado en San Martín de Moaña (Pontevedra).

Fronte a todas estas referencias espaciais, máis ou menos explícitas, tamén acusamos a súa inexistencia total en “Aparéncia e realidade”, onde intuimos o lugar de actuación a través das accións relatadas. Este recurso, con todo, non resulta un fenómeno marxinal, senón que se recorre a el noutras escenas parciais incluídas no espazo-marco superior doutros relatos.

Outra das categorías estruturantes máis importantes do relato, xunto á espacialización e a modalización, é a temporalización, que se define nas narracións de Montenegro Saavedra pola súa indeterminación. Isto non é un impedimento para que poidamos situar moitas delas na contemporaneidade do seu

125 É o caso de Sarela, que situamos en Vilalba ou Santiago; Vilacoba e Vilar, que lles dan nome a diversos núcleos de poboación das catro provincias galegas; Valeiras, que localizamos en Cabanas (A Coruña) e O Carballiño; Rilo, que atopamos en diferentes puntos da provincia coruñesa; e Ferreira, que encontramos nos territorios provinciais de Lugo e A Coruña.

creador, grazas a anotacións do tipo “Corría o ano 18...” (“Astúcea dun labrego”), á recreación de feitos históricos do século XIX (“A viutórea dun borracho”) ou á alusión a personaxes coetáneos como D. Nazáreo de Eguía (“A picardía dun esquirbano”) e D. Xosé Castro Bolaño (“Astúcea dun labrego” e “Pois... non me conformo”). Tamén deixan pegadas para esta determinación do tempo histórico a temática tratada, os ambientes recreados ou o elenco de personaxes trazados, moi propios da Galicia costumista decimonónica. Máis atrás no tempo, podemos encadrar os relatos “Conto heráldico (?)”, “O pelexo dun santo” ou “A fame de San Pedro”, por ter como personaxes, o primeiro, a un cabaleiro andante moi común na época medieval e, os dous restantes, a homes santos do inicio da era cristiá.

Dentro destes dous marcos temporais –o da contemporaneidade e o dun pasado afastado–, aínda podemos puntualizar máis o momento concreto dos feitos narrados a través das escasas indicacións explícitas que responden a medicións exactas do tempo, ou das máis numerosas indicacións implícitas que atenden á meteoroloxía, ás mudanzas estacionais, ás diferentes comidas do día, aos labores do campo ou á época dos xogos. Cómpre recordar que todas estas especificacións, ademais de situar o relato no tempo histórico, contribúen á súa autenticación.

A amplitude do tempo da historia destes relatos oscila en función do asunto tratado, o que orixina uns de curta duración (“Unha escena nun café” –unhas horas–, “Aparéncia e realidá” –unha noite–, “Astúcea dun labrego” –unha mañá–, “O zorro io galo” –unha mañá do mes de maio– ou “Polos niños” –un día–) e outros de extensión máis prolongada (“Os gatos endemoñados” –uns días–, “Antón o sempre” –uns meses–, “O pelexo dun santo” –un ano– ou “Terra na Habana” –máis de tres anos). Polo que se refire á duración, o máis corrente é que o tempo da historia sexa superior ao do discurso, a excepción daqueles casos como o de “Polos niños”, no que a aparición do *modo dramático* ou *showing* os iguala. A mencionada anisocronía resólvese con técnicas aceleradoras do ritmo narrativo –o resumo ou a elipse– ou desaceleradoras –a pausa–, ás que o narrador ou os personaxes van recorrer en servizo dos seus intereses, por deterse nunha anécdota, un actante ou un ambiente. Probamos un predominio da pausa naqueles relatos máis líricos e descritivos, nos que a emoción invade ao narrador como ocorre en “Croquis”, “Pozo negro”, “A luz dun raio” e “A louca da praia”.

En canto á orde, o tempo da historia e o do discurso coinciden en relatos como “Remédeo contra a fame”, “A manda”, “A casa da fame”, “Os gatos endemoneados”, “Marecutiña” ou “Ir por lan e...”. Esta temporalización lineal fractúrase en moitos outros relatos ao se dislocar a orde da historia e a do discurso, o que orixina unha anacronía, que pode ir cara ao pasado ou cara ao futuro con respecto á liña temporal do relato primario. A primeira destas anacronías, a analepse, realízase para ir ao pasado na procura de información que complete e amplifique o contido diexético, chegando a ocupar boa parte do discurso en textos como “A primeira consulta” e “A raposa io sapo”; mentres que a segunda, a prolepse, permite un anticipo do desenlace, como en “¡Disgraceada! Os seus berros aumentan, a súa axitaceón é cada vez maor...” (“Pozo negro”) ou unha actualización da historia, que adoita introducirse con expresións do tipo “A tradiceón conta” (“Unha istáncea aproveitada”), “A tradiceón soilo dice” (“A fame de San Pedro”) ou “hoxe Xaniño conta a súa hestórea” (“O xastriño-arrieiro”).

Estas anacronías conviven con outras modalidades temporais menos socorridas nos relatos de Montenegro, como é a temporalización múltiple. No texto “A louca da praia”, asistimos a un desdoblamento espacial no tempo da historia, pois nárrese o que acontece a un mesmo tempo no mar e na terra, a través da alternancia na escrita:

Deixémolos un momento na loita por arribar a porto seguro,
contándose silencesos á luz dos lóstregos; deixémolos nas maus de
Dios e vamos á praia, tratao tamén de tristes sucesos.

Por último, só incidiremos nas abundantes alternancias entre o presente, o pasado e o futuro, que se dan no conxunto de prosas de Montenegro, marcadas polas formas verbais e adverbiais correspondentes. Entre as formas verbais, cabe destacar a recorrencia ao presente histórico no relato “Pozo negro” ou, en menor medida, en “A luz dun raio”, “A louca da praia” e “Marecutiña”, nos que se quere implicar ao lector como testemuña dos feitos narrados. Esta perspectiva fortalece aínda máis, como xa se indicou, a pertenza destes verbos ao campo semántico dos sentidos e do movemento, que propician unha visualización das escenas narradas.

Trátase, en fin, dun feixe de textos que se acollen aos parámetros estéticos do xénero narrativo do Tempo do Rexurdimento. A sombra de tinturas costumistas e populares proxéctanse sobre o propio esqueleto discursivo e os

seus elementos configuradores: temas, personaxes, coordenadas espazo-temporais... Isto non empece que Amador Montenegro nos revele a súa faciana máis tenra e sentida naquelas historias máis doces e crúas, ou a máis habelenciosa e humorística, naquelas máis rebuldeiras, nas que a ironía e a retranca se converten en perfectos condimentos narrativos. Pese a que estes textos non poidan ser distinguidos ou loados pola excelencia da súa calidade, non falta na súa composición o enxeño, como apunta Manuel García Barros¹²⁶, que cualificaba aos publicados en *Galicia Moderna* como “contos inxeniosos”, ademais dalgún que outro acerto narrativo.

126 “Carta a Galaxia”, *Vieiros*, n.º 2, México, outono 1962.

Cadro no que se recollen os títulos, fontes, datas da primeira publicación e reproducións que coñeceron os relatos escritos por Amador Montenegro Saavedra:

<i>TÍTULO</i>	<i>FONTE</i>	<i>DATA</i>	<i>REPRODUCCIÓNS</i>
A gratitú dun fillo	<i>Galicia Humorística</i> , n.º 2	30-VII-1888	
Aparéncia e realidá	<i>A Monteira</i> , n.º 6	10-XI-1889	
Antón o simple	<i>A Monteira</i> , n.º 15	11-I-1890	
O zorro io galo	<i>A Monteira</i> , n.º 16	18-I-1890	
A pirmeira consulta	<i>A Monteira</i> , n.º 19	8-II-1890	
A picardía dun esquirbano	<i>A Monteira</i> , n.º 23	8-III-1890	
Remédeo contra a fame (I)	<i>A Monteira</i> , n.º 28	12-IV-1890	
Remédeo contra a fame (II)	<i>A Monteira</i> , n.º 30	26-IV-1890	
Conto heráldico	<i>A Monteira</i> , n.º 32	10-V-1890	
A manda	<i>A Monteira</i> , n.º 33	17-V-1890	
A viutórea dun borracho (I)	<i>A Monteira</i> , n.º 34	24-V-1890	
A viutórea dun borracho (II)	<i>A Monteira</i> , n.º 36	7-VI-1890	
A viutórea dun borracho (III)	<i>A Monteira</i> , n.º 37	14-VI-1890	
Un valente xastre	<i>A Monteira</i> , n.º 34	24-V-1890	
O zapateiro rañoso	<i>A Monteira</i> , n.º 37	14-VI-1890	<i>Galicia Moderna</i> , maio 1898
Astúcea dun labrego	<i>A Monteira</i> , n.º 39	28-VI-1890	
Croquis	<i>A Monteira</i> , n.º 54	11-X-1890	
Unha escena nun café	<i>A Monteira</i> , n.º 56	25-X-1890	
A casa da fame	<i>A Monteira</i> , n.º 60	22-XI-1890	
Pois... non me conformo	<i>A Monteira</i> , n.º 61	29-XI-1890	
Polos niños	<i>Galicia Recreativa</i> , n.º 44	8-III-1892	
As formillas	<i>Galicia Recreativa</i> , n.º 1	8-V-1892	
Pozo negro	<i>Galicia</i> , n.º 4	outubro 1892	<i>El Eco de Galicia</i> , 1908
O xastríño-arrieiro	<i>Galicia</i> , n.º 10	abril 1893	<i>El Eco de Galicia</i> , 1908
A luz dun raio	<i>El Eco de Galicia</i> , n.º 137	10-VIII-1895	

TÍTULO	FONTE	DATA	REPRODUCIÓNS
Os gatos endemoneados	<i>Galicia Moderna</i> , n.º 15	1-XII-1897	
Marecutiña	<i>Galicia Moderna</i> , n.º 16	15-XII-1897	
Ir por lan e...	<i>Galicia Moderna</i> , n.º 17	1-I-1898	<i>Aires da Miña Terra</i> , n.º 5, 1908
O pelexo dun santo	<i>Galicia Moderna</i> , n.º 18	15-I-1898	<i>Aires da Miña Terra</i> , n.º 20, 1908
Terra na Habana	<i>Galicia Moderna</i> , n.º 20	15-II-1898	<i>Aires da Miña Terra</i> , n.º 1, 1908
Unha istáncea aproveitada	<i>Galicia Moderna</i> , n.º 21	1-III-1898	
A raposa io sapo	<i>Galicia Moderna</i> , n.º 23	1-IV-1898	<i>El Eco de Galicia</i> , n.º 833, 11 xuño 1898
A louca da praia	<i>Galicia Moderna</i> , n.º 24	15-IV-1898	
A fame de San Pedro	<i>Galicia Moderna</i> , n.º 25	1-V-1898	<i>El Eco de Galicia</i> , n.º 850, outubro 1898
Pago por pago...	<i>Galicia Moderna</i> , n.º 26	maio 1898	

III. Criterios de edición

Presentamos nesta edición os textos narrativos de Amador Montenegro Saavedra espallados por diferentes publicacións periódicas tanto galegas coma da diáspora. Seguimos unha orde de presentación segundo a data na que viron a luz por primeira vez, indicando ademais outras posibles localizacións posteriores, no caso de habelas. Así mesmo, incorporamos algunha nota que consideramos de interese.

No que se refire ao tratamento dos textos orixinais, incidimos o menos posible neles, conservando todos os trazos fonéticos, morfosintácticos e léxicos empregados polo seu autor, como actitude ecdótica ante a súa obra. Unicamente revisamos certos aspectos ortográficos para achegarlle ao lector actual uns textos de máis doada lectura. Para as revisións gráficas ativémonos á normativa oficial recollida nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*¹²⁷, aprobadas o 12 de xullo de 2003. De tal maneira:

- Actualizamos a acentuación, polo que lles eliminamos todas as marcas de acentos graves e circunflexos e colocamos ou suprimimos o til a todas aquelas palabras que o requiran: *ô, saïan, â, crêse, tamen, total-as, hirmans, podíamos, erán e trásnos*; non acentuamos os monosílabos *tí, dí, él, quén* (admirativo) e *fê*; recuperamos o acento para marcar os hiatos, *tio, facia e subian*; empregamos os tiles diacríticos: *á* (preposición), *presa* (apuro) e *fora* (adverbio); e acentuamos todas aquelas palabras que, sen seren admitidas pola norma actual en vigor, deberían levalo tendo en conta a pronuncia: *estrevin, lingoa e tranquilida*.

- Suprimimos os apóstrofos naqueles casos de contraccións coa preposición, chegando a unilas por tratarse de palabras fortemente afianzadas na escrita de hoxe en día: *d'o, c'o e d'algús*. No caso das formas populares *pr'a* e *pr'o* suprimimos o apóstrofo, cinguimos os elementos e acentuamos a voz conformada para diferenciar *pra* de *prá* e *pro* de *pró*. Se as formas unidas mediante o apóstro son dúas palabras independentes repoñemos o elemento elidido e separamos os termos: *qu'ê, trist'ê e vir'aquela*. Igualmente recuperamos as vogais elididas baixo o acento circunflexo: *puxô, amenazándô e alcendendô*. De ter que recuperar a vogal de palabras que presentan dobre solución, como é o caso da partícula condicional *s-* ou da comparativa *com-* recuperamos respectivamente *si* e *coma*, por ser as formas máis concorridas.

127 Vigo: Real Academia Galega/Instituto da Lingua Galega, 2004, 19ª edición.

Isto non empece que manteñamos as solucións *se* e *como* nos casos empregados polo autor.

- Omitimos os guións naquelas contraccións actualmente admitidas: *n-o*, *tral-as* e *pol-os*; nos alomorfos do pronome átono obxecto directo de terceira persoa en posición proclítica que os grafía como se dunha segunda forma do artigo se trata: *pensal-o*, *buscaremol-o* e *fixéron-o*; e cando separa un iode epentético: *y-este*, *y-alma* e *y-alí*. Mantemos o guión naqueles casos nos que se efectúa a segunda forma do artigo, a excepción dos que non lles corresponde por normativa, corrixindo sempre a súa posición: *Diol-o*, *entonce-l-o* e *mentral-o*. En coherencia co uso do guión, eliminamos, engadimos ou corriximos a posición daqueles guións que introducen intervencións e aclaracións.

- Actualizamos certos elementos ortográficos como o cambio de *b* por *v* e viceversa: *desaporbeitaba*, *parba*, *crabarll-os*, *Rivadavia*; repuxemos o *h* cando é necesario e eliminámolo cando non o é: *hastra*, *hírexa* e *alaga*; mudamos o *k* polo *c* [*k*] en: *kilómetros*; e omitimos todas aquelas grafías que non existen no galego como en: *cuyos*, *mayestro* e *xoya*.

- Adaptamos á normativa vixente certas palabras que, sen manter un criterio estábel, se escriben separadas, nuns casos, ou xuntas, noutros: *con unha*, *de atrás* e *amodiño*.

- Corriximos aqueles erros tipográficos de carácter evidente que atopamos nos textos como: *conrepondeu*, *espentáculo* e *está libres*.

- Mantemos as cursivas e maiúsculas, grafando estas últimas naqueles casos necesarios por norma ortográfica.

- Regularizamos a aparición dos signos de interrogación e admiración e dalgún signo de puntuación por ser imprescindible para a comprensión do texto.

IV. Bibliografía básica

Bibliografía básica

Araújo García, M^a Teresa (ed.), *Relatos e outras prosas de Roque Pesqueira Crespo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 2001.

Blanco, Carmen, *Literatura galega da muller*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1991.

Cabaleiro Carro, Alexandra (ed.), *As noites no fogar e outros textos. Ángel Vázquez Taboada*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 2001.

Carballo Calero, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1962.

Couceiro Freijomil, Antonio, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, 3 vols., Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1951-1953.

Cunqueiro, Álvaro e José M^a **Álvarez Blázquez**, *Vigo en su historia*, Vigo: Caja de Ahorros Municipal de Vigo, 1980.

Equipo Glifo (Grupo Compostelán de Investigacións Semióticas e Literarias, formado por Anxo Tarrío, Fernando Cabo, Blanca-Ana Roig, Arturo Casas, Anxo Abuín e Darío Villanueva), *Diccionario de termos literarios a-d, e-h*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998, 2003.

Fernández Pulpeiro, Juan Carlos, *Apuntes para la historia de la prensa del siglo XIX en Galicia*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Serie investigación universitaria, 1981.

Freire Lestón, Xosé Vicenzo, *A prensa de mulleres en Galicia (1841-1994)*, Lisboa: Edições Universitárias Lusófonas, 1996.

García Negro, María Pilar, Anxo **Gómez Sánchez** e Francisco **Rodríguez Sánchez** (eds.), *Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra/Asociación Socio-Pedagóxica Galega, col. A Nosa Literatura, n.º 12, 1996.

Hermida, Modesto, *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1995.

Llorca Freire, Guillermo, *Historia da prensa ferrolá (1845-1992)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Historia, 1993.

Molina, César Antonio, *Prensa literaria en Galicia (1809-1920)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1989.

Neira Vilas, Xosé, *Índice da revista <<El Eco de Galicia>> (A Habana, 1878-1901)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio/serie bibliografías, 1988.

Rielo Carballo, Nicanor, *El libro lucense (1495-1936)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Cuadernos do Seminario de Sargadelos, n.º 43, 1982.

Romero Triñanes, Mario (ed.), *Uxío Carré Aldao. Obra narrativa en galego*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 2000.

Santos Gayoso, Enrique, *Historia de la Prensa Gallega (1800-1986)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, Cuadernos del Seminario de Sargadelos, n.º 52, 1990.

_____, *Diccionario de seudónimos y apodos gallegos*, Edición do autor, 2003.

Tarrío Varela, Anxo, *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1994.

Tarrío Varela et alii, *Diccionario sistémico literario do Rexurdimento*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (en proceso de edición).

Teixeira Fanego, Mari Paz e María de la **Torre Rioyo**, *A Prensa en Lugo: dous séculos de historia*, Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 1997.

Vilavedra, Dolores (coord.), *Diccionario da literatura galega I. Autores*, Vigo: Editorial Galaxia, 1995.

_____, *Diccionario da literatura galega II. Publicacións periódicas*, Vigo: Editorial Galaxia, 1997.

_____, *Historia da literatura galega*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Manuais, 1999.

VV.AA., *Narradores ocasionais do S. XIX (Relato breve)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2003.

V. Textos

A gratitú dun fillo¹²⁸
(Conto)

Nunha ocasión había un labrego que tiña dous fillos, Farruco e Xan, ambos bos mozos e garridos, Farruco, que era o máis vello, caeu quinto, e como non tiña esceución que poñer, tuvo que andar pra diante, non sin sentimento dos seus pais que como pais, non podían menos de querelo.

Unha noite, cando xa iba por riba dun ano que Farruco estaba no *servicio do Rei*, díxolle un quinto da súa parroquia.

- E non sabes, Farruco.

- E que.

- Morreuche teu pai.

- Válgalle o deño, ho.

Pasou algún tempo, e díxolle outra vez o mesmo soldado:

- E non sabes, Farruco

- E que.

- Que che morreu túa mai.

- Válgalle xudas, ho.

Volveron a pasar uns días io quinto volveu a dicirle a Farruco.

- E non sabes, ho.

- E que.

- Que che morreo o boi marelo.

- Home, dixo astoncias Farruco, poñéndose triste.

- Dios che lle perdone, que che era moi bo animalíño.

Cando che me vin, veu tamén atrás min astra o río, e como non podía pasar, fixoche:

- ¡Muuuuu....!

- ¿E sabes que che me quiría dicir? Pois:

- Adiós Farruuuuuco.

Pola recoleución
Amador Montenegro

128 Publicado en *Galicia Humorística*, n.º 2, 30-VII-1888. p. 64.

Aparéncia e realidade¹²⁹

Tería eu dez ou doce anos a todo ter, cando unha noite fun ó Teatro, onde un señor estranxeiro facía xogos de prestidixitación ou maxia.

Alí, co asombro e co medo que pode supoñerse naquela edá, vin calaveras parlantes que contestaban, millor que eu o facía na cátedra, a canto lle preguntaban; esqueletos que andaban e facían moecas, pantasma, etc.

Todo esto fixo en min unha impresión que nunca se ha borrar da miña memoria, anque cen anos viva, e que non atinaría a espricar se o intentara.

Na miña imaxinación gravado iagrandado quedara canto vira aquela noite, sirvíndome logo de tema pra recostruír hestóreas e cadros do máis espantoso que pode supoñerse trembando co medo, volvíñ prá casa, e sen cenar cuase mitinme no leito.

Unha vez deitado, o pensamento seguía atormentándome iempecei por taparme ben, como se con esto todo peligro estivera evitado; mais non tardaron en pasar por diante os meus ollos largas procesións, nas que formaban os pantasma, esqueletos e calaveras que eu vira.

Presto me crin eu tamén formando en tan mestereosas filas e xa me afiguraba que iba polo aire a grande altura, xa que caía en escuras profundidás, quentes astra o branco; xa que me quedaba tolleito coa friaxe, xa que a calor me abafaba e consumía.

Soñaba, nunha palabra, iera tan grande o meu medo, que me fixo esperar ien pouco estivo non berrase con tódalas miñas forzas: estou en que, sinón o fixen, foi porque tampouco me estrevín.

Con moito coidado, amodiño, pois astra neste pensaba meter bulla iatoparme de maus á boca con xigantes dispostos a esnaquizarme, fun abrindo os ollos e... vin con horror que os meus presentementos eran certos que os meus sonos tiñan eusistencia rial e verdadeira.

Na paré que tiña diante os ollos, en efeuto, vendo estaba, non unha, senón váreas horribres feuras que retorcéndose, subían, baixaban iameazábanse unhas ás outras.

Eu sudaba co medo, vía próximo o meu fin, e pensaba que aqués pantasma mostruosos, desputaban uns cos outros a millor maneira de esbandallarme e repartir logo os meus desposos.

¡Que angustias tan grandes pasei! ¡Que istantes aqués máis espantosos! Soilo os reos de morte cando están en capilla, poden sufrir tanto como eu sufrín estonces.

129 Publicado n' *A Monteiro*, n.º 6, 10-XI-1889, pp. 41-42.

De pronto un daqués xigantes bótase sobre o outro iambos desaparecen da miña vista. Os dous morreron, dixen prós meus tembrorosos adrentos; pro seguían moitos aínda en pé iesto non me deixaba asosegar.

Non sei porqué, púxenme a pensar estonces na miña situación se un golpe de tos me acometera naquel mesmo instante, e, craro está, non tardou en comenzarme a pica-la gorxa. Sintín ganas, moitas ganas de toser... quixen conte-lo alento... tapei a boca; pro todo en vano: no médeo da máis terrible congoxa, sintín un cachambre, volvín a cabeza a toda présa e... ¡¡¡tosín!!!

Crimme naquel momento xa perdido e non sei cántos pensamentos me viñeron á mamoria. Non tardaría en verme preso, morto, escalazado, comido, etc.

Volvín outra vez a cabeza; mais... ¿que era aquilo? Eu xa non vía nada; aquela lexión fuxira, desaparecera como por encantamento.

Fun recobrando con esto a tranquilidá iestonces recordei que me durmira deixando a luz alcesa. Espriqueime pois todo.

A tos torcendo a chama da vela e fundindo os anaquiños de espelma, que a rodeaban cal soldados que fan a garda, fixéraos desaparecer.

Escusado é dici-lo que eran, os tales pantasmas e xigantes, pois a naide se acultará que os que tanto medo me puxeron, e que tanto me fixeron sufrir, non eran senón os que chaman os rapaces *vellos*, ó refrexarse na paré, e que os seus brincos causábaos a chama coas súas oscilaciós.

Durmín logo xa libre de medos, e cando á mañá espertei pensando no que me pasara, fíxeme esta refreusión “¡Cantos toman por cousa certa e verdadeira o que non é sinón produto da febreinta imaxinación nun instante de terror, e cantos desto se aporveitan pra facer comulgar á humanidá con rodas de muíño!”

Desde entonces xa non creo en bruxas, meigas, trasnos, etc., e perdín o medo ós esqueletos e calaveras.

Pro non a certas presoas. Ás sogras, por exemplo.

A. M.

Antón o sempre¹³⁰

Xan, Antón e Míngos eran moi amigos, tanto que na aldea chamábanlles “os tres irmáns”.

Nas ruadas, víaselles xuntos; xuntos iban á vila e xuntos, en fin, andaban por tódolos lados.

Traballar non traballaban; pro máis amigos de lería e máis adivirtidos, tampouco os había en tres légoas á redonda, así que, ruada, fiandón ou festa onde non estivesen eles, parecía morta e sin xeito.

Polo demais eran os tres tan simpres e sinxelos, que os enganaba un neno e como nenos ouvían os sermós que lles botaba o Abade ios vellos do lugar, pra que deixasen a vida de vagos e se puxesen ó traballo.

As pormesas nunca faltaban, que pouco caro custa facelas; pro cumprilas logo, xa era outra conta, ios poucos bes que herdaran iban pra baixo, sin trazas de millorar en nada.

Un día os tres amigos tiveron unha conferéncia, dempois da misa maor, na que o señor Abade falara da vagáncia ios viciños torceran a cara pra miralos, como quen di: “esa vai con vosoutros” e dempois de botar un cigarro, dixo Xan:

- Vosoutros ben véde-lo que pasa. Na aldea xa non nos miran ben e chámannos vagos; o Abade diríxese a nós e todos o comprenden; perciso é traballar pra botar de enriba esa nota.

- Traballar, dixo Antón, ¿e ti tes xa en que traballar? ¿Non vindiches as últimas tenzas que che quedaron de teu pai e como a ti fixémo-los máis? E se non temos bes que traballar, o que é nos alleos escusas pensalo, que pra pagar e pagar un xornaleiro, millor cho queren que teña fama de traballador, que non a nosoutros, que xa sabes, chámannos: “os das maus brancas”.

- Pois se non hai traballo na casa buscarémolo fóra. Acércase o tempo das segas, pois a Castilla, dixo.

O porposto por Míngos foi do agrado dos máis ien efeuto, ós poucos días, cun saco ó lombo colgado dun pau, traxe branco de estopa, unha manta vella iun fouciño, dispidíronse dos seus amigos e marcharon cara a Castilla.

A marcha dos tres mozos foi de sona iá porta de tódalas casas saían pra dálle-lo adiós, que por eso, anque eran uns vagos, aínda os quirían ben.

- Sorte, rapaces, dicíalles unha vella, non morrerse por aló.

- Mirade que estedes acó prá festa do patrón, dixo unha moza.

Astra o Crego, que tantas veces lles riñira, deulles bos consellos e unha axuda pra pasar camiño.

130 Publicado n' *A Monteira*, n.º 15, 11-I-1890, pp. 115-117.

Do que foi deles dempois, do caso que lles custou dobrega-lo corpo todo o día iastra das bagullas que verteron a furtadelas mezcradas co sudor naqueles campos, non habemos falar hoxe. O certo io que vén ó caso foi que, dempois de dous mesiños traballando tarde e mañán, mal comidos e non millor descansados, acordaron dar volta pró seu pobo. Cada un levaba forros no peto trinta e tantos pesos io que pra eles valía máis, porbaran que xa non lles asustaba o traballo.

Unha tarde ó fin reuníronse, botaron uns traguíños nunha taberna e dempois de mercar algún pan, pouco, e de enche-la bota, por si acaso a un deles lle iba mal, botáronse a paticar, pensando en gasta-lo menos posibre.

Ós dous días de andar, atoparon unhas silveiras, cousa ben rara naqués campos secos iabrasados, e recordando o tempo en que os tres fuxían ás moras os domingos dempois da misa, comenzaron a comer nelas, astra que quedaron fartos.

- Non se me colle un billizco na barriga, dixo Xan.

- Pois a min pódese-me xa matar enriba unha pulga, respondeu Mingos.

A calor picaba e co gallo de atopar un sito donde tumbarse ó sol, volveron a sigui-lo camiño.

Á cousa das doce, en efeuto, unhos albres iá súa sombra botáronse a dormir un pouco, quedando un deles pra vixiar, non fosen a vi-los ladrós e lles roubasen o froito de tanto traballo e tantas angústias.

Según o pensaron así pasou. Aínda non facía unha hora que estaban como dixemos, cando aló por unha vereda viu o que vixiaba seis homes moi armados de escopetas e trabucos, e médeo morto de medo chamou os compañeiros e despertos xa todos, non tiveron máis tempo nin máis acordo que aganchar polos albres iescondese entre a folla.

Os homes aqueles non tardaron en chegar, namorados do sito, tenderon unha manta no chan, baleiraron sobre dela seis ou sete sacos de diñeiro e puxéronse a repartilo.

Eran ladrós, xa non cabía duda.

Os tres amigos miraban dende o sito en que estaban aqués montós de ouro e, prata ialaxas de pedras que traguían; pro o medo que tiñan non lles permitía dicir “esta boca é miña”.

Como dixemos xa, os tres amigos eran moi simpres e delo deron mostra, polo que vamos dicir.

Dempois de levar un bon pedazo de tempo do xeito que dixemos, Xan, asombrado escramou, cuase sen darse conta:

- ¡Canto diñeiro; quen che me dera namáis que o que coupese no meu pucho!

Os ladrós asustáronse ó prencípeo; pro repostos, miraron, e descubriendo o probe Xan fixérono baixar e sin compaseón deixárono morto dunha puñelada.

A sangue curría a rego e mirando pra ela, dixo un dos ladrós ós máis:

- Ai ho, que sangue tan moura tiña este, parez mesmo tinta.

Mingos ¡Antón trembaban co medo e rezábanlle polo baixo ó patrón da súa parróquia pra que os sacase con ben daquel apuro; pro ó ouvilo dito polo ladrón, Mingos non poido conterse e dixo:

- Craro, ten a sangue moura porque fai pouco tempo comeu moras.

Erguéronse á présa os ladrós, descubriron o burro de Mingos, fixérono baixar tamén e matárono como o seu compañeiro, o probe Xan.

Prós ladrós matar un home non é nada e dempois das dúas mortes quedáronse como se tal cousa non fora, e tumbáronse outra vez, dispostos a botar un soniño, antes de volver a roubar.

Alcenderon lume, arregraron de comer e, craro está, falaron do que pasara con Xan e Mingos, ríndoso ben, mentras Antón estaba entre as pólas do albre tan encollido, que parecía un nobelo.

- Pro home, dixo un dos ladrós, parece mentira que haxa homes tan burros, pois si están calados, non lles houbera pasado nada.

Antón sintiu latexa-lo corazón de gozo e dixo pra si: “caramba, fun eu o máis sábeo” e logo sin conterse berrou:

- Por eso che estou eu tan caladiño.

- Esta é cousa do demo, dixeron os ladrós, a ver ises albres todos.

Non tardaron en atopalo noso Antón máis morto que vivo xa.

- Señor, perdón, dicía xa no chan, perdóenme por Dios.

Ríronse os ladrós con el un pedazo e logo deixárano ir libre.

Antón botou prá súa aldea chorando polos seus amigos, chegou e coas bagullas nos ollos conta desde estonces o que lle pasou, xurando non volver a Castilla.

Os viciños rinse da impreza e facéndolle xustícea, pois Antón é outro home e traballa, quérenos iapríceano; pro puxéronlle: *Antón o Simpre*.

Pola recoleución.

A.

O zorro io galo¹³¹

Ó señor don Ánxel Mansi
Direutor Xeneral de Comunicaciós

Siñor:

Nin o conoso nin o vin na miña vida; pro como do que falaron o zorro io galo deste conto, pódese sacar algo pró millor orden do ramo que vostede dirixe, tómase a libertá de adicallo.

O Recolector

Unha mañán cedo do mes de Maio e cando pouco tempo había que amacera, ergueuse da cama a Tía Xuana e, como muller a máis axenceadora do lugar de Sarela, según a nota que tiña, tan pronto como se presinou, foille a abrir á facenda.

As ovellas xa balaban facía un pedazo no seu cortello io pastor xa agar-daba á porta.

- Moito madrugaches hoxe, Peruchiño, –dixo a Tía Xuana.

O rapaz non contestou: surriuse, deu unha dentada máis grande no codelo que levaba na mau e botou a correr trala avenza, que iba cara á serra.

Abriu logo a vella o cortello das vacas, pra munguilas, e cando marchaba xa pra a cucuña, cunha gran canada daquel líquedo, ouviu un ¡*cacacacá... coooooo!* E volvéndose á présa, dixo falando sola:

- ¡Asús! arrenégote Xudas, iel parece que me mirou hoxe unha bruxa, pois xa me eskuencia das pitas.

Estas non tardaron en persentarse no patio ió seu frente un manífico galo, que con paso maxestuoso e movendo graceosamente a cabeza, paseábase polo curral, non sin amostar de cando en veces que non se eskuencia do seu oficio de proteutor, xa chamando polas galiñas pra amostarlles un grauíño de pan, xa berrando dunha maneira especeal, e como o que di: “coidado, que andan mouros na costa”.

Pouco a pouco o galo ias pitas foron soparándose da casa, buscando que comer as segundas e curutos onde subir o pirmeiro, e dende alí lanzar ó vento un soberbo *cacacacá... co seu correspondente ¡groooooo!* que quer dicir, no lenguaxe da xente de pruma: “moi valente son eu, vídeme con andrómenas”.

Non sei se esto vai ben traducido ou non; pro sempre que o leutor adi-viñe a crave pra entende-los animales, está a tempo de corrirme a prana, sin que eu me enfurruñe.

131 Publicado n' *A Monteiro*, n.º 16, 18-I-1890, pp. 124-125.

O sol escomenzaba a saír por riba da serra, que estaba cerca, ió tendelos seus raios polo val, mil e mil pingas que o recío sementara pola noite sobre as froles, brillaron como si fosen pelras ou diamantes.

Das chamineias das casas subía astra as nubes o fume e saían prós traballos os labregos, levando o carro cos bois, cando o galo, que se apartara bastante, notou algo grave e lanzou un berro de alarma.

Ouvilo as pitas e poñerse a correr en todos xeitos, foi todo un, armándose tal revolición e tal música, que a calquera que non fose galo ou galiña deixara xordo.

- Co... co... co... co... co... co... reee... co... co... coreco... co... reco.

Tal era o que dicían as pitas, mentras fuxían, do que saco eu en secoéncia que, tal modo de berrar, significa algo así como:

- Fuxamos, fuxamos, que xa nos avisa o noso xefe, o galo.

Este, craro está, máis valente e temprado, non fuxiu, pro foi porque non lexos atopou médeo de voar a un albre, dende o que viu logo a causa verdadeira do seu susto: un raposo que, facéndose o morto, estaba tumbado tras unhas silveiras.

Ó velo o galo non poido conterse, e dempois de botar unha risotada, díxolle:

- Ai Xan, seica non tiveches sorte pola noite, ¿eh? Pois o que é desta vez tamén che saíron mal as contas.

O raposo siguiu, como si de veras durmise, sin dar o pé nin a perna, polo que o galo, que era vello iavisado, volveulle a berrar:

- E ti oes, ¿ho? ¡Esperta si queres, que si te ventan os cas...!

A última palabra fixo efeuto, io raposo espriguizándose, mirou pró albre, lambeo o fuciño, como si o tivera lixado de sangue de galo, e falou así:

- Non se pode negar que eres presoa de altos *vuelos*. Tan alto te fuxeche, que cuase non che se ve, ieso que tes unhas prumas iun andar, que... vamos, comprendo non haxa pita en tres légoas á redonda que non sospire por ti.

- ¿E logo si? —dixo o galo. - Vés hoxe moi comprido e non parez sinón que me tras algún recado ou boa noticia.

- Home... direiche. Máis dunha vez ouvín falar de ti ás galiñas iaínda onte estiven con unha que che había gustar, si viñeras conmigo a vela.

O galo riuse astra máis non poder ó ouvi-lo zorro, e logo díxolle:

- Con que quíríame levar contigo, ¿eh? Pro, craro, pra andar máis pronto, na barriga.

- Polo que vexo e te oio, —dixo o zorro—, ti aínda non estás sabedor do *decreto* que saíu... non recordo en que número da *Gaceta*; pro fai poucos días.

- ¿E que di ese decreto? —preguntou o galo—, porque vivindo lexos das cibdás, amigo Xan, perde un astra a costume de le-los periódicos. Conta, conta pois que decreto é ese ianque sexan unhos parrafiños de políteca háncheme de agradar, porque ti lerás, ¿non é verdá?

- Eu leo, –dixo o zorro–; pro leve o diaño un carto pago.

- ¿Como fas logo?

- Pois verás. Fíxencheme amigo dun can pequeno que ten o tío Mingos de Rial, que xa sabes ten a estafeta, iel tráicheme periódicos cantos queira. Onte lin o *Siglo Futuro*, que iba pró Abade de Folgueira, i hoxe déucheme un bon feixe deles, entre os que viña a *Gaceta* en custeón, ioutros que non lembro.

- Tate, tate, –dixo entonces o galo–, xa che sei logo porque che me falaba A MONTEIRA, tanto que tiven que dar-me de baixa. Líala ti á miña conta, eh, lambón.

- Non, as culpas non mas botes todas. O estafeteiro dáche ós seus amigos cantos boletís lle peta, i aínda non fai tanto tempo se queimaron máis de cen en grobas.

- Eso díxome un galo moi meu amigo, que entende de pruma; pro non llo crin.

- Pois pódeshlo crer; pro ¿ti queres sabe-lo *decreto* que dixen?

- Si, dío pronto.

- Pois boeno, –dixo o zorro poñéndose moi séreo–, agora hanse de acabar tódalas riñas. O can io gato, este io rato, eu e ti, hémonos levar como irmaus, comendo nunha mesma mesa e manteles e mollando no mesmo prato. Baixa, pois, que xa quero abrazarte e que me abrace.

Iba nesta chalra o zorro, cando abrindo paso polas mesmas silveiras en que el estivera deitado, apareceron dous cas que pegaron con el non deixándolle óso sano.

O raposo quiría fuxir, pro os cas, turrándolle do rabo, das orellas e das pernas, facíano estar quedo astra que o mataron.

O galo, mentras tanto, dende o albre berráballe:

- ¡Ai ho!, enséñalles o *decreto*, que non saben del.

O raposo morreu io galo estreveuse estonces a baixar; pro antes de poñe-lo pé na terra i aínda na última póla, dixo mirando pra o zorro, que estaba coa boca aberta i amostrando os dentes:

Ai Xan de mil mañas,

¿Ti riste ou regañas?

Pola recoleución,
A. XAQUÍN M. SAAVEDRA

A primeira consulta¹³²

Acabárase a misa ia xente saía da eirexa de Vilacoba.

As mulleres co mandil de picote sobre a cabeza coa cinta pra atrás, marchaban cara á casa, mentras os homes, seguindo unha costume xa vella, formaban corros no adro, nos que se falaba da prúsima cosecha, das quintas, das pagas, da sorte dos que marchaban prá outra banda en busca de fortuna, iastra algunha vez de políteca.

O día a que esta hestórea se refire, un, entre outros corros, distinguíase pola bulla que metía. Todo el estaba formado de rapaces novos no médeo dos que se vía, falando por sete, un vello pequeno, pro rufo, forte e polas trazas falangueiro iadivirtido como poucos.

- Vamos, tío Bértolo, -dixo un dos que formaban o corro-, cóntenos o que lle pasou con aquel avogado de Lugo.

O vello surriuse, mirando pró que falaba, meteu a mau iaínda médeo brazo no peto do calzón, pois tan fondo era, sacou un cañuteiro de metal marelo, del unhos cigarros moi envoltiños nunha verza e despois de molla-los dedos púxose a picar con gran cachaza, dicindo ó mesmo tempo:

- Non, o que é esquecer non che se me ha de esquecer mentras viva, ai ho, que o caso non é pra menos.

- Conte, conte, -berraron entonces os que o arrodeaban-; conte axiña, tío Bértolo.

- Tende pacéncea, rapaces, iacougade un pouco, -respondeu o vello debullando o tabaco entre as maus. Despois botouno nun papel cuase cuadrado e tan forte como o que lle chaman de barba, e coa navalla, que traguía presa cunha correa ó chaleque, acabou de facer un pitillo, que polo grosso, máis ben parecía o fungueiro dun carro.

- Pois o caso foivos dos bos, abofellas, e...

O tío Bértolo non concuriu a palabra, pois saíndo o lume nun misto de cartón que rascaba coa uña, xa non pensou máis que en alcender o pitillo, dándolle unhas chupadelas tan fortes, que era un milagre non se lle fose pola gorxa cigarro e misto.

- Pois o conto, rapaces, -dixo vendo xa con lume o cigarro-, évos tan certo como estamos todos aquí i habemos morrer.

Non facía máis que herdar ó meu pai, que Dios teña entre santos, cando non sei por qué cousas de mulleres, riñimos eu e mailo meu compadre do Biorito, e, craro está, xa non pensei máis que en achar modo de metelo en xustícea.

132 Publicado n' *A Monteiro*, n.º 19, 8-II-1890, pp. 147-149.

Tiña eu estonces un leiro mesmo ó carón doutro que el ten na agra de Lamatreme, e sobre se ó arar entrara ou non o groso dunha peseta no meu tarreo, tiven médeo de empezar a xiringalo.

O teu avó Mingos, –dixo o tío Bértolo dirixíndose a un dos que formaban o corro–, con quen falei do asunto, –¡que razón tiña! –díxome: “Bértolo, mira o que fas antes de ir á xusticea, home, que coa cürea non che hai léreas. Millor é que vos arregredes, anque sexa perdendo algunha cousa e que comades vosoutros o que ha comer logo aquela”.

Eu non fixen caso destes consellos, e contesteille que cada un coa súa lei, e que a xusticea é a que dá a cada cal o seu.

- “Déixate de contos, ho, –volvíame a dicir o tío Mingos. O avogado, o percurador, o esquirbano ios seus oficiás, as mulleres ia familia de todos, sin contar con outros galafates que non nomeo, ¿quen os sostén máis que os cabezados que se empeñan en ter preitos, cando se houbera boa fe e voluntá, todo se podía arregrar?”.

Percurei non alcontrar máis a quen tan bos consellos me daba e non fixen máis caso de amonestaciós de tal xeito. Siguín forte nos meus trece e soñando acabar co meu compadre.

Unha mañán metín unha boa presa de cartos no peto, pois vendera os bois e tiñaos frescos, e despois de botar un trago de auga, pensando no bon viño que venden na vila, botei camiño dreito pra aló.

O meu pensamento era toma-lo parecer de dous ou tres avogados, si cadraba, que me desen a razón, fose torta ou dreita, porque somos tan cabezás ás veces os peisanos, que non temos contento astra que nos dan polo pau.

Andar andiven váreos letrados; pro ningún me daba gusto e xa encomenzaba a pensar en virme prá casa, cando a miña, non sei si chamarlle sorte ou disgrácea, fixo que batese cun home, que envolto nunha bifa xa roxa, cunhas bandas marelas, paseábase baixo o pendello que hai á porta do Consistóreo.

Debeume ventar o tal cara de preiteante iel era por forza un picapreitos dos que saben a agulla de marear, pois foise arrimando a min ió cabo dalgún tempo, cuase sin saber cómo contáballe eu o que me pasaba nunha docería, donde por certo nos puxeron un risóleo que daba xéneo.

- Xa mo parecía, tío Bértolo, –dixo con voz bulrona un dos que ouvían.

- Home, –respondeu o vello–, que queres que che diga: un goto, si cadra, de paso que vai un ó pobo...

- Siga, siga, tío Bértolo, –dixeron os demais–, e non lle faga caso a ese, que llos bota sin ir ó pobo.

O vello tirou con forza polo cigarro, sacudiulle a cinza e convencido de que estaba morto púxoo detrás da orella e seguiu deste xeito:

- Pois como vos iba dicindo, o tal presonaxe, despois de atacar canto quixo, e non foi pouco, que me saíu a conta por riba dun peso, levoume a cabo dun avogado da toda a súa confianza, según dixo, e que me había deixar con-

tento. ¡Malpocado! dicindo que si a todo, tamén che eu dou consultas, i outra cousa, así eu medre, como non fixo.

Pro, en fin, como me daba a lei ieso era o que eu buscaba, legreime, e pra ter con que dar nos fuciños ó meu compadre ió tío Mingos, pidinlle a consulta por esquirto.

Iaquí entra o bon da hestórea.

Por non encomoda-lo avogado, craro é, calámo-los dous ieu cuase non me estrevía a folguexar.

Xa levaba o avogado un bon pedazo de tempo esquirbindo e no carto non se ouvía máis que o *rac rac* da pruma sobre o papel, cando sintín, baixo os que había escagallados sobre da mesa, un ruxido moi pequeno, así como se un rato estivese roendo.

Eu, despois de estar algún tempo escoitando, crino así e dunha vez levantei a moca que levaba na mau; pro naquel instante levantouse do asento e todo cheo de medo preguntoume berrando:

- ¿Que vai facer, home, que vai facer?

O tal sin duda tiña concéncea de que estaba mintindo e tiña medo.

Percurei tranquilizalo como puiden, volveu el a esquirbir ieu a escoitar e ouvi-lo mesmo ruxido.

Estonces eu xa non me puiden conter e crendo facer ó avogado un grande servicio, que mo había pagar poñendo ben o esquirto, coa présa ia forza que puiden levantei a moca e deixeiña caer no mesmo sito en que me pareceu estaba o rato.

Do que despois pasou cuase non me dou conta. O avogado púxose a berrar chamándome besta, zote e non sei cantas máis, no que lle axudaba o meu acompañante.

Eu, craro, quixen espricar o que pasara, ó meu modo e díxenlle ó avogado:

- Señor, desemule. Un ratiño estáballe roendo os papés e quíxeno matar.

O avogado levantounos e sacando de debaixo un riló esmagado e feito pedazos, restregoumo nos fuciños dicindo: “Mire o rato, besta, mire o rato”, e despois fixome pagar por el, en bon amaño, corenta pesos.

- ¿Pro vosoutros pensades que me dou pesar por aquilo?

- Non, que vosté riuse, –dixo un dos rapaces.

- Home, –contestou o vello–, direiche: ó prencipio non direi que non sintise o socedido; pro logo botei as contas e dixen para min: “Raiola, se a primeira visita me salta en corenta pesos, ¿a canto subirá o conto ó fin?”

E podédesmo crer, non quixen máis preitos na miña vida.

Saíu entonces o Abade da eirexa i acercándose ó corro, preguntou:

- ¿Iel que hai de novo?

- Señor Cura –dixo un dos rapaces– élle o tío Bértolo.

- *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra* -

- Boeno, boeno, –dixo o Abade marchando–, pois que vos conte o que lle pasou en Lugo.

Ríronse todos da acurréncia e marchándose cada un pró seu lado des-
fíxose o corro astra outro domingo, si Dios o quer.

A. XAQUÍN M. SAAVEDRA

Lugo, Febreiro de 1890.

A picardía dun esquirbano¹³³

Non fai moitos días que recibín unha carta dun apreceabre suscriutor, amigo meu, na que me mandaba un bon número de cantares gallegos prá coleución que deles estou formando, cousa que abofellas lle agradecín¹³⁴, e nunha P. D. dicíame o que sigue.

“Meu bon amigo: si vosté quer darme gusto, faga o favor de publicar contos como o de *O zorro io galo* i *A pirmeira consulta*, lendo os que rimos ben a carón do lume na casa do señor Abade, fai tres noites”.

Desexando pagar ó meu amigo dalgunha maneira o traballo que se tomou mandándome canciós, púxenme a remexer na mamórea, e xa tiña de mentres non alcontrar nada, cando, non sei cómo, topei co que vou persentar ós leutores de A MONTEIRA, e que non é mintira, como pensarán algús. Ouvino a presoa non afeitada a mintir iaque non teño o aquel que ela tiña pra contalo, aló vai como salla.

—

Pois, amiguiños del Señor, era por aquel tempo Capitán Xeneral, Persidente da Audéncia e non sei qué cousas máis, D. Nazáreo de Eguía, Marqués de Montes-Claros e outros títulos, que postos en ringuileira, chegarían como de aquí a mañán.

Pintannos a este presonaxe unhos como un tirano, amigo de face-lo que lle petaba e nada máis, sin respeto a naide; e outros, polo contráreo, como verdadeiro melitar, infreusibre, reuto iamigo de que se comprise por todos o deber, sin peros nin distingos.

Non quero agora sonsacar cáles dicen a verdá, anque penso que ben a poideran repartir, e vou ó conto, que é o que máis empорта.

Tiña o tal Xeneral unha xenreira ós caciques e esquirbanos, que non os podía ver, ou millor dito quizabes, víos en todas partes. A razón eu non a sei no tocantes ós pirmeiros; pro en canto ós segundos, presoa que llo ouviu, díxome que, sempre que se tratava dalgún, soía dicir moi enfurruñado e botando quizabes un deses xuramentos que se escapan ó máis pintado, cando se encomoda: “*Un esquirbano acabou a miña casa, ieu hei de acabar con todos eles*” iabofellas que percuraba cumprilo. Ben que estonces eran os esquirbanos máis esquirbanos que agora.

133 Publicado n’ *A Monteira*, n.º 23, 8-III-1890, pp. 178-180.

134 Nota do autor: Como llo agradeceréi a cantos mos queiran mandar, pró que non teñen máis que esquirbilos como os oian, metelos nun sobre e dirixilos ó “Direutor de A MONTEIRA”.

Atento sempre, pois, a xiringar un, cando se lle presentaba acaseón non a deixaba fuxir e mandavos, unhas veces desterrados, ioutras, despois de facerlles pagar boa multa, a facer *exerciceos espirituales* ó mosteiro de Herbón.

Do porveito que dos tales *exerciceos* e *penitências* sacaban os da pruma, non podo dicir nada, anque contar ouvín que, foi tal a maneira de rezar e poñerse cos brazos abertos que tivo un, o máis pillo que había en Galicia, que os frades esquirbíronlle ó bon Capitán Xeneral dicíndolle “que os *edificara* coa súa vertú no tempo que estivera entre eles”. E volto a saírme do conto sin vir ó caso. Volto a el, pois, de novo.

Foi o caso que nun pobo, non sei qué argallada fixera un esquirbano, metendo no lío ó Alcalde, probe labrego, que non sabía da misa a médea e polo tanto, a que lle xugaba aquel. Estonces, como hoxe, tamén había polo visto alcaldes firmós, estromentos soilo do cacique, e que non saben quizabes ler, nin están *libres de quintas*, como non fai moito tempo soupen socedeu na porvíncea de Ourense.

Sabe-lo que pasara Eguía, chamar pra que se lle presentasen ó esquirbano ió Alcalde, e poñerse estes en camiño pra Santiago, que era por aquel tempo a capital de Galicia, todo foi un.

Queixábase o Alcalde polo camiño da súa sorte e tembraba, pois ben sabía cal era o xenio do Xeneral, e non iba moi tranquilo o esquirbano, que, nin tiña gana de ir a Herbón, nin tampouco de solta-los cartos da multa, e descorrendo, descorrendo, véuselle á mamórea unha idea pra xiringar o Xeneral e librarse el de que quizabes lle rompese a cabeza co tinteiro, e percurou poñela en práctica.

Porque os seus *posibres* llo permitían e porque o seu ofíceo así llo eisi-xía, tiña o Esquirbano unha moi boa lavita de pano Sedán, que poñía cando iba ó pobo e posta levaba na acaseón de que falamos, iesto, sabíao ben Eguía. O Alcalde, polo contráreo, como probe labrego, soilo tiña un bon traxe de pardo monte i un sombreiro de felpa, de médea copa, que herdara dun seu tío crego e que poñía cada ano unha vez: o día da festa do Patrón. Aquel día, sen embargo, e pra presentarse ó Xeneral, puxo todo o novo.

Xa se vían as torres da Catedral Compostelana e quizabes se ouvía o ruxir da xente, própeo das grandes pobraceós, cando o Esquirbano, volvéndose ó Alcalde, díxolle:

- Ai tío Pedro ¿sabe o que vou pensando?

- ¿E que? contestoulle o Alcalde, deixando de churimicar un pouco.

- Pois aténdame, dixo o Esquirbano. Vostede é o Alcalde, a autoridade, o xefe, coma quen dí, e non está própeo que se presente ó Xeneral así de chaqueta de pardo-monte, calzón remontado i a camisa sin apranchar.

- E si non teño outros paxelos, dixo o peisano, ¿que quer que lle faga, D. Libóreo?

- Home, verá o que se me acurre. Así que cheguemos á pousada en que habemos deixa-las bestas, vosté vístese coa miña roupa ieu poño a que vosté

leva, que así como así a min o mesmo che me ten ir dun xeito ou doutro ió Concello non lle convén que o Xeneral vexa o Alcalde vistido de labrego. Vosté xa sabe o que pasa. Despois logo din: “No Auntamento de Tal sito todos son labregos, pois cargarlles ben a mau”.

Caíeu o peisano no lazo iacedeu a canto o Esquirbano lle dixo. Chegaron á pousada, botaron os dous un neto, que pagou o Esquirbano, e logo encomenzaron a cambear de traxe.

Caro lle custou ó bon do Alcalde abrocha-lo camisolín e sudou bastante pra mete-la lavita. O Esquirbano, en cámbio, tiña que tirar a cada momento polo calzón, pois quiriáselle escapar prós pés, e pra que esto non lle pasase diante do Xeneral, non tivo máis romédeo que baixar á cuadra e sacar da albarda un cordel, co que arrodeou a cintura.

Arregrados xa, saíron cara ó pazo do Capitán Xeneral. O Esquirbano remexíase dentro da roupa, tan frouxa, que ben podía meter nela outra presoa. O peisano, polo contráreo, cuase non podía andar. Levaba os brazos aseparados do corpo médea vara, o sombreiro no curuto da cabeza, as maus tesas dentro dos goantes e de vez en cando sintía frío e medo ó ouvir estralar as puntadas do calzón ou da lavita.

Ó fin chegaron e fixéronos entrar donde estaba o Xeneral, que ó velos, deixou sobre a mesa unhos papés que estaba lendo. Quitou o bon Alcalde o sombreiro ios dous saudaron cunha reveréncia tan grande, que no lombo do probe do labrego sintíronse estralar, polas trazas, unhas cen puntadas.

Como o Xeneral sabía ben que o Alcalde era un probe labrego iade-mais, que no caso que motivara o chamalos, fora enganado polo Esquirbano, pensando dirixirse a este, pegou co Alcalde, chamándolle, non mil e catro centas, millós e millós de cousas, ameazándoo con botalo a persídeo para toda a súa vida, etc., etc.

O bon do labrego sudaba io sudor currialle pola cara. Quixo falar; pro o medo por dentro io camisolín por fóra, apertándolle a gorxa, non deixaban saír palabra.

O Esquirbano, mentras tanto, e detrás do Alcalde, non desapregaba os lábeos, facéndose o asustado. Ó bribón saíralle a maraña prefeutamente.

Ó fin cansouse Eguía de pradicar e falando co labrego, entendendo, como sempre, que era o Esquirbano, díxolle: “Agora mesmo se me persenta vosté no cuartel do *Río dos Sapos* a partir leña, que non pra outra cousa serve, picaro”; e logo dirixíndose ó Esquirbano, que tomaba polo Alcalde: “e vosté non deixe enganarse outra vez, si non quer que lle pese, e váiase prá casa”

Saíron os dous presonaxes de xunto o Xeneral, pró seu pobo o Esquirbano, máis ledos que unhas páscoas, e hacia o *Río dos Sapos*, acompañado de dous soldados, o probe Alcalde, chorando a súa disgrácea. Enteírouse o oficial de garda da orde do Sr. Eguía e fixo que ó afrixido Alcalde lle desen unha macheta, pra que escomezase a cumprila.

A disgrácea era croel ió pirmeiro golpe que quixo dar nun pau groso, empezaron a estralar as custuras da lavita, quedándolle as costas ó aire. Choraba o labrego e fóronselle acercando váreos soldados ioficiales ientre eles o Maior, que perguntou e soupo a verdá por boca do bon Alcalde, que puxo no auto en conocemento do Xeneral, quen quixo ouvir ó peisano, dicindo ó fin:

- Este é o pirmeiro Esquirbano que me xiringa en Galicia.

E soltou un taco groso como unha morcilla.

A. XAQUÍN M. SAAVEDRA

Lugo, Marzo de 1890

Remédeo contra a fame¹³⁵

Sempre tiveron en Galicia os xastres fama de casamenteiros e máis dunha vez souperon lamber, como tales, bos regaloños e larpadelas, así é que non hai que estranarse que Míngos da Crencha se valesse de Xan do Ludrio pra acomodarse, e que este consiguise darlle gusto.

Das marañas de que se valeu o bon Xan, que era o xastre de máis sonda en tres légoas á redonda, non hei falar. O que queira sabelas que busque a coleución de A MONTEIRA e nela un artículo do meu amigo Alonso titulado “O Chufón”, onde se describen ás mil marabillas. Xan revolveu e revolveu i ó pouco tempo asistía á voda do bon Míngos con Mari-Pepa do Rocho.

Os primeiros días pasáronse ben; pro probe Míngos tiña sogra ió pouco tempo, por non desmerecer esta da crase, que din algús é da pel do deño, encomezou a quitarlle ó raceón, astra que o bandullo, máis cheo de aire que de pan, bruaba, e non podía dicir o daquel rapaz, a quen, cando lle perguntaban se estaba farto, contestaba: “sí, que xa podó matar unha pulga na barriga”.

Máis morto que vivo e dando ó deño a súa sorte ia manía de casarse, Míngos topou unha tarde que viña da arada co xastre. Saudáronse e logo encomezaron a falar deste xeito:

- ¿E como che vai, Míngos; iel tiven ou non boa mau?

- Home, contestoulle aquel, quitando un coto de cigarro de detrás da orella e alcendéndoo cun misto de cartón, no tocantes á muller non podó queixarme. Estímame ben e quéreme; pro, meu amigo, matar mátancheme á fame e si esto sigue así, vamos, que non sei cómo vai a ser.

- ¡Boo!, dixo o xastre, pois si non é máis que eso eu che darei un remédeo pra que che den de comer ben.

- Pois diga, diga presto, contestou Míngos, que anque o remédeo sexa ben malo, heino facer, pois a fame dálle valor pra todo.

- Pois boeno: ti tratas de facer un vistido e na casa dices que me has chamar a min, dixo o xastre.

Míngos botou a man á cabeza, como a quen di: non che me parece tan fácil a cousa, cuspiu e dirixíndose ó xastre, díxolle:

- O que é por min non hai incomeniente; pro na casa teñen xastre axustado por todo o ano e...

- ¿E que che importa eso?, apurouse o xastre a responder. Si che din algo contéstaslles que ti eres quen pagas e que polo tanto que os teus cartos fas o que queres.

135 A primeira parte deste relato foi publicada n’*A Monteira*, n.º 28, 12-IV-1890, pp. 221-222.

Pareceulle a Míngos ben o consello: foi á vila, mercou pano e logo mandou chamar o xastre, que veu ensiguída, anque dicindo e rípitindo que soilo por ser pra un amigo deixaba tanto choio como tiña e pra despachalos que “¡maus que tivera!”. Non se lle esqueceu ó xastre perguntar nin ó da Crencha dicir onde tiñan os vellos gardado o pan, que era nunha artesa que había a carón da lareira e xa sabedor do que quiría, foise o bon do xastre a coser onda o lume sentándose na pedra e sirvíndolle a artesa pra cortar.

Chegou nesto a hora de bota-la parva ia vella, que ouveaba coa fame, vendo que non podía ir ó pan, aporveitou a acaseón e dirixíndose ó xastre, díxolle:

- Ai señor, veña pois a almorzar prá sala.

Ben sabía o xastre que significaba aquela maneira de quitalo da cucuña, así é que, sin darse por vencido, contestou: “onde tallo almorzo”, sin que o poideran arrincar do sito.

Pasou a mañán e chegou a hora de xantar ia vella volveu coa múseca de antes, convidando o xastre para que fora á sala; pro aquel, como sempre firme, contestou outra vez: “onde almorzo xanto” e sin saír do sito, onde almorzou comeu.

Maldicián os vellos o xastre io xenro que o trouxera prá casa e todo se lle volvía á pirmeira andar ó redor da hucha ou artesa; pro o maestro, sin darse por entendido, seguía cosendo e botando canciós polo estilo desta:

Pola mañán danme papas,
Ó xantar papas me dan,
Á merenda papas solas
Iá noite papas *sin pan*.

E cargaba ben as últimas palabras, pra que as oíse a vella.

Chegou a noite e volveu a vella a dicirlle ó xastre:

- Ai Tío Xan, véñase a come-lo caldiño aquí, señor, que nese currunchu cuase non ve.

- “Onde almorzo xanto e onde xanto ceno”, respondeu o xastre, e sin saír do sito comeu o caldo enriba da artesa.

Soilo lle quedaba á vella unha espranza, iera que o xastre se fose prá cama iestonces ir á artesa, pro tamén esto lle saíu mal, pois o xastre volveu a dicir: “onde almorzo xanto, onde xanto ceno ionde ceno durmo”, e tumbouse sobre a artesa a durmir.

(*Continuarase*)

Pola recoleución
A. X. A. M.

Remédeo contra a fame (1)¹³⁶
(Concruseón)

Fóronse na casa todos prá cama; pro o probe do vello, que non probara en todo o día anaco de pan, ouveaba coa fame e non podía durmir, así é que ó pouco tempo díxolle á vella:

- Ai muller, eu mórroche de fame se non me tras algunha cousa con que matala.

- Deixa que durma o xastre, dixo a vella, e despois xa veremos.

- Boeno, contestou o vello, cuase sin poder falar, en canto ronque e xa que non quixo saír de sobre da artesa, faime unha torta de millo na mesma borralla.

Pensou ó fin a vella que durmía o xastre e levantándose amodiño, colleu cara á cucuña, amasou o millo e cando iba a poñela torta na lareira, o xastre, que se facía o durmido, pro que ben estaba vendo canto pasaba, levantouse, e despois de facer que se esperguizaba, díxolle á vella:

- “Ai tía Sabel, e vosté aínda non se deitou, señora, ieso que lle fai un frío que tolle. Eu voullume a quentar” e... meu dito e meu feito, o bon do xastre foise sentar a carón do lume ialí escomenzou a espricar á vella, que o ouvía como si ouvira ó deño, unha partixa que tiña e un preito que lle puxeran os seus irmaus, polo mor dunhas augas.

- Eu teño, coma quen di, esta leira, dicía o xastre, escagallando cun pau a borralla; ios meus irmaus estoutra, ió mesmo tempo volta a ciscar todo. Polo médeo dos leiros pasa un rego de auga, ió mesmo tempo ¡zas! a cinza ias brasas rolaban por toda a lareira iasí siguiu o pícaro astra que non deixou nin sinal de lume, partindo tamén en cen anacos a bola e quedando a vella tan bulrada que tivo que volverse prá cama sin consigui-lo que quería.

Agardaba o vello con anseada a bola; pro cando a vella lle contou o que pasara e como o xastre lle desfizera a torta, tirando coa borralla, todo se disgraceaba ió pouco tempo díxolle á súa compañeira:

- Muller, por Dios, que eu non poido máis; xa que o diaño do xastre non nos deixa come-la bola, vaiate agora pra alá, pois ha de estar durmindo, e mira si me podes facer unhas papiñas.

Ergueuse de novo a tía Sabel e como tamén tiña unha fame como un lobo, foise á cucuña outra vez pra ver si podía darlle gusto ó bon do vello.

O xastre roncaba pra que a vella crese que durmía iesta, pensando que certo era, alcendeu lume, arregrou as papas e púxoas a ferver; mais cando estas

136 Nota do autor: Véxase o número 28. O autor refírese con esta nota á localización da primeira parte deste relato, do que se reproduce a súa segunda parte n' *A Monteira*, n.º 30, 26-IV-1890, pp. 233-234.

encomenzaban a facer pa... pa... pa... pa, o xastre estalicou os brazos e botándose da arteza foise outra vez pra onda o lume.

- E sabe, tía Sabel, que non se lle para hoxe co frío, díxolle o xastre á vella, que nin siquera lle respondeu coa rabecha que tiña no corpo.

Siguiu o xastre facendo que se quebataba ió pouco tempo, quitándolle cun guizo ó pucheiro o testo, preguntou:

- Ai tía Sabel, ¿iel pódese sabe-lo que ten neste pucheiro?

A vella maldita a gana que tiña de contestar co xastre; pro xa non tivo máis remédeo e díxolle que eran unhas poucas de liñas pra branquear.

- Pois na miña terra, dixo entonces o maestro, coa malícea que tiña de non deixar comer nada á vella, bótanlle unha presada de borralla; e colléndoa da lareira, ciscouna drento do pote.

Ó ver o feito do xastre, marchouse a vella prá cama, xurando non volver á cucuña, e contoulle ó vello canto lle pasara.

Pasou un bon pedazo de tempo; pro como a fame aumentaba io vello xa non podía agoantala, volveulle a dicir á súa compañeira: “muller, vaime siquera a buscar un sombreiro de castañas á barra”.

- Eu non che poido subir, vai ti si queres.

Io probe do vello ergueuse e foi polas castañas.

Ben o viu subir o pícaro do xastre; mais estivo moi quedíño a ver en que paraba o conto.

Ó pouco tempo baixaba xa o vello, moi ledo, porque consiguira o que desexaba ientonces o xastre púxose a berrar que os ratos lle levaban as tixeiras, e pegándolle ó petrúceo no sombreiro, que traguía cheo de mallas, escagalloullas todas polo chan. O patrón quixo berrar; pro atragantóuselle unha castaña que viña comendo, e non tivo máis acordo que fuxir á présa daquel sito.

Chegou o vello á cama alasando e díxolle á súa parenta:

- Ai Sabel, e ti que pensas desto.

- Home, respondeu aquela, que o xastre debe de estar tolo.

- Non, pois eu, reprecou o vello, parezme que aquí anda a man do xenro, que se quer vengar da fame que lle fixemos pasar.

- E mais tes razón, dixo a vella.

Calaron os dous pasaron a noite como poideron ió día siguiente todo se lle volvía aloumiñar no xenro, que comeu pan, do que xa non volveu a ter fame; e si notaba que lle quirían quitar a raceón, logo dicía:

- Vaia, teño que facer un calzón ihei chamar o xastre de Ludrio.

Co que logo a vella abría a arteza e dicíalle ó xenro:

- Mira, Minguíños, aquí te-lo pan: come meu fillo, come, que a fame non é boa.

Pola recoleución

A. X. M. S.

Conto heráldico (?)¹³⁷

De certo pobo da Mancha, distinto, anque viciño ó en que pasou a súa infáncia o nunca como se debe alabado D. Quixote, é fama que saíu nunha acasión un cabaleiro, montado en moi brioso faco, na compañía dun moi valente escudeiro e ambos a dous pertrechados de tódalas armas en uso naquel tempo.

Desdés da súa dama io desexo de distinguirse con algunha aución ou feito que poideran canta-los trobadores pasando logo á hestórea, impulsárono a deixa-la pracidade do ritiro en que vivía ia troca-las comodidás do castelo, pola vida chea de desventuras do andante cabaleiro. Un cuartel máis no seu escudo: esta era toda a súa ambiceón e pra consiguilo que todo o sacrificaría con gusto.

Procamando a sin par bunitura da súa desdeñosa amante, contan xamais vistas crónecas, que recorreu médea España, esnaquizando lanzas aquí, facendo piniténceas aló e rindindo ó poderoso impulso do seu brazo de ferro centos e centos de cabaleiros, das *táboas redonda, cuadrada e polingonal* unhos, dos *espellos* os outros, de *Mantua* algún e moitos de *Chinchón, Móstoles, Redondela, Bouzas, Ribadavia* ia *Chanca*. El din as menceonadas crónecas, meteuse de cabeza nos *Inferniños* de arriba e de abaixo, facendo campo das súas fazañas a *Mourería*, sin que nin alí os condenados nin acó os anemigos da Crus poideran resistilo. Tal era o ínclito e sin par cabaleiro D. Beltrán de Matamouros e Tragapenas.

Rotas levaba xa o bon D. Beltrán máis testas e crebadas máis lanzas que o famoso D. Suero de Quiñones no célebre *Paso honroso* e máis veces que o seu viciño D. Quixote vira confesada a fermosura da súa dama, por quen nin os ollos con ela cruzara, e molidos os ósos (ia bon milagre debemos achacar non atopase no seu camiño ó célebre manchego, cuia fama houbera así morto en mantillas) cando certou a pasar por un pobo, de cuio nome estou farto de recordarme; pro que non quero neste instante dicir, e buscando donde parar, pareceulle máis axeitado un castelo, enriba de cuia porta víase monumental escudo e nel caldeiros, lagartos, cabezas, peixes, coitelos, cadeas, etc., etc.

“Habitantes deste castiello, los que fuerdes, berrou o escudeiro, abrid las puertas, tañed los instrumentos e facede resonar las bocinas e dejade libre paso al Sr...” as demais palabras alcóntranse borradas na crónica iaínda as trascritas foi perciso lelas escuras pra entendelas.

E naide se estrane de que o escudeiro falase en castillano, porque, como dixemos xa, o fidalgo era manchego io seu criado cormau de Sancho Panza.

137 Publicado n' *A Monteiro*, n.º 32, 10-V-1890, pp. 252-253.

Queixáronse estonces as cadeas, baixando o ponte levadizo, ananos e bufós saíron a felicitar o viaxeiro, a quen espraba en luxoso salón o dono do castelo ialgunhas damas, de tan singular fermosura, que por un pouco de tempo quedou D. Beltrán como ofuscado e astra esqueceu a súa, pecado ou crime do que xamais puido consolarsen e que sempre confesou, pra bochorno seu e insinanza das sucesivas xeneracións de cabaleiros, que nunca, dicía el, deben deixarse seducir por viles aparéncias.

Faremos aquí grácea ó leutor dos cumpridos e galanterías que usaron no salón o cabaleiro *andante* io *estante*: aquel fincou a súa rodilla unha e outra vez e bicando as maus ás damas, botoulles piropos deste ou parecido xeito:

- *Fermosas señoras, lindas sode e discretas, mas ¿qué fuerades al lado daquela que cautivó el mio pecho e conquistó el tierno corazón que nel se guarda? ¿Qué fuerades al lado daquela incomparable criatura por quien vengo de luengoas terras e corro las de España haciendo disparates?*

Falouse despois desto, como era costume en acasiós tales, de caballería ió final da comida apareceron de novo os bufós pra divirti-los comensales dicindo desvergonzas, io trobador pra cantar unha canción á desconocida dama do cabaleiro, co que, moi satisfeito foise este a descansar do seu largo e viutoreoso paseo.

Oh mozos, escramaba ó saír daquel castelo o noso bon D. Beltrán, fuir, fuir de las ocasiones, non vos dejedes arrastrar de las tentaciones; e dicía esto, según os máis notabres comentaristas das desconocidas crónecas que citamos, porque si antes ó ve-las damas do castelo, cometera o imperdonable crime de esquece-la súa dous segundos e médeo, despois iá vista dunha cama de pruma non puido resisti-la tentación de probala, quedando ó pouco tempo durmido iasustando os ratos cos seus ronquidos.

Non podían quedar sin castigo tan fortes ofensas á íncreta orde dos cabaleiros vagos, ou millor dito, andantes i ós poucos minutos despertou D. Beltrán dando ó deño a súa sorte: as pulgas, que polo visto habíaas a feixes alí, cravaban o seu ferrete no coiro do cabaleiro, non séndolle pusibre cerra-lo ollo máis en toda a noite. Coa vixilia, caeu D. Beltrán na conta dos pecados que cometera e estaba cometendo, e tirándose da cama púxose a pasear, improvisando trobas á dama dos seus pensamentos.

Era o tal bon señor vivo de xenio, polo que poucas veces acougaba nun sito iandando polas habitacións que atopara abertas, chegou a un corredor, no que viu unha gran pedra de armas, á luz da lúa; mais como os páledos raios de Diana non lle permitisen distingui-los cuarteles ias lendas, foi ó seu cuarto e collendo unha caixa de mistos volveu ó corredor. E aquí faremos notar, cun dos máis célebres anotadores, que non ten de que alabarse o sigro XIX, pois polas trazas xa estonces se conocían as cirillas.

Ensaminando dispáceo a pedra dita, logo o Sr. Tragapenas notou unha lenda, e calando os seus antiollos e despois de gastar unha ducia de mistos, puido discifrala, dicía así:

AQUESTE VELARDE QUE LA SERPIENTE MATÓ CON LA INFANTA SE CASÓ.

Non costa porqué naquel istante se lle acordaron ó cabaleiro as pulgas e poñéndose de malas idem colleu un lápiz Faber número 1 (outro descubremento) e puxo debaixo da lenda trascrita:

SAQUESTE VELARDE LAS PULGAS DE SU CASA MATARA MAS QUE CON CIEN INFANTAS SE CASARA

Como pasou o resto da noite, non se sabe; pro si que á mañán ben cedo vistiuse, tomou *chiculate con pan de Viena*¹³⁸ e auga con zucrillo, e montando marchou do castelo en busca de aventuras.

Quizabes outro día volveremos a atopalo; pro por hoxe cumprimos co noso ouxeto, que non era outro que espricar o porqué da lenda do dito escudo, astra hoxe no mistéreo ió mesmo tempo espresa-la nosa opineón sobre os nomes de *Inferniño* e *Mourería* que levan algunhas calles e barrios de Santiago e Pontevedra e recordan sin duda auciós do noso heroe.

A. XAQUÍN M. SAAVEDRA

138 Nota do autor: Alguén pensará que este é un anacronismo, pro nada menos certo. Sábese que Viena é moi antiga e presúmese que sempre alí se comeu pan.

A manda¹³⁹

O que mentras vivo está
A outros cede o que ten,
É mercedor en verdá
Que na testa, sin piedá,
Con pedras e paus lle den.

A tía Sabel do Chamizo quedara viúda io seu home, que según din os viciños, fora *un fino traballador*, chirlábase que, si non lle deixara fillos, en cámbio fixera herdeira de boas talegas de pesos e onzas, sin conta-la casa en que vivía, dez ou doce fincas ialgunhas fanegas de renda.

Diz o refrán que *a quen Dios non dá fillos non o deixa sin sobriños* ia certo vello do meu país ouvín máis dunha vez que *a ser roubado e roubado, máis vale selo polos parentes que polos estranos* ia tía Sabel, tendo en conta algunha destas senténcias, quizabes a pirmeira soilamente, levou pra acarón seu unha sobriña, co pensamento de casala na casa e viviren todos en paz ien grácea de Dios.

Logo que se correu a noticia do que tiña pensado a boa da vella, –ihai quen di que quen o correu foi o pai da rapaza mesmo–, encomenzaron as pretensións. A vella, sin embargo, era moi escollida e cuase sempre atopaba xeito de espanta-los pretendentes, porque, dicía falando coa sobriña, “non che me dá gusto ese rapaz, nena. Non te apures que ti aínda es nova e non che han faltar”.

Como engatusou á vella, non se sabe; pro a custeón é que ó pouco tempo Xan do Mato casouse con Marica, a sobriña, ía patrona pareceulle tan do igual o casamento, tan ó xeito, que o pirmeiro que fixo foi a *manda* de cantos bes tiña a favor dos sobriños.

Non se desprende a vella aínda dos cartos, e como aqueles ben sabían que os tiña javomaría! dábanlle un trato que nin unha reina: se estaba mala, ensiguída lle traguían chicutate, pantrigo e viño; na mesa a millor tallada era pra ela e se trataban de ir ofrecidos a algún santo, a patrona iba sempre dacadalo dunha boa besta con aparellos novos, e, xa é sabido, tía por aquí, tía por alá e tía por tódolos lados.

A vella, con tantos agarimos, acabou de entolecer e pouco a pouco, hoxe pra mercar unha xata, mañá para arregra-lo faiado, unhas veces pra unha cousa, outras pra outra, foi dando tódolos cartiños.

Ventaron por fin os sobriños que xa non daba a vella máis de si iestonces cambcou o trato: xa non se volveu a tragner chicutate, tratábana con despréceo iastra os rapaces facían a bulra da probe da vella. Si quería ir a algunha festa, logo lle dicían: “déixese estar, vella tola, déixese estar”. Si algunha vez se queixaba, logo saían con que era co viceo, pois *ben folgada estaba*, iasi polo xeito.

139 Publicado n' *A Monteiro*, n.º 33, 17-V-1890, pp. 260-261.

Ben comprendeu a probe da vella que non tardarían en dicirlle que se fose da casa a pidir polo mundo, e chorando contoulle un día a un seu veciño o que lle pasaba:

- ¡Ai tía Sabel, e quen llo había dicir a vosté, que ben podía comer en taza de prata!, dícialle o viciño.

- E que quer, contestaba a vella, enganáronme como se fose un neno e xa non hai remédeo.

- Si quer eu lle darei un, dixo o viciño, mire se o quer facer.

- Pois diga.

- Boeno, aí lle van trinta pesos en prata, tódolos días cóntaos sete ou oito veces, cuidando de que ruxan ben e logo fai que os garda no arcaz, dentro do que mete esto. O viciño deulle á vella ó mesmo tempo un envoltóreo.

Tal como o viciño lle dixo así o fixo a tía Sabel iá mañán ó erguerse, á noite antes de deitarse, antes do xantar ioutras tres ou catro veces ó día, *tringuili... tringuili... tringuili...* a conta-los cartos ia abrir e cerrar con forza a arca.

Non tardaron os rapaces, que todo o ouservan, en contar a seus pais que a tía tiña moito diñeiro iestes foron a mirar polo cuchucho da porta, vendo que, en efeuto, a vella manexaba cartos.

A secoéncea deste foi outro cámbeco no trato da mesma: os cativos volveron a beixarlle a mau, volveu o pantrigo io chicutate e xa non se escoitaron naquela casa máis que palabras prá tía, que xa consiguído o que quiría volveu ó viciño os cartos, deixando dentro da hucha o envoltóreo que lle dera aquel e gardando moito ben a chave.

A vella ó fin era vella e non tardou en enfermar e morrer iapenas cerrou o ollo, os seus sobriños, craro está, non tiveron máis présa que busca-la chave. A arca estaba soilo chea de teas de araña e nun rincullo da mesma víase o envoltóreo de que falamos xa.

- Estes son os cartos, dixo Xan, e colléndoo desfixo o lío, que era de trapos; mais ¿cal non siría o seu pasmo ó ver soilo dentro un pau pequeno e gordo iunha pedra das que hai tiradas polas corredoiras? Xa iba a berrar dicindo que algunha bruxa cambeara o diñeiro daquel xeito, cando caíu ó chan un sobre; colleuno o bon de Xan iabríndoo, atopou dentro un prego de papel e nel esquirto o seguinte:

O que mentras vivo está
A outros cede o que ten,
É mercedor, en verdá,
Que na testa, sin piedá,
Con pedras e paus lle den.
Pola recoleución

A. XAQUÍN M. SAAVEDRA

A viutórea dun borracho¹⁴⁰

(Lenda da Guerra da Independéncia)

Era eu moi noviño aínda cando ouvín o que vou contar e non se me ha de esquencer na miña vida.

Unha tarde de vrau e na compañía dun criado xa vello, iba dende S..., pequena, pro bunita aldea, á V..., Cibdá das máis famosas da costa de Galicia, que deitada sobre unha pequena loma, mírase nas augas sempre tranquilas do mar.

Non era moi longo o camiño; pro non era tampouco tan bon que non se resintiran as miñas debres pernas, polo que, pra que *aquel se fixese máis corto*, encomenzou o meu compañeiro a contos ientre eles o que hoxe traslado ó papel, como Dios me día a entender; pro suprimíndolle as *notas, ilustraceós e comentáreos* con que o foi alargando, co santo fin xa dito.

O porqué de entre a enchente de contos que sabía, deu a perferéncia ó que me acupa, non o sei; pro penso que, certo *tole tole* que andaba por aquel estonces da posibridá dunha guerra iá vista do castelo, prencipal treato dos feitos que relato, castelo que domina a Cibdá ia ría, impulsouno a elo.

Da súa verdá non podó saír fiador, craro é; pro a versimilitú ia probabridá non se pode negar por quen teña algún conocemento do que son os galegos, non adiquirido en comédeas iartícolos, que, sin embargo, queren ser de costumes.

Tiña tamén aquel criado algo de poeta, por máis que non fixese versos nin quizabes vise outros que os que venden os cegos nas feiras e quizabes a preséncia da moura montana sobre o azul do ceo e coroada de cañós io mar fervente ó lexos, lle ispiraban o fogo io antuseasmo con que se espresaba e poñía por tistigos a certo vello da súa parróquea, soldado da *guerra dos franceses* e que non recordo en qué batalla lle tirara un tiro a Napoleón, anque sin facerlle mal ningún. Polo gordo dun pelo, din que dicía o bon do vello, que houbera de deixar seco o soberano de Francia e siñor de Europa, do que, si foi certo, deducirá con nós o leutor, en que pouco está ás veces que un home figure ou non na hestórea.

*

* *

Logo que tirada a careta con que quixeron desfigura-la verdá, sóupose en España a verdadeira intenceón dos franceses, o amor dos fillos da antiga Hespérea á súa Relixión, á súa Pátrea ió seu Rei, fixo que todos, incruso os nenos ias mulleres, se porparasen pra unha loita, heroica polo desegoal e gro-

140 A primeira parte deste relato foi publicada n' *A Monteira*, n.º 34, 24-V-1890, pp. 267-268.

reosísima polos loureiros que nela alcanzaron os descendentes de Viriato e Pelaio.

Como un pobo que escoita a sinal esprada, tan pronto como o acurrido en Madril se soupo no resto de España, as orelas do Cantábrico escoitaron de novo o berro de independencia lanzado polos nobres astureanos i ó que contestou con antuseasmo Galicia, que sin tropas nin armamentos lanzou ó campo exércitos de guerrilleros estrevidos, que fixeron morde-lo polvo máis dunha vez ós batallós veteranos do astra estonces inviuto Napoleón.

Se algunha vez se puido saber dunha maneira fixa a voluntá dun pobo io seu pensamento, penso que estonces foi a millor acaseón. De cada vila, de cada aldea, de cada casa, en fin saían a aumenta-las filas dos que loitaban, aqués que se sintían cheos de amor pátreo, que eran todos, e nin o rico vinculeiro a quen sobran as comodidás ios regalos, se negou a colle-lo fusil, nin o estudeante dudou en trocar o libro que dá vida pola arma que mata: naqués días a Universidad de Santiago abriu as súas portas e por elas saíron, non doutores e licenceados séreos e graves, sinón antuseastas soldados, que foron a tinguir co sangue das súas veas os campos de batalla ia conquerir co seu valor un loureiro máis prá Universidad gallega. O mesmo crego non se creu libre da deuda común ialgús houbo que, collendo a espada, renovaron as auceós heroicas que rexistra a nosa hestórea.

Inxusta a fama co escuro soldado, non publicou os subrimos autos de valentía de que son testigos os campos de Galicia, como doutras porvínceas de España; pro en cada sito, en cada famílea vive e trasmítese felmente de pais a fillos a relaceón de feitos de tal natureza, que amostan dunha maneira crara o extremo a que chegar pode un pobo que defende a súa Relixión ia súa independencia.

Do antuseasmo que animaba os españoles en xeneral i en particular os gallegos, que non podían esquencer facilmente a súa hestórea e quizabes adiñaban que algún tempo despois había calificalos Wellington dos *millores soldados do mundo*, participaban tamén os habitantes da rexión trato dos acontecementos que vamos a contar. Tamén alí houbo Alcalde que, como o de Móstoles, decrarou a guerra ós franceses e crego que soupo abate-la sobérbea do anemigo. Faltaban soilo soldados, como si o destino quixera reservar ó pobo soilo a grórea daqueles feitos imortales.

Os franceses acuparon a Cibdá, que tapaba o castelo que tiñamos á vista e no pao deste trocaram a bandeira española pola do seu país; pro atacados e vencidos polos nosos incansabres gerrilleiros, tiveron ó fin que deixa-lo pobo, retirándose ó castelo, como sito seguro, pois non era de supoñer que aqués, mal armados e sin cañós como estaban, fosen a deixarse ametrallar polos que asomaban por riba das murallas.

Libre xa o pobo do domíneo do odeado tirano, entregouse os pirmeiros días á natural legría; pro a bandeira francesa ios cañós que ameazaban á Cibdá non podían por menos de ser considerados por aqués valentes, como un insulto iun desafío.

De tolería poidera quizabes calificarse; pro o certo é que, alentados polo seu valor iescoitando e quén sabe si arrastrados polos seus singulares caudillos, os gallegos acordaron o que soilo se pode espricar ó que non ññore o que é un pobo animado polo fogo do amor á pátreia, e foi asalta-la fortaleza, sin pararse nas dificultás da empresa nin pensar nas secoénceas que poidera traguer consigo tal feito, si, como era de supoñer i era o máis probabre, saía mal.

Resoltos xa non quixeron pensar máis. As ouservaciós dos prudentes foron esquencidas no médeo do xeneral e tolo antuseasmo que a todos facía rebrincar coa legría, dando por feito xa o que nin escomenzado estaba.

A. M.

(Continarase)

A viutórea dun borracho¹⁴¹

(Lenda da Guerra da Independéncia)
(Continaceón)

A mañán do día disinado pró asalto, os franceses ben puideron ver dende o castelo, o movemento ialgazara que había na Cibdá, porque o español io gallego nunca é novíceo no arte da guerra, xamais é *bisoño*, e canto máis deficultás presenta a empresa que se propón, máis alento lle dá a confianza cega nos xenerás *Non me emporta; Que se me dá a min io mesmo me pesa un ombro que o outro*, xenerás valentes ientendidos, que non conoceron nunca o medo, insinando ó pobo a *botarse a ialma ás costas*.

Sabedoras do que iban face-los de V., váreas partidas de guerrilleiros fixeron a súa entrada trunfal na Cibdá, ó son de tambor, así como tamén unha enchente de labregos iaqués o desexo de corre-lo piligro común facía vir xunto ós seus irmaus, deixando a tranquilidá dos seus fogares.

Calquera que naqués istantes visitara o pobo, perguntaría qué festa se porparaba, pois a legría víase en tódalas caras e non faltaban polas rúas e prazas gaitas e tambores, úneco estromento, este último, que daba certo caraute militar a aqueles pelotós sen uniforme e con malos armamentos; pro nos que se refrexaba o antuseasmo.

Non se espicaban seguramente os do castelo aquel movemento, pois non podían soñoñer quixesen face-lo que tiñan resolto i os seus ollos dirixíanse anseosos hace ó mar, como se esperasen ver entrar unha escuadra, que ó mesmo podía ser de amigos que de anemigos.

As campás das eirexas, ó caer a última batelada das doce, encomenzaron a tocar; escoitáronse tiros en váreos sitios da pobração, resoaron os tambores e polo camiño ou camiños que van ó castelo encomenzaron a aparecer e subir grandes grupos de peisanos, levando ó frente seus xefes, que cos berros de ¡Viva España!, ¡Viva Galicia!, ¡Morran os *gabachos*!, ¡Santiago ia eles! Eleutrizaban a xente, facendo reloucar de antuseasmo aquel conxunto de presos de toda cras, edades ioficios. Ó lado do sombreiro de copa e do fra do elegante, víase a severa lavita dun acreseásteco, a airosa brusa do mariñeiro ou o uniforme vello e raído xa dun ritirado, que quíria volvelo a facer tistigo da valentía do seu dono. Non faltaban nenos iastra as mulleres quixeron amostrar que non se acabara aínda a raza das María Pita e Castaña e que en Galicia había tamén, como en Aragón, Agustinas.

141 Esta segunda parte foi publicada n' *A Monteira*, n.º 36, 7-VI-1890, pp. 281-282.

Os franceses deberon adiviñar ó fin as intencións dos nosos irmaus, pois viúselles primeiro coroando as murallas e logo baixar á présa e como porparándose prá defensa.

Os vivos dos nosos enxordecían o espáceo e cando ó fin ouviuse o estouro do primeiro cañonazo dos do forte, o antuseasmo dos asaltantes non tivo límites. Todos quirían se-los primeiros, todos quirían ir diante, avanzando sin medo a unha morte certa e groreosa.

Á cousa das dúas da tarde, convencidos os nosos de que nada podían facer desde lexos sin cañós con que bate-la muralla, como non fose sacrificar vidas, si dunha maneira groreosa, compretamente inútel, acordaron, ben podemos dicir que por acramaceón, da-lo asalto. Os máis dicididos puxéronse á cabeza e presto unha masa compauta, sin disparar un soilo tiro, encamiñouse por todos lados a gana-lo foso.

A posición dos franceses era, craro está, manífica e dáballes unha supereoridá moi grande, pois moi ben cubertos tralas anchas parés do castelo e con armas de grande alcance, dezmaban, ou millor dito, barrían pelotós enteiros dos nosos, que co peito descuberto, persentaban bon e seguro branco ós anemigos.

Catro horas levaban xa de loita franceses e gallegos, empeñados estes en consigui-lo seu intento e firmes aqueles en rechazar tódolos ataques; o monte víase compretamente cuberto de mortos e feridos, io ceo dun cor promizo, causado polo fume da pólvora que frotaba no espáceo, e como si se escondese por non persenciar tantos horrores. A ría estaba tranquila, como si non quixera dar mostras do seu poder alí donde os homes o estaban dando de heroísmo iastra o vento fuxira, quizabes levando a moi lexos os estouros do cañón e do trabuco, os aies dos moribundos ios vivos e hurras dos que loitaban con incomparabre antuseasmo e fe.

No médeo de tanto horror e nunha situaceón tal, instantes houbo en que os españoles se detuveron, e a pesar dos berros e palabras dos xefes, que se multiplicaban, circustáncea que os sitiados aporveitaron pra facer unha saída e abrir paso, pois as municións encomenzaban a faltarlles iesto, xunto ó empeño dos nosos, non deixaba duda ós franceses de que o fin daquela loita terrible e sanguenta tiña que ser o seu esterminio. A nacesidá, pois, deulles valor e forzas pra acometer os seus anemigos, sobre os que, ademais do dito, tiñan tamén a supereoridá da disciplina.

A. M.

(Continarase)

A viutórea dun borracho¹⁴²

(Lenda da Guerra da Independéncia)
(*Concruseón*)

Ó ve-lo intento dos franceses iadiviña-lo seu pensamento, o desánemo dos gallegos trocouse en novos bríos e forzas; pro xa non tan a tempo que un bon número de asaltantes, temendo ser collidos entre os tiros dos do castelo e dos que arremetían pra saír, non emprenderan a toda présa a ritirada, precisamente polo mesmo camiño por donde eu iba cando ouvín relatar este feito de armas dos nosos avós.

Os franceses tiveron tamén pronto que ceder, volvéndose ó castelo de donde saían.

— —

A luz do día iba cedendo o seu lugar ás sombras da noite, cando rindidos e cansos; pro máis animosos que nunca, os gallegos suspenderon o ataque astra o día seguinte, deixando gardas nos sitios que lles pareceu máis apropiado e ritirándose os máis a descansar, mentras se adicaban algús á caritativa obra de enterra-los mortos.

Non se acultaba ós franceses o comprometido da súa situaceón e tan pronto como se suspendeu o fogo ios españoles se foron, acordaron deixa-lo castelo, posto que non era xa de esprar ausíleo algún, iaínda non amaecera, cando, aporveitándose do descuido dos encargados de vixiar e de desaparece-los fachuzos alcesos dos que enterraban os mortos, deixaron todo e tomando en silencio e con paso lixeiro a mesma direución que a tarde anteor tomara a columna de peisanos de que falamos xa.

Pouco máis de dous quilómetros levarían recorridos os franceses, cando por riba da tapia dunha finca asomou unha cabeza e logo outra e outra, astra cousa dunha centena, tralas que apareceron logo médeos corpos sostendo armas de todas cras, que apuntaban ós que fuxían.

O leutor reconocería facilmente, naqués, os gallegos que o día antes tiveran que ritirarse do campo de batalla, temendo ser cortados.

Os berros iameazas confundíronse pronto coas descargas que se facían franceses e gallegos. Como a distáncia era tan escasa, pronto se fixo presoal a loita, batíndose uns e outros corpo a corpo e cunha fúrea que raiaba xa na desesperación. A sorpresa, sen embargo, non permitiu ós franceses sacar partido da ventaxa que lles daba o seu número e instrución militar, e polo que, e

142 Esta última parte foi publicada n' *A Monteiro*, n.º 37, 14-VI-1890, pp. 292-293.

temendo ser envoltos, tomaron de novo camiño do abandonado castelo, siguidos sempre dos nosos, que os acometían por tódolos lados.

Cerca se atopaban xa presiguidores e presiguídos do castelo, cando unha columna de fume iun forte estouro fixo levantar a todos a vista, distinguindo a médeo erguer unha bandeira, que a quietú do aire non deixaba ver si era francesa ou española.

Ó fin unha lixeira ráfaga desfixo os pregues ios colores marelo e roxo amostráronse ós nosos peisanos, que encomenzaron a dar mostras da máis grande alegría, tanto os que saían da Cibdá, como os que preseguido ós franceses viñan. O aturdemento dos soldados de Napoleón, foi, polo contráreo, terrible, e véndose envoltos, non tiveron máis remédeo que rindi-las armas, mentras tanto os gallegos dun e outro bando corrían ó castelo para darse mutuamente a noraboa.

Chegaron ó fin os da Cibdá á porta; pro naquel istante apareceron os que acaban de facer prisioneira a guarniceón do forte, co que pode supoñerse cal siría o asombro duns e outros. Naide se estreví a entrar pirmeiro, cando outro cañonazo que estourou sobre as súas cabezas, no mesmo istante en que caía a bandeira, fixo temer a todos unha treición ou obra do *trasgo*, ó que astra os máis valentes timían.

Na duda máis terrible estaban os nosos sobre o qué habían facer, cando de novo volveu a parece-la bandeira española, anque por moi pouco tempo e pra volver a caer, mentras que unha voz augardentosa, decía: ¡viva España! ¡moran os gavachos! Todos miraron, vendo sobre a muralla un home gordo e colorado que agarrándose ó pau da bandeira cunha mau, tiña na outra unha mecha alcesa aínda, e coa que sen duda puxera fogo ós cañós.

Unha grande risada ouviuse estonces no campo gallego e todos á porfía encomenzaron a entrar dando os vivas de costume ioutro novo: ¡viva o tío Pedro!

Os leutores quererán sabe-lo que pasara e vámosllo a dicir.

O tío Pedro, moi conecido na vila ientre os mariñeiros co nome de *Golfín*, así como polo seu amor ó viño, nos váreos ataques que se deran ó forte ia pesar do seus sasenta anos, nunca foi dos últimos.

Aquel día, e levado do seu valor, chegou cerca das murallas, cando un pedazo de madeira que tiraron do forte, deulle na cabeza, deixándoo médeo atordido.

Cando volveu en si, o *tío Golfín* non viu ó seu redor máis que mortos e como non se ouvía nada, dicidiuse a entrar no castelo, cuia porta estaba aberta de par en par.

Unha vez drento, a sorte deparoulle logo un pelexo de viño, de que bebeu astra que se puxo, como sempre andaba, borracho; e collendo unha bandeira española que atopou tirada, quíxo a izar; mais o viño non lle deixou. Nos seus bos tempos fora artilleiro, e recordando anqueles colleu unha mecha e puxo fogo ós cañós, como dixemos.

O tío *Golfín* foi o heroe do día. Ó lombo quitárono do castelo e paseárono polo pobo.

Despois todo o mundo se esqueceu del, mais non do seu feito, que se chamou *A viutórea dun borracho*.

A. M.

Un valente xastre¹⁴³

Soilo o que vivise algún tempo nunha aldea de Galicia pode comprende-lo que é nelas o xastre ió mesmo tempo o defícil que é describilo esautamente.

Pola circunstáncia de entrar a miúdo en tódalas casas, conóceas como ás própeas maus e por se-lo que halaga máis a fachenda ia vanidá dos mozos ias mozas, soe ter entre uns ios outros moito partido, e non digamos nada cando ten bastante abridá pra facerse o necesáreo iemprende officeo de casamenteiro, pois estonces xa non soilo os mozos ias mozas sinón os tendeiros quen os regalan, aqueles pra que lles faga as cousas de xeito que lles acaian ben, iestes pra non sexan moi escrupalosos iaconsellen mercarlles a eles, dicindo se é caso cando poñan algún roparo no préceo: “non, este ben o pode, ou podes levar, éche bon pano e ten traza de ser de moita dura”.

Pro agora non vou a face-lo ritrato do xastre como tal nin tampouco no seu aspecto de casamenteiro, quero soilo trasladar como poida ó papel un conto que ouvín cen veces e proba que non son os xastres das aldeas modelo de valentes, xa que si de compangueiros e arregradores de casamentos.

Pois señor, habedes de saber que Perucho do Rilo era un xastre novo, que encomenzaba a ter parroquia iera moi quirido, tanto polo seu natural amebre, como porque maus como as del prós chaleques e chaquetas non había outras en tres légoas á redonda iadiós.

Unha noite acabou o seu traballo na cas do Crego de Vilamexe, e despois de recolle-los chismes do officeo, botou cara á súa casa, tan contento como si levara a filicidá no peto. O parroquiano quedara agradecido; déralle, á parte do seu *porqué*, unha porpina iademais, iesto era o millor, pormetéralle falar a outros pra que lle desen que facer.

As campás de dúas ou tres eirexas xa facía un bon pedazo de tempo que fixeran o sinal da oración, no ceo non brillaban máis que unhas poucas estrelas io chan estaba tan escuro e tan mouro todo, que o probe do xastre tropezaba a cada alancada e daba ó deño a súa pouca sorte. Tranquilo, pra que decir que si, tampouco iba: acordábanselle os contos de meigas e bruxas, sabía que máis dunha vez almas en pena se lle puñeran diante a outros máis valentes que el e que coa Compañía non había lerias, pois dendes que lle metesen o *caldeiro* na mau a un, había que ir *volante*, *rastrante* ou como quixera.

Pensando en todo esto, non lle chegaba a camisa ó corpo, sudaba, trembábanlle as pernas e non facía máis que ir rezando a tódolos santos e xurando non volver a saír pola noite, anque lle desen máis ouro que tiña o rei de España,

143 Publicado n' *A Monteira*, n.º 34, 24-V-1890, pp. 269-270.

cando ó pasar polo fondo dunha corredoira sinte que lle turrán da bifa que levaba posta.

O que pasou no estonces ó probe rapaz, soilo podería dicir quen estivese no seu caso: o medo non lle deixaba volve-la cabeza e sacáballe as forzas de tal xeito, que alasando non podía dar un paso.

- Señor, señor, por Dios, dicía chorando, mire que son un xastriño novo que vou prá miña casa, sólteme.

O que o prendía, sin embargo, cada vez turraba ou parecíalle que turraba máis, sin dicirlle nada.

- Sólteme, señor, sólteme por Dios, non me perda que son noviño aínda; pro a conta era a mesma.

Chorando unhas veces, calado outros; pro sempre trembande e sudando, o bon Perucho pasou a noite, astra que a luz da ialba encomenzou a aparecer, facendo fuxi-las últimas sombras da noite. Estonces o xastre foi cobrando ánemos, e volvendo a modiño a cabeza, viu con asombro e alegría, que quen turraba del eran as silvas que se lle enguedellaran na bifa.

O Cid Campeador, nin D. Xan de Austria poidéranse comparar estonces ó bon do xastre: máis á présa que se dice tirou canto levaba ás costas e botando mau ás tixeiras escomenzou a cortar, dicindo ó mesmo tempo:

- Corcio, cen como vosoutros estripara eu, covardes. Non escapedes que xa nos veremos.

O bon do xastriño non volveu a saír máis de noite prá súa casa; pro cando se fala de homes de peito, logo conta cómo matou non sei cántos, deixando mal firidos outros tantos, etc., etc.

Naide, sen embargo, lle dá creto, pois alguén foi tistigo do que pasou e dicen se escaso, pra si: *eres xastre e non te creo.*

Pola recoleución
A.X.M.S.

O zapateiro rañoso¹⁴⁴

Vivía no lugar de Iavelo un rapaz que, polo divirtido non había outro como el. Sempre estaba alegre, sempre risoño e non había troula nin romaxe onde o bon Pepe do Cepo non se alcontrase facendo escagallar coa risa a todos.

Traballador non o era, eso non; pro como lle sobrava malícea e non lle faltaban mañas, íbase axeitando de tal modo que a todos enganaba e iba vivindo.

Os cartos, sen embargo, gástanse ia pacéncia acábase, así é que ó pouco tempo alcóntrase Pepe coa probeza que lle deixaran os seus pais, comida e unha man de pufos enriba de si, que non tiña máis que pedir. Xa non había quen lle emprestase un carto e pra máis disgrácea os seus acreedores encomenzaban a atormentalo pidíndolle o que lles debía.

- Ai Pepe, dicíalle un, faciácheme falta agora aquel pico, home, pois teño que facer esto io outro.

- ¿Iel ti cando pensas pagarme rapaz? –preguntáballe un vello de non moi boas pulgas; íasí deste xeito os demais.

Pepe comprendeu que, por moito que fixese e moito que prometese non podía saír con ben de tal situaceón iencomenzou a descorri-lo médeo de ir tirando, librándose de tanto pidichón.

Pensou en se ir da aldea; pro nin tiña un carto, nin quen llos prestase iademais, os viciños, tiñano tan de ollo e tan amenazado, que comprendeu o difícil que lle era marchar sin que o visen io fácil que era, en troques, dar co seu corpo na cárcel.

Se houbo algún que llo dixese ou se o descorreu el soilo, non se sabe; pro o certo é que arregrou todo de xeito que encomenzou a facerse o enfermo e todos o foron crendo, polo que, de lástema iagardando que sanase, non o apuraron máis.

A finxida enfermédá foise a agravando e xa na cama, encomenzou a dicir que o atormentaba a idea do moito que dibía e que non podía morrer tranquilo namentras non lle perdoasen os seus deudores.

O Sr. Abade, que anque conocía ben o peixe que fora Pepe, aínda lle tiña lei, ieso que non era dos que lle emprestaran menos, enganado tamén polo truán, fixo o pusibre pra que todos perdoasen a Pepe ió fin consiguino de todos, menos do tío Lesmes, zapateiro do pobo, que nunca quixo perdoarlle un rial que lle dibía Pepe.

Comprendeu o rapaz que o zapateiro era capaz de calquer cousa íasí resolveu morrerse... pro soilo de risas, botándose esta conta: “cando pensen que estou morto depositánme na eirexa ientón de noite, cando ninguén me vexa, érgome e voume polo mundo”.

144 Publicado n’*A Monteiro*, n.º 37, 14-VI-1890, pp. 293-294 e reproducido en *Galicia Moderna*, maio de 1898. Debido ás numerosas variantes que presenta, consideramos oportuno reproducir ambas as dúas versións.

Pepe fixo, pois, que daba as boqueadas, verteron bagullas algunhas veciñas ientre todos xuntaron pra facerlle un hábeto e unha caixa e levárono á eirexa astra o día seguinte.

O zapateiro, que seguía nos seus trece, quixo cobra-lo rial do que xuntaran; pro os viciños, enfurruñados, dixéronlle: “tío Lesmes, si quer cobrar vele toda a noite o cadavre e de paso tamén reza, que falla lle fai”.

Botou as súas contas o zapateiro e por non perdelo todo, acetou. Que era aporveitado o bon Lesmes, ben o viron os leutores; pro astra que extremo soilo tendo en conta que pra non perder tempo e xa que tiña que estar desperto toda a noite, levou escondida obra e púxose na trebuna a coser, coidando de non meter moito ruxido.

Así Pepe ventou que o zapateiro o iba a velar, quedouse nunha peza iencomenzou a descorri-lo xeito de bulralo, cando, ó espeta-la subela aquel, abriuse a porta da eirexa ientraron unhos homes, que despois de poñer sobre o chan unha chea de sacos de diñeiro, puxéronse a repartilo.

O zapateiro botou de conta que se o vían era pirdido iacobillouse ben tras dunhos lenzos vellos do menumento, que había na tribuna, mentras que Pepe sudaba co medo.

Cando os ladrós acabaron de face-los seus quiñós e soparalos, erguéronse pra roubar canto na eirexaalcontrasen; mais un deles, que era novo e, polas trazas, adivirtido, acercouse á caixa en que estaba Pepe e quitando a baoneta que levaba, dixo: “vou espetarlla no c. a este morto a ver que di”.

Así que ouviu esto o bon de Pepe trembáronlle as carnes e cuase sin darse conta do que facía sentouse na caixa berrando “arriba defuntos” e no mesmo instante o zapateiro, saíndo do seu escondite, tirou dende a trebuna o banquillo, berrando ó mesmo tempo: “aí vamos todos xuntos”.

O que lles pasaría ós ladrós, calquera o pode supoñer: apertaron a correr deixando canto trougueran, no chan.

Pasaremos de largo canto falaron logo Pepe io zapateiro: o conto foi que os dous se puxeron a repartir-los cartos; mais parecéndolle ó tío Lesmes boa a acaseón, regramoulle ó morto resocitado o rial.

Alegando que xa o cobrara, non quiría Pepe darllo e na desputa estaban, cando a un dos ladrós, máis atufado que os outros, acurriúselle chegarse á porta ió escoita-lo que falaban drento, volveuse e díxolle ós compañeiros: sonvos tantos os defuntos que se ergueron, que non lles toca do que levabamos máis que rial.

O conto correuse e uns pola grácea que lles fixera a picardía de Pepe e outros de agradecemento, porque evitara fose a eirexa roubada, perdoáronlle de vez, quedando en troques moi rico coa parte que lle correspondera co zapateiro, que nunca deixou o raña de pidirlle o rial.

Pola recoleución.

A.X.M.S.

O zapateiro rañoso¹⁴⁵

Vivía xa fai desto algús anos no lugar de Ivelo un rapaz que polo adivirtido non había outro como el nalgunhas lígoas á redonda. Sempre estaba alegre, sempre tiña a risa nos labres e non había troula nin romaxe onde o bon de Pepe do Cepo non se alcontrase facendo escagallar a todos cos seus ditos.

Traballador non o era, eso non; pro como lle sobraba malícea e vergonza non tiña, non lle faltaba maña iaxeitábase de tal modo que enganaba a todos e iba vivindo.

Os cartos, sen embargo, gástanse ia pacéncia chega a acabarse, así é que ó pouco tempo alcontrouse Pepe coa probeza que lle deixaran os seus pais, comesta e cunha man de pufos, que non tiña máis que pedir. Non alcontraba xa quen lle emprestase un carto e pra máis disgracia, os acreedores encomenzaban a molelo pidíndolle o que dibía.

- Ai Pepe, dicíalle un, cómprecheme agora aquel pico, home, pois teño que facer esto io outro.

- ¿Iel ti cando pensas en pagarme, rapaz? –perguntáballe outro, de non tan bo xenio iasí os demais.

Pepe comprendeu que por moito que fixese e moito que argallase non podía saír con ben iencomenzou a describi-lo médeo de se librar de tanto pidi-char. Pensou en se ir da aldea; pro nin tiña cartos nin creto iademais os viciños tiñano de ollo e tan ameazado, que comprendeu o fácil que lle era dar co seu corpo na cárcel, se quiría fuxir.

Se houbo algún que llo aconsellase ou se saían del, non se sabe; mais o caso foi que arregrou todo de xeito que encomenzou a facerse o enfermo e todos o foron crendo polo que, de lástima iagardando a que se puxese bon, non o apuraron xa.

A enfermédá foise agravando e xa na cama, encomenzou a dicir que o atormentaba o moito que dibía e que non morrería tranquilo namentras non lle perdoasen o que lle prestaran.

O Señor Abade, que anque conoecía ben o peixe que era ou fora Pepe, aínda lle tiña lei, enganado polo truán fixo o pusibre pra que todos lle perdoasen, conseguindo así, menos do tío Lesmes, o remendón do lugar a quen Pepe dibía un rial. Nin as palabras nin exempros poideron nada, o zapateiro non quixo ceder e comprendendo Pepe que era Lesmes capaz de calquera cousa, resolveuse a morrer... pro soilo de risas, botándose esta conta: “*cando pensen que estou morto depositanme na eirexa ientón de noite e cando ninguén me vexa, érgome e marchó polo mundo, aforrándolles o traballo de me enterrar*”.

145 Reprodución aparecida en *Galicia Moderna*, maio de 1898, dun relato que fora publicado por vez primeira n’*A Monteira*, n.º 37, 14-VI-1890, pp. 293-294. Trátase do mesmo relato, con abondosas variantes e acompañado das ilustracións de B. Pereira Borrajo.

Pepe fixo, pois, o que pensara, e dando as boqueadas quedou teso como un pau. Verteron os viciños algunhas bagullas e entre todos xuntaron pra facerlle o hábito e unha caixa e meténdoos nela, levárono á parroqueal astra o día seguinte.

O zapateiro, que seguía nos seus trece, quixo cobra-lo rial do que xuntaran; pro os viciños, enfurruñados, rifaron con el e despois de lle chamar as mil catrocentas, dixéronlle: “tío Lesmes, si quer cobrar vele toda a noite o calavre e de paso tamén reza un pouco, que boa falta lle fará”.

Botou as súas contas o zapateiro e por non perder todo acentuou. Que era aproveitado, ben o viron os leutores; mais astra que punto soilo tendo en conta que pra, non perder tampouco o tempo e xa que tiña que estar desperto toda a noite, levou escondida a obra e na trebuna púxose a coser, coidando de non meter ruxido.

Así que Pepe ventou que o zapateiro o iba a velar quedouse nunha peza iencomezou a descarrila-lo xeito de bulralo cando, abríndose a porta da eirexa de súpeto, entraron unhos homes que, despois de tender unha manta no chan, baleiraron enriba un saco de diñeiro e puxéronse a contalo, facendo para cada un seu quiñón.

O zapateiro botou de conta que se o vían era home pirdido iacubillouse ben tras dunhos lenzos do monumento. Pepe sudaba co medo e facía por parecer ben o morto.

Cando os ladrós acabaron a repartixa, erguéronse con ánimo de rouba-lo que había na eirexa; mais un deles, adivirtido, sen duda, acercándose á caixa en que estaba Pepe e collendo a baoneta, dixo ríndose: “voulla espertar no c a iste morto, a ve-lo que di”.

Así que ouviu esto o bon de Pepe pensou que morto era e non de risas, trembáronlle as carnes e sin darse cuasi conta do que facía, sentándose na caixa berrou con cantas forzas tiña: “*acodide aquí defuntos*”, ó escoitar o que Lesmes, que cuase se contaba xa antre os chamados, arrebolando o banquillo pola eirexa adiante, con voz forte respondeu: “*alá vamos todos xuntos*”.

O que lles pasaría ós ladrós calquera se pode fegurar. Deixando canto trouxeran apretaron a correr como ialma que leva o díaño.

O zapateiro baixou logo da trebuna e pasaremos de largo ó que el io *morto* falaron. O conto foi que ó pouco tempo os dous se puxeron a reparti-los cartos que deixaran os ladrós. Parecéndolle ó tío Lesmes boa acaseón, reclamou do seu deudor o rial e rifando estaban pola dichosa grande cantidá cando un dos máis atufados da cuadrilla quixo saber o que pasaba drento e foise acercando.

Ó pouco volvía a donde estaban os seus compañeiros dicíndolles trembando de medo: *sonvos tantos, que aínda non toca a rial a cada un*, co que non quixeron saber máis e fuxiron.

AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

Vigo, Maio de 1898

Astúcea dun labrego¹⁴⁶

Ó meu quirido maestro e respetable amigo

D. Primo Castro Pita

“O labrego gallego é moi sutil e astuto, dicíanos un catredático de sempre grata mamórea na Universidá de Santiago, (1)¹⁴⁷ e convén moitas veces ó que exerce a moi honrosa; pro tamén moi defícel profesión da avogacía, perguntarlle o seu modo de pensar, a súa opinión, como médeo moi posibre de saír de dudas, que poden persentarse ó máis pintado”. Moitas veces me teño acordado do consello do inolvidable maestro, cuia verdá proba o caso que vou a relatar e que máis dunha vez ouvín de lábeos pra min sempre autorizados e dinos de respeto.

— —

Corría o ano 18... e brilaba estonces como astro de pirmeira manitú no foro español o tan sábeo como modesto fillo de Viveiro D. Xosé Castro Bolaño, cuia moi merecida fama traspasará sen duda a edá en que vivimos pra que as xeneraciós futuras lle fagan xusticia. Os seus esqurtos, xinxelos na forma, profundos ieruditos no fondo, eran aprecedísemos; líanse iadimirábanse as poucas; pro maníficas páxinas, que sobre a intrincada custeón de Foros, publicaba o *Eco de Galicia* e de váreos puntos da nosa Rexión iaínda de fóra acodían como a un oráculo os que, sabedores do seu talento, quirían conoche-la súa opinión. Castro Bolaño pode dicirse que o enchía todo. (1)¹⁴⁸

Incansable no cumprimento da obrigaceón ialcontrando tempo pra dar ó papel algunha das luminosas ideas que brotaban do seu celebre (2)¹⁴⁹, estaba o famoso xurisconsulto gallego unha mañán no seu despacho acupado en redautar un dos seus contundentes esqurtos, cando se lle persentou un labrego xa entrado en anos e coa intenceón crara de toma-lo seu parecer sobre algún asunto de entrés.

146 Publicado n' *A Monteiro*, n.º 39, 28-VI-1890, pp. 305-306.

147 Nota do autor: D. Antón Toledo, morto cando un porvir brillante lle surría.

148 Nota do autor: Dous homes, honra de Galicia neste sigro, don Nicomedes Pastor Díaz e D. Xosé Castro Bolaño, viron a luz na vila de Viveiro. Inspiradísemo poeta o pirmeiro, viviu nunha esfera en que o seu mérito lle deu nome e grórea xusta e merecida. Sin saír do seu país o segundo pro non menos poeta quizabes e quizabes máis profundo literato, renunciou á posición, á fama i astra á grórea con que lle brindaba o mundo iá que lle empuxaban amigos ientre eles o dito Pastor Díaz, que máis dunha vez fixo xusticia e rindiou homenaxe ó saber do seu peisano iamigo.

149 Nota do autor: Temos entendido que Castro Bolaño deixou algunha obra encomenzada e inédita. Galicia tería que agradecer sempre ós seus fillos a publicacéon.

- ¿Qué ocorre? –preguntou o Sr. Castro Bolaño sin ergue-los ollos do papel e con ese desenfado do home afeito a velas vir ia quen nada asusta.

Sacodiu o labrego a cinza dunha colilla que traguía na boca, colocándoa detrás dunha orella; cuspiu, tirou o sombreiro no chan e contra a parede iencomenzou deste xeito:

- Pois Señor, eu véñolle aquí cunha choiada, porque, como dixo o outro, a min gústalleme ir á fonte limpa e sempre que o necesitei vin a cabo de Vosté...

Levaba traza o peisano de non acabar tan pronto, cando o sábeo gallego, deixando traslucir nas súas palabras a impacéncia de quen sinte perde-lo tempo, interrompiuno, dicíndolle:

- Bueno, déjese V. de eso y al grano: ¿qué trae V.?

- Pois señor, verá, dixo o labrego: de Dios perdone *mi padre* herdei un prado (iaquí meteu a sembradura, lindeiros, estenseón, cabida, etc.) e fai pró S. Xuán seis anos, necesitaba cartos e vendín a metá con pauto de retro a un meu veciño. O tempo corre que mesmo parez mintira iagora atópome que non pododa-los cartos ios seis anos están pra caer, e Vosté ben comprende que pra min é unha perda moi grande quedarme sin a mitá do prado, porque se a mau ben mañá ou máis tarde...

Volveu outra vez o avogado a amostrarse impacente, e volvendo a pararlle os pés ó falangueiro peisano, díxolle:

- Pero, acabemos pronto ¿qué quiere V.?

- Eu, señor, quiría ver se a Vosté se lle acurría algún médeo axeitado pra non perde-la propiedá da finca.

- Pues, mire V., –respondeu Castro Bolaño, sempre esquirbindo–, no hay remedio: o paga V. antes de ese término o de otro modo pierde V. todo derecho a lo vendido.

- E, señor, volveu, dici-lo peisano, se Vosté me atendera... a min acúrreseme unha idea.

Non estaba o ilustre avogado, como xa dixen, pra perder moito tempo; pro como era amabre e comprido con todos iademais chocáralle a saída do peisano, sin ergue-la vista, mais si deixando de esquirbir e como home que medita, díxolle:

- Diga pronto esa idea.

- Pois señor, –encomenzou o labrego máis animado e quizabes cheo de vanidá ó ver que Castro Bolaño nada menos se dinaba ouvílo en son de consulta–, o que a min se me acurre é esto: eu teño a metá do prado libre si a vendo con pauto de retro tamén por outros seis anos e co que me dían pago ó comprador da outra metá, (aquí o avogado ergueu a cabeza), quedo como estou agora iademais con outros seis anos de respiro, nos que mal será que non atope xeito de saír do apuro.

Quedouse o Sr. Bolaño coa vista fixa no peisano, e nun arranque própeo dos homes de xenio botou a mau á chave do caixón, abriu iarrebolándolle un peso ó bon do labrego díxolle:

- Tome, pues hoy fue V. quien me dio una consulta y es muy justo que la pague, co que o peisano marchou máis ledo que unhas castañas, namentras que o autor do “*Estudio crítico sobre el foro considerado en su doble concepto de contrato y derecho real*” seguía o seu interrompido traballo, quizabes dicindo pra si: son o díaño estes labregos.

Como xa dixen, ouvín este soceso máis dunha vez a presoa pra min veraz; pro se hai no seu relato algunha inesautitú, perdónenme os fillos do insine gallego, a un dos que, é meu catredático no Istituto, adico estes probes ringuilós, como debre mostra do afeuto sinceiro que vive sempre entre o catredático celoso io discípulo agradecido.

AMADOR MONTENEGRO

Croquis¹⁵⁰

Ó meu amigo o distinguido esquirtor
e inspirado poeta, Manoel Amor Meilán

(Dun libro titulado *Probas negativas*, en porparación)

Unha mañá de Outubro, ó rompe-lo sol, recorría a pé o camiño que hai entre V..., pequena aldea do valle de Lemos iantes vila e hoxe Cibdá de Monforte.

Saíra, como dixen, moi cedo e pensando en mil cousas distintas fôise pasando o tempo, sin notar cuase que me acercaba á vila do bon viño ias papuxas; as tortas ios bizcoitos.

O val, frondoso cal poucos ianimado estonces pola xente que andaba recolleitando o preceado froito da vide; o cantar dos paxaros, sempre harmónico, que se mezcraaba coas cántigas malencónicas dos vindimadores; o ruxido seco e maxestuoso do Cabe..., todo pasou desapercibido pra min, que preocupado por un mundo intereor de ideas e pensamentos, non fixaba a atención no mundo estereor nin no panorama que se desenvolvía á miña vista.

Ceguei ó fin ó ponte que chaman da Virxen io remor da xente do barrio ia que se acercaba á vila, por un lado, e por outro o toque das campanas, quitáronme do ensimismamento en que iba, fixéronme despertar, fixando a atenceón no que me rodeaba.

Xamais, nunca esquencerei a impreseón que recibín naquel instante: unha capa de fina brétema cubría todo ianque a pouca distáncia o centro ou núcleo da Cibdá, máis ben se adiviñaba que se vía. Os ouxetos todos dislíanse, desdibuxábanse ó lonxe i os que se acercaban parecían xigantescas moles que se viñan botar enriba dun.

Mais nada desto me impreseonara da maneira que dixen, nada me faría recordar aquel istante, se ó alza-la vista non tropezaran os meus ollos coa mole do monte de San Vicente, envolveito na fina capa de brétema e como enfundado en branca e trasparente gasa, que borrando os detalles, deixa ver fermoseado o conxunto.

Un pintor, un dibuxante, un poeta acharía naquel istante asunto máis que sobrado pra ispirarse: eu, que nada teño de pintor nin de dibuxante e ben pouco afellas de poeta, quixera describir o manífico espeutáculo que ofrecía a Natureza á miña vista, o panorama incomparbre que se persentaba diante os

150 Publicado n' *A Monteiro*, n.º 54, 11-X-1890, pp. 9-10.

meus ollos; mais... ¿a que intentalo, se a miña pruma torpe non pode, anque queira, satisfacer este desexo da miña ialma?

Pró que por pirmeira vez vaian a Monforte e sin saber nada da súa hestórea, recorran as súas calles tortas e duras, visiten as igresias e conventos que garda, e suba, en fin, á cume do monte dito, sentirá latexar drento do seu peito aquela parte que de artista teñen, según din tódalas almas, ó contemplar, por exemplo, un retabro manífico ou unha vista incomparabre, que se perde no horizonte ié limitada polos montes que rodean o val; pro se estudian algo a súa hestórea, si len ben pouco dos acontecementos de que Monforte e sobre todo o monte de S. Vicente foi tratado, a corda poética e soñadora, que tamén contan temos todos na ialma, vibrará a impulsos dos recordos que garda a mamórea e sintirase a tentación de evocar presonaxes, tempos e acontecementos.

E sendo esto así ¿que estrano era que eu, que anque pouco, lin algo iou-vín máis da cabaleiresca hestórea de Monforte io seu monte, me sintira como arroubado e cravado no chan sin dar un paso adiante nin atrás?

Dende a faldra astra cume, dende as pirmeiras casas asentadas no fondo do monte astra a veleta do campanáreo da igresia de San Vicente, astra as troineiras da torre antiga do castelo, librábase naquel istante fera batalla, que recordaba as mil de que aqués sitios foron tistigos.

A brétema, pecha e forte, risístiase a dar paso ós raios do sol ieste, dende o máis alto iamosándose coa palidez da luna, loitaba por romper o espeso cendal que se lle opoñía pra luminar aqués sitios en que outras veces brillou co pirmeiro raio, a armadura do fidalgo, o pretal do cabalo, os bordados do vistido do paxe e do escudeiro; pra luminar aquelas ventanas, polas que saían a saudalo a sonrente cara da doncella iapagar o último acento arrincado á súa lira polo bardo dos castelos; pra luminar a praza en que iba ter lugar o duelo moito tempo antes enunceado.

Mais aquel tempo pasou, desapareceu aquela edá e xa non habitan aqueles sitios os antigos condes nin forman o seu cortexo guerreiros fidalgos, e sin embargo, o sol, máis constante ia brétema máis tenaz, loitan desesperadamente, por alumar aquel sito o pirmeiro, por acultalo a segunda.

Largo tempo levaba eu contemplando o espeutáculo subrime que a miña boa sorte me deparara, con grande entrés seguía as peripecias da loita, cando... a forma do antigo castelo foi xurxindo, como a voz dun máximo encantador i á súa beira iós seus pés as ruínas doutros igoales, que un día foron ouxeto de orgullo e hoxe envolve o xaramago ia maleza, sirvindo de habitación a gran enchente de paxaros, que saúdan cos seus trinos os pirmeiros raios da aurora.

Tralo castelo direito ios restos dos que o tempo non quixo respetar, foise dibuxando a grande mole do antigo convento e ¡contraste subrime! cando máis me sintía naqueles tempos antigos, naqueles tempos cabaleirescos que foron, outra nova *silueta* veu a facerme despertar nunha época postereor e nun

mundo de ideas ben diferentes; aquela nova *silueta* era a torre da igrexa, que asomaba por riba de tanta ruína, a cruz, venerando símbolo da nosa redención.

A batalla estaba ganada, ó parecer, polos raios do astro do día ia brétema baixaba dispaciño polo monte abaixo, deixando nas barbancas do castelo, entre a maleza que cubre as ruínas e nas copas dos frondosos castiros que medran no monte, unha que outra folepa, cal se foran anacos dunha branca e finísima gasa, por invisibles dedos dunha fada texida e rachada io castelo, io convento, ia torre da igrexa ias ruínas do antigo pazo dos Condes de Lemos, persentáronse á miña vista como suspendidos no aire, cal se invisible cadea tivese deles conta dende o ceo.

Pouco a pouco foi desfacéndose a brétema acugulada ó pé do monte i o sol, ó alumar libremente a campía i a Cibdá, amostrou en todo o seu esprenedor o monte de S. Vicente, rodeándoo de raios, cal se o quixese engarzar como prenda de grande valía iestimaceón ien mitinme na Cibdá pensando no que vira e facéndome esta consideraceón: xa non se oi naquelas ruínas máis que o cantar dos paxaros de día io laiar do moucho e da curuxa pola noite; xa non hai dentro daqués castelos máis que cobras e réptiles; non se escoita a voz dos cintinelas, o canto do trovador nin o soído dos crarís e das arpas, todo está mudo; pro na torre que se ergue ó lado e recorda unha vida que non é deste mundo, as campanas lanzan ó espáceo os seus cramores e no tempo soa o órgano iescóitanse as pregarias dos feles iesto porque os ruxidos do castelo baixaban á terra e na terra se fundiron ios que san da igrexa suben ó ceo.

AMADOR MONTENEGRO

Unha escena nun café¹⁵¹

Fai xa algúns anos que me tocou presenciala, non sei cuase por qué coselidá.

Era un día de festa polo mes de Agosto: facía calor e tratando de tomalo fresco, funme cara a un café e senteime.

Entretido estaba facía como cousa dunha hora, lendo nun diáreo, cando sintín abrirse a porta; mirei e vin parados sin estreverse a entrar a dous labregos, acompañados dunha muller moza, e todos locindo, como soe dicirse, o fondo do baúl.

Un dos mozos do café que os viu tan prantados, acercouse a eles, mandándolles pasar e que se sentasen, como así o fixeron, quitando o sombreiro e con aire receoso.

A miña sorte era grande aquel día, pois cando estaba pidindo a Dios que os trouxese ben cerca de min pra ve-lo que pasaba, sentáronse ó redor da mesa que estaba a carón da que eu acupaba, iaquí tivo lugar o pirmeiro paso, pois ó sentarse a muller na banquetta e fundirse os muelles, érguense á présa berrando: coidara que se fundía o asento.

Ríase o mozo namentras limpaba o mármol e logo preguntoulles, como fan sempre: ¿que queren tomar?

O asombro que se ritratou nas caras dos labregos non é pra describilo, sinón pra pintalo e sin dicir unha palabra mirábanse us prós outros coma quen di “ai chacho, iel que pidimos”.

Tivo o mozo que ripiti-la pregunta i entón un deles, o que parecía máis atufado, con voz, entre homilde e sopricante, díxolle: “pois señor, xa que é tan amabre, tráíanos dous netos, que ben lle nos bastan”.

Ouvir esto e botarse a rir o mozo, todo foi un. Eu, anque me daba lástema i envidiaba aquela iñoráncea, non puiden por menos de sorrirme.

- Non hai deso aquí, dixo o mozo, pidan outra cousa.

Preto da mesa en que estaban os labregos ió lado contráreo á que eu acupaba, unha familia de seis ou sete presoas, tomaban helado, i os peisanos, véndose corridos e sin saber qué pedir, dixeron ó mozo: “pois logo tráíanos us como eses que toman ises caballeros” e sinalaron a mesa que acupaba a famílea.

Eu, mentras o mozo iba polos helados, púxenme a ouvir, disposto a non perder ningún detalle.

- Ai ho, dixo un dos labregos, que rico che debe se-lo dono desto.

- E boa presoa, dicía o outro, pra cunvidar así os desconecidos.

151 Publicado n' *A Monteiro*, n.º 56, 25-X-1890, pp. 27-28.

A muller facía un bo pedazo de tempo que miraba a un espello que estaba fronte a eles e reflexaba, craro está, o grupo que formaban.

- Ti qué miras Sabel, dixo un dos labregos.

- Mire, respondeu a muller sinalando o espello ¿e ti non conoces aqueles?

- E mais é verdá, dixeron os dous homes, aqueles son dalá. E sin máis ergueuse un pra irles a falar.

O chasco foi bo i encomenzaban a comentalo cando apareceu o mozo cos helados. Puxo un vaso diante de cada labrego e logo, e como quen agarda un bo esputáculo, ritirouse a unha esquina, sin quitar ollo da mesa.

Eu alarguei ben a orella pra ouvir.

- Rapaz, dicía un deles, iel cómo se toma isto.

- Home, contestaba o outro, eu non cho sei; pro mira nesa mesa do lado como fan: meten un deses canutiños e logo sopran ¿non ves?

Todos miraron pra ondo labrego dixo e logo collendo cada un deles un barquillo i enterrándoo no vaso...¡¡brrrrrruuuuuummm!! O leutor pode supoñe-lo que pasaría.

Impulsado polo aire dos fortes pulmós dos labregos, o leite callado voou polo aire, no médeo do estrépito das risadas do mozo io susto da fameia xa dita, cuios individuos erguéronse á présa e volvéronse cara á mesa dos labregos, ó escoita-lo estouro e ver caír sobre eles unha chuvía de miudiñas folepas.

Os peisanos, mentras tanto, limpaban a cara con grandes panos de herbas, dicindo ó mesmo tempo: vaia unhas cousas en que se divirten os cabaleros, e sin máis erguéronse pra marchar, cando o mozo lles saíu ó camiño, ríndose aínda e lles pidiu non sei cánto.

Quedáronse asombrados os bos labregos e despois de dici-la muller: xa che mo parecía que non daban aquí nada de valde.

- I aínda si fora un neto, dicía un dos labregos; ¡pro da-los cartos por soprar...!

Non soupen en qué acabou o conto, pois eu largueime por outra parte ríndome e facendo votos pra que nunca os labregos se aficeonen ó que nunca ha producirilles máis que a ruína.

A. XAQUÍN M. SAAVEDRA

A casa da fame¹⁵²

A casa do tío Bértolo de Lamatreme aínda non era das máis malas do concello, certamente. Nela collíase pan pra todo o ano e non faltaba dos sarodios o nacesáreo pra facer tódolos días un bon pote de caldo e xa se sabe, labrego que nos tempos que corren, come unha ou dúas cuncas de caldo iatrás un anaco de pan, xa pode dicir que o pasa regularmente.

Viño víase na casa o día do Patrón e compango doutra cras un día no ano, que lle cadraba á tía Sabel ir á vila e traer unhas sardiñas ou un pouco bacallao.

Mais, o demo, que cando non ten que facer, contan que se entretén en matar moscas co rabo, non podía ver sin duda a filicidad que reinaba naquela casa e... como se arregrou non o sei, que non teño con el trato; pro o certo foi que ó pouco tempo, por custión dun leiro e dunhos paus e mais de certas palabras e non sei qué máis, tío Bértolo atoupouse con tres preitos e dúas causas criminás, un fato de deudas enriba do lombo ias pagas sin facer, ia misérea entrou pola porta da casa.

Pan xa non se viu máis, do viño perdeuse a mamórea io caldo substituíse por unhas verzas secidas en auga sin grasa e sin sal.

Se a nacesidá se encomenzou a ritratar na cara e no traxe das presoas, non digo nada nos animais: é tradición que os tres que quedaron na casa, despois que os galafates da curia lles embargaron e levaron as vacas io xato, foron un can, un gato iun galo, que ó pouco tempo máis parecían espiñas cubertas de pelexo.

Pensan algús que non falan os animais ie o que hai de verdá neste é que non os entendemos. Os nosos vellos eran máis sabidos iaínda despois de perderse os libros que contan que esquirbira Salomón sobre a fala dos animais, siguiron por algún tempo entendéndoos e na parroquia en que vivía o de Lamatreme contan que o can, o gato io galo non deixaron de se queixar berrando.

O can: ¡Fam, fam! ¡Fam, fam! ¡Fam, fam!...

O galo: ¡Sempre cha houbo! ¡Sempre cha houbo!...

O gato: ¡Nunca aquí marrrou! ¡Nunca aquí marrrou!...

No que acabou a casa do tío Bértolo, non é difícil supoñelo. El morrería de pesar ios seus fillos botaríanse polo mundo. O galo quizais matou a fame dun día io can io gato... ¡vaiche boa!

A.X.M.S.

152 Publicado n' *A Monteira*, n.º 60, 22-XI-1890, p. 57.

Pois... non me conformo¹⁵³

Noutra acasión dixemos quen foi Castro Bolaño, anque ben escusado era, pois en Lugo e fóra de Lugo poucas serán as presoaas que non ouvisen falar algunha vez do notabre xurisculto.

Teñen os grandes homes, que se adican a unha cencia determinada, longa lista de anédoutas e socedidos no exercicio da súa profesión, e Castro Bolaño non era, certamente, dos que menos pudían contar, pois traballando de avogado nun país en que os *pica-preitos* san de tras das pedras ia afición ós mesmos é dicidida, non lle habían escasear. De entre os moitos que ouvimos contar, escollemos hoxe un que ritrata prefeutamente o caraute do noso labrego io bondodoso xenio do famoso avogado.

Acupado, como sempre, na redución dos seus luminosos esquirtos achábase un día, cando entrou no despacho un vello, como dunhos sasenta anos, e despois de saudar, botando o paso unhas cantas desas lisonxeiras frases que os nosos bos peisanos teñen sempre gardadas pró avogado, o notario ou esquirbano, encomezou a face-lo relato dun preito, ilustrándoo todo con palabras gráficas, actitudes adecuadas e apreciacións particulares, sin que fose médeo pra que calase ou fixese máis curto o seu chalratanismo, os rogos de Castro Bolaño, nin a impacencia mal desemulada dos que agardaban o turno pra consultar.

Acabou o bon labrego cando lle pareceu, botando enriba da mesa bon número de documentos, que polo mouros e cheos de mugre, parecía á primeira vista que xa sirviran pra outros usos moi distintos.

Puntualizou o avogado e fixo o resume do que o peisano falara iespoñendo en poucas; pro moi craras palabras as razóns en que se fundaba, concruíu por quitarlle a razón no asunto ó labrego, aconsellándolle, como soen face-los bos avogados, que non queren meter en preitos e gastos ós seus crientes, que disistise do seu empeño.

Non van moitas veces os labregos á casa dos avogados a que os desengañen, sinón a ser enganados, xa facendo ó rivés as perguntas, xa buscando xeito de que lle dían, torta ou dreita a razón, como soe dicirse io do conto, que era un de tantos, puxo unha cara de corno queimado ó ver que non lle iban co xenio.

- E logo, Señor, dixo, vostede pensa que eu non teño lei.

- “No señor, respondeulle o Sr. Bolaño, y no sea V. terco, sino quiere arruinarse”.

- Boeno, dixo o labrego con aire caviloso, e cánto lle debo, Señor.

- Una peseta, respondeu Castro Bolaño, seguindo no seu traballo.

153 Publicado n' *A Monteiro*, n.º 61, 29-XI-1890, pp. 68-69.

Botou o labrego a peseta sobre a mesa e collendo o sombreiro ia moca dirixiuse á porta; mais cando xa iba a saír, vólvese ó avogado e con voz resolta iacente de convicción, dícelle ó predileito fillo de Themis:

- Pois... non me conformo.

Alzou os ollos Castro Bolaño, surriuse e debeulle quedar tan gravada a frase do labrego, que xa non a esqueceu nunca, contando o caso a váreos amigos, da boca dun dos que o recolleu.

A. XAQUÍN M. SAAVEDRA

Polos niños

(Escena infantil)¹⁵⁴

Ó MEU AMIGO O POETA SALINAS RODRÍGUEZ

- Eu ben sei dun niño de melro con tres paxariños e non cho digo.

- Pois eu sei doutro de sílgaro, que é millor, con cinco ovos; pro lám-bete, que non cho insino.

- Ben che sei eu tamén del iheicho coller.

- ¿A que non acertas onde está?

- ¿A que si?

- Pois díó...

Deste xeito falaban á porta da escola unha mañán dous rapaces, antigos camaradas iamigos sen duda; pro soporados naquel momento non sei porque difréncias no cámbio dun *pizarrillo* por un lápiz.

Mouros ambos e dous por sobra de sol e falta de auga, descalzos de pé e perna, cos libros debaixo do brazo ias gorras postas ó rivés, agardaban a hora de entrada, desfacendo namentras tanto cos dentes un bon anaco de pan de millo.

Ó fin iatraguidos pola cureosidá fóranse acercando un ó outro e pautando un armisticeo baixo a base de que cada un insinaría ó outro o niño que sabía, coa condición de non tocarlle, quedaron os millores amigos. Despois discutiron a hora en que habían ir ianque ó príncipeo parecían incrinarse a facelo á saída da escola, a impacéncia acabou por dominalos ió pouco tempo currián ambos rapaces por entre as silveiras berrando: ¡aquí hai un! ¡vexo dous! ¡Este non é! etc.; e tirando pedras ás peras iás manzás, astra que ó fin deron co niño dos paxaros.

- ¡¡Velos!!- dixo o que tiña o sacreto, curtándoo o alento- estache a nai enriba deles.

- Non que fuxiu xa, dixo o outro.

- Pois logo arrímate; pro non lles toques, que si non a nai aborréceos.

Os rapaces acercáronse, miraron os paxariños aínda cubertos de lan e piando, e siguiron adiante, tirando as gorras polo aire, dando pinchacarneiros iapuntándolle ós paxaros, astra que chegaron ó niño dos ovos.

154 Publicado en *Galicia Recreativa*, n.º 44, 8-III-1892, pp. 646-647.

- Mira, dixo o que se cría dono, ia ver se andas a modo, que xa fuxiu a nai que estaba apoleirándoos.

O do niño dos paxaros non puido resisti-la tentación e coidando que o seu compañeiro seguía entretido en desenredar unha silva que se lle agarrara ó calzón, botou a man a un ovo.

Aquela foi a declaración de guerra: das palabras pasaron enseguida ós feitos ios dous rapaces, emborcados no chan, zurráronse admirablemente.

Cando o furor ou as forzias foran menos, os dous combatentes erguéronse chorosos, cos vestidos lixados, en cen anacos as pizarras e sembrados polo chan os libros coas follas todas soltas.

Ameazándose terriblemente, ambos rapaces botaron cara a súa casa, un detrás do outro; pro sin xuntárense.

- Deixa que te pille meu irmán, que cha ha dar.

- Non, pois como te agarre meu pai...

- Tramposo Rañoso.

- Heille decir ó Maestro que fuches ti quen emborcou antes o tinteiro.

- Pois dillo, verás como che desfago os morros, ladrón, que arroubaches un *Juanito*.

- E ti, que lle quitaches a Xaniño un *Amigo de los niños*.

Deste xeito, chamándose mil e catro centas chegaron a diante da escola no instante en que saían dela os seus amigos e compañeiros, que ó velos enco-menzaron a berrar:

- Uiiii, Antonciño e Perucho, que lataron a escola.

- Ambos de dar, ho!

- E tran partidas as pizarras, ouservou un.

- Andiveron ós niños, dixo outro.

E logo, como os dirixira un mesmo pensamento, rodearon ós dous nenos cantando con canta forza podían:

<<Latante maior

Roubáchelle as chaves

A Noso Señor>>.

Ante o común mal, os dous enemigos esquenceron seus resentementos e pautando tacitamente unha alianza ofensiva e defensiva, encomenzaron a sacudir golpes á dreita e esquerda. Pronto aquilo pareceu un campo de Agramante: os libros iban polo aire dun lado pró outro io mesmo camiño levaban as gorras iastra os anacos de pan que prá saída levaban no peto. Aquí caía un que se erguía máis alá cunha pedra na man, fendíanse as pizarras ios berros enxordecían o espáceo.

De pronto cesou o barullo e todos botaron a correr, recollendo á présa as gorras, as follas dos libros, as pizarras iastra os cinturós ias chaquetas que na refrega se arrincaron uns ós outros: era que pola esquina da calle aparecía a figura inofensiva pra todos, terrorífeca prós rapaces. Antón e Perucho botaron

tamén a correr, pro a súa desgrácea levouos a afuciñar co Maiestro, que saía atraguido polos berros. Excusado é decir que lles custou o encontro un bo tirón de orellas.

*

* *

Cando á tarde foron chegando os rapaces, Antón e Perucho estaban xa de rodillas no médeo da escola e cos libros na man. Non comeran; pro por eso non esquecían os niños, como proba o seguinte diálogo:

- ¿Hasme dar un melro? –di o Perucho.

- Se me das un sílgaro e máis dúas formillas... –respondeu Antón.

AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

Vigo Diciembre 1º de 1891

As formillas¹⁵⁵

As vellas do barrio dicíanllo na cara: *fillo de xogador; xogador has ser tamén ti, hai ho.*

Se se herdan ou non disposicións tales, como os sábeos queren agora io público vén sostendo fai moitos anos, eu non o sei; pro si que neste caso atinaban as comadres: Xaniño non pensaba mais que en xogar, xogar a todas horas, xogar sempre.

Poucos, ou millor dito, ningún rapaz estaba tan ó tanto como el na custeón das épocas en que encozegan os xogos do piñón, a estornela ou billarda, etc.; e ningún, seguramente, tiña tan prontas cantas *disposicións legais e regras* se conecen e comprende o longo código dos xogos dos rapaces: era unha verdadeira *enciclopedia*, unha especie de *viva colección legislativa*, que os nenos do barrio consultaban sempre que dudaban se esta ou a outra xogada estaba ou non dentro das leis do xogo.

Xaniño, como dixemos, tiña verdadeira paseón polos xogos; pro de entre eles os que máis lle gostaban, ós que con máis empeño e con máis ardor se adicaba eran aqueles en que o entrés se mete máis no médeo: as *caras e cruces* encantábano e xogando *ós santos* coas aleluias ou as caixas de mistos tiña verdadeiras batallas iera de ver estonces con canto empeño sostiña el que Garibaldi estaba en riba de Víutor-Manoel, Zorrilla sobre Alifonso XII, Bismark tapando a Guillermo ou, en fin, debaixo de Mazzantini Cánovas e Sagasta.

Ben escusado será dici-lo que gozaría o noso rapaz cando, polo seu turno, chegaba o tempo das formillas; seus petos parecían museos nos que figuraban dende o botón de fío das camisas dos nosos labregos, astra o de metal e treciopelo que levan as señoritas da vila; dende a formilla branca de óso, astra o *pique* de uniforme.

Aquel encher e baleirar os petos, aquel continuo cámbeco facía brincar de gozo ó bon Xaniño e como o víceo dos maores se deixa sentir na famílea, máis dunha vez a louca aficeón do rapaz foi causa de desgustos na casa ó atoparse, por exemplo, o seu pai sin botós na chaqueta ou na camisa.

En canto ós síteos ias horas non roparaba Xaniño: o portal da escola, antes e despois da saída, tiñan pra el non sei qué encanto. Alí foi máis dunha vez a buscalo o maestro coas disciplinas de corda iera de ve-la présa con que subía as escaleiras pra sentarse no seu sito e uni-lo seu marmúleo ó dos demais.

Non son tódolos días de fortuna iun deles non lle soprou ben ó noso Xaniño. A hora de entrar xa dera, mais os rapaces, formando corro, miraban a derrota do astra entonces afertunado xogador ieste, apurando, cal outro

155 Publicado en *Galicia Recreativa*, n.º 1, 8-V-1892, pp. 5-6.

Napoleón en Waterloo, os últimos recursos, baleiraba os petos na man dos contráreos.

A voz do maestro sentiuse craramente nas escaleiras iaquel círculo desfixose como por encanto, botando todos a correr cara á escola, non sendo dos últimos o noso heroe, que, coa cara alcendida, os libros debaixo do brazo ia gorra posta ó rivés, entrou tirando bancos e pizarras. Cando o maestro entrou, xa todos ocupaban os seus sitios cos libros abertos, distinguíndose esa mezcra de voces en tono de pregunta e resposta, que tan ben caracteriza nosas escolas, anunciándoas a médea légoa de distancia.

Non era Xan dos que se afogan en pouca auga e despois de pasar un momento, ás furtadelas enomezou a desafiar os seus contráreos.

- O que é desta vez non te astreves, rañoso, dicíalle a un dos que lle ganaran.

- Vouche ás formillas cando queiras, dicía a outro iasí iba quentando os ánimos, astra que ó pouco tempo e sin que o *dómine* vise (como lles pasa moitas veces ás autoridades cos verdadeiros xogadores), a escola convertiuse nunha *timba...* de botós.

A sorte, sen embargo, seguía contrárea a Xaniño que ó pouco tempo alcontrouse sin un botón, nin pra un romédeo, pro... ¡de menos nos fixo Dios!: non por eso se acovardou o rapaz e siguiu xogando cos da chaqueta pirmeiro, cos do chaleque logo ió fin cos do mesmo calzón, que tiña de mentres atar logo cunha corda que traguía sempre consigo, *prás peleas*.

Pro as cousas non san sempre como se pensa e cando máis afanado se alcontraba Xaniño, unha forte vareada do maestro sobre a mesa foi o sinal ios rapaces botaron a correr cada un á súa seución. Quixo Xaniño seguir os seus compañeiros, sin pensar xa na falta de botós que *padecía*, así é que ó primeiro paso deu co seu corpo no chan e na forma que poden sopoñe-los leutores: os rapaces soltáronse a rir coma tolos e máis aínda cando fuxindo da vara e cos calzós na man, púxose a correr pola escola, con máis dunha coarta de non moi limpa camisa fôra.

É hoxe o día aínda en que os compañeiros de Xan lle din cando o alcontran:

- ¿Acórdaste das formillas?

AMADOR MONTENEGRO

Pozo negro¹⁵⁶

(Tradición gallega)

I

Vai a lavar.

Mai garimosa, non quer deixar un soilo istante o seu filliño ieste ¡miña ialma! non sabe aínda o que é vivir soparado do ser que lle deu a vida.

Viúda, ve no seu neno o ritrato do home que lle arroubaron as traidoras ondas do mar; probe, o seu agarimo prá vellez; mai... o ánxel máis bunito que Dios mandou ó mundo.

A verdá é que pra pensar esto non lle faltan motivos, que non poidera o artista alcontrar millor modelo que aquel pequerrecho, de tres anos, de cabelo crecho e roxo, farulas rosadas ien cuios labres parece nace-la risa.

- “Vente, meu sol, meu feitizo, meu amor; vente, meu quiridiño, vente... ¿quen será capaz de apunta-lo que unha mai di ó seu fillo no colo?”.

O pequeno deu un brinco e, cun codeliño na mau, agarrouse ó pescozo da mai, dándolle unha aperta.

II

Alá en baixo hai un pozo e preto del fai a auga un remanso.

Os castiros medran, cubrindo co seu ramaxe o sito, ia sombra, que dan, é tanto máis agradabre, canto que fai unha calor que derrete.

Naide se alcontra no sito cando chegan mai e fillo. A auga está crariña, o chan seco, e mentras o neno enreda, sin sopararse, correndo tralas bolboretas, ela lava.

Seu pensamento, sen embargo, está lonxe daquel sito, io seu curazón, magoado polos tristes recordos, pinta na cara o sofrimento.

Rise, pro aquela risa, que non pasa dos labres, é soilo para legrar o seu filliño; canta; mais, ouvide que triste é seu cantar:

“A muller do mariñeiro
ben se pode chamar viúda,
cando aquel vai car ó mare
marcha para a sepultura”.

156 Publicado en *Galicia*, n.º 4, outubro 1892, pp. 235-236 e reproducido en *El Eco de Galicia (EG)*, de Bos Aires en 1908.

Unha bagulla esbara, ó arremata-la canceón, polas meixelas da probe muller e logo sigue un instante en que os golpes da roupa sobre a pedra non resoan na bóveda que forman as pólas dos castiros.

Pronto volve en si a mai io seu pensamento é o filliño; mais este xa non está alí.

Érguese, chama, corre e busca por todos lados; pro en van, o neno non parece.

¡Disgraceada! Os seus berros aumentan, a súa axitaceón é cada vez maior... de pronto vénselle unha idea terrible, espantosa, e, correndo, diríxese ó pozo.

¡Horror!, o seu presentemento non a enganaba: alí no fondo e sobre a auga, vese a dourada cabeciña do probe neno.

Está afogado.

III

¡Quen non compadece a infeliz mai!

Soila no mundo, xa non lle queda outro consolo que ir tódolos días ó terrible sito, pra chorar berrando dun xeito que parte o curazón:

“¡¡Aí, pozo negro, pozo negro, ti roubácheme o meu filliño, ti eres pra min negro, moi negro!!”

*

* *

O pobo, sempre compasivo, garda a histórea da probe mai, que vos acabo de contar, tramitíndoa de pais a fillos e, pra recordo eterno, levantou, a seu modo, un menumento máis duradeiro que as estautas ias pedras, chamando o sito *Pozo negro*¹⁵⁷.

AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

Vigo, Xulio de 1892

157 Nota do autor: “En la parroquia de S. Martín de Moaña, provincia de Pontevedra”. Esta mesma nota repítese en *EG*, cunha pequena variación á hora de referirse ó topónimo, que é citado como “San Martín”.

O xastríño-arrieiro¹⁵⁸

(Do libro “Contos do meu país”, prósimo a publicarse)

Pois amiguiños *del* Señor, foi o caso de que, xa fai algunchos anos, cando non se inventaran aínda os *ferrocarriles* nin os *telégrafos*, vivía en certa aldea de Galícea un xastríño novo que, hoxe nun lugar, mañán noutro; unha somana, se a mau vén, na casa do Abade, e outra na do Alcalde ou o Secretáreo do Concello, iba gañando a súa vida, sin facer mal a ninguén.

Mais o Deño, que nunca está quedo e cando non ten que facer din que mata as moscas co rabo, non sei qué cousas lle meteu na chola ó bon do xastríño ieste, tirando as agullas ia tixeira, coma si lle queimases nas maus, dixo:

- “Xa non dou máis unha puntada, anque me aforquen”.

Non faltaron almas boas que tratasen de convencer o xastre do seu erro, aconsellándolle volvese á súa antiga vida, pois os tempos, malos pra todos, non o estaban tanto prós xastres, que non tivesen que facer todo o ano de Dios, sempre, como é de costume, ben ausequeado. Non era o proceder dos que así falaban todo virtú, según malas lénguas, pois Xaniño de Outeiro, que así se chamaba o noso xastre, tiña unha mau prás chaquetas e mantelas, que prenda saída das súas, namoraba polo ben acabada iera a envexa de cantos a vían; pro a conta foi a mesma, pois o xastre quixo ter palabra de rei.

Como era de boa conduta e libre de víceos, aínda tiña forros Xan algús cartos, e unha mañán, despois de contalos cen veces, dixo para si:

- “Pois señor, estas cadelas logo se van, si non busco xeito de tomar un trato io que é pola agulla non turro máis, anque mesmo de fame morra”.

Pensando qué había facer da súa probeza, quixo saír, como fan moitos, da súa pátreas, coidando que, fóra, can pas cucidos do ceo, e tomou o camiño de Madrid, que non parés sinón que a corte de España é o paradeiro de canto desacupado deu Dios nesta bendita terra.

Non o siguiremos nos seus traballos, bástenos soilo saber que, cunha recua de burros, montado no último e dándolle ás pernas coma si foran as péndulas dalgús rilós, ó compás do *don-di-lin-don* da choca, que levaba o primeiro, vírono váreos dos seus viciños, dos que tódolos anos van á terra de Castilla a segar.

Polo goso iencarnado e polo moito que dicía que *despuña sempre dun peso pra gastar cun amigo*, parecía non irlle mal no novo oficeo, así que che-gou a ser motivo de envexa pra algús, falando del no logar como dun home de

158 Publicado en *Galicia*, n.º 10, en abril de 1893, pp. 627-630 e reproducido con algunhas variantes en *El Eco de Galicia*, de Bos Aires en 1908.

sorte. Rapaza houbo por aquel estonces, que ó sentir ladrar os cas, afegurábase ver a Xaniño de volta cun traxe novo, lustradas botas, corbata de coores e un peto cheo de onzas.

Pasou o vran, io inverno, frío como poucos, botouse enriba. Cubriu a neve os camiños ios campos con espesa e branca sábaa, e contouse que en moitos sitios morreran de fame famíleas enteiras. ¿Que fora estonces de Xaniño? ¿Quen sabía do bon xastre, trocado en arrieiro? Véñense as bágoas ós ollos recordando a súa disgrácea; parte o curazón a súa hestórea.

O frío, como sempre, fixo disminuir o tráfico, e Xaniño, desexando chegar axiña a ser rico, máis que o Sacretáreo do seu Cencello, siguiu soilo facendo os viaxes de costume, sin que naide lle fixese a contra: a idea de ter unha casa grande, moi grande, cunha boa horta e vivir logo de *mano blanca*, dáballe forza pra todo.

Fixo unhos cantos viaxes o bon Xaniño, ianimado polo ben que lle saíran, dispúxose a facer outros, cando o regor do inverno aconsellaba máis prudéncea, abrigado, eso si, e na compañía dunha bota como un odre, ben chea de viño. Nun destes viaxes, feito cando a neve caía como fariña io frío tollea os membros, Xaniño tiña que atravesar, por disgrácea, o porto de Guadarrama.

Andando unhas veces a pé ioutras dacabalo, dándolle apertas e bicos á bota e ben envolto nunha manta de Paléncea, foi risistindo o xastre; mais os burros, que non podían facer outro tanto, foron pouco a pouco quedando mortos antre a neve, sin que de nada sirvisen os ausilios de Xaniño, nin os dos legoeiros, compadecidos da súa disgrácea e únecos seres humanos que por aqueles sitios se atopaban.

Xaniño ¡miña ialma! chorou a perda dos seus compañeiros, como el lles chamaba e que eran a súa úneca fortuna, todo o seu capital. Pra maor disgrácea, os poucos cartos que tiña forros, tivos que dar ós donos das mercancías, co que quedou probe como as arañas e cuase sin ter con que volver pró lugar.

*

* *

Unha mañán ladraron os cas moito e polas ventás foron sacando a cabeza as viciñas, cureosas como mulleres: era un probe esfarrapado que se acercaba, era Xaniño, que ó vela torre da eirexa e recorda-las súas desventuras, non puido conte-las bágoas. Víña, si probe en diñeiro, rico, moi rico en desventuras e desenganos, disposto a non probar máis fortuna e aventuras, e morrer facendo dengues e chaquetas.

Traballo custoulle, e máis non pouco, ó bon Xaniño, recobrar algunha da antiga parróquea, pois non faltou na súa ausencia quen acupase o seu sito; pro como aínda o quirían ben ia súa disgrácea fora moita, logo volveu a recibir encargos.

- *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra* -

Como pode comprende-lo leutor, hoxe Xaniño conta a súa hestórea en cada casa onde vai coser, e, cando no inverno neva, mirando pra fóra, con voz angustiosa e mentras enfía unha agulla, di:

- *¡Cantos pulliniños morrerán hoxe no porto de Guadarrama!*

AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

Vigo, Xaneiro de 1893

A luz dun raio¹⁵⁹

Ó meu amigo o honrado mariñeiro “Francisco”

I

¡Que tempestá máis temibre!

O ceo está mouro, mouro como os meus pecados; dobra o vento as albres i o mar, furioso, estrélase contra as penas da praia.

Berran as gaivotas, que fuxen asustadas i alí lonxe, lonxe, parezme escoitar ruxidos, como de trebóns apagados.

¡Que sería, Dios santo, que sería das lanchas pescadoras!

II

¡Señor ten piedá delas!

Coas velas rachadas, sin paus moitas xa, resistindo o terrible empuxe das ondas, buscan as lanchas, o porto de salvación.

Enriba das ondas unhas veces, no fondo do abismo que forman ó separárense, outras, as debres barcas parecen ser xa soilo a tumba dos valentes que as tripulan.

Non se oen máis voces que as de mando, nin se fan máis movementos que pra obedecer.

.....
.....

Eran dez, vinte, cen, e xa non se ve máis cá mitá.

¡Señor, tende piedá delas!

III

Non hai duda, vai sin tripulantes.

Empuxada polas ondas vai e vén; ora está preto, ora lonxe da praia, tan presto sobre a area como algús centos de metros mar adrento.

I así pasan horas e mais horas ia xente que está na praia vaise marchando e chega a noite.

159 Publicado en *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, n.º 137, 10-VIII-1895, p. 5.

Soilo queda unha muller, que parez buscar aló lonxe, lonxe, algo que non ve e fixa como unha estauta, mira e mira, agarda iagarda. Dos seus ollos despréndense algunhas veces unha bagulla, mais da súa boca non se escapa un ¡ai!

IV

Unha onda máis grande que as outras; un empuxe máis forte cós demais, tira a lancha sobre un penedo da praia.

O golpe foi terrible. O barco esnaquízase ia luz dun raio que cruza aluma un terrible espectáculo.

Do seo do barco sai e roda sobre a area o calibre dun neno, que vén parar mesmo ós pés da probe muller que berrando ¡meu fillo! cai sin sentido.

A luz da aurora alumou, acuden os veciños e sobre a area alcontran xuntos dous calabres: o da mai io do fillo.

Amador Montenegro

Vigo, 1895

Os gatos endemoneados
ou
A argúcea da ama dun abade¹⁶⁰

O abade de Ferreira era máis bon que o mesmo pan.

Moi velliño xa iachacoso, non podía ver sufrir a naide, así é que, probe que chegase á súa casa non se iba sen limosna e... ¡bótense vostedes a adiviñar a cantos a fama das caridás do bon abade levaría á súa porta tódolos días!

A señora Rosa, que era a ama, vella tamén, non máis san que o seu amo e cunha cara e un xenio de ben poucos amigos, rabeaba co desprendemento do Abade ió ve-lo pouco tino que levaba en dar, primitíase moitas veces a libertá de dicirlle fungando:

- Pode da-la camisa, señor, pode; que cando se alcontre despido no médeo da rúa, hanse rir ben de vosté, han señor, han.

- Muller, muller, contestaba o Abade, nosoutros aínda nos vamos gobernando ios probiños que veñen á porta non teñen máis que o camiño por onde van. ¡Hai que ter caridá, Rosa, hai que ter caridá, senón...! e o bon vello botaba un latín, que saía asubiando polas enxibas sin dentes.

Pro aínda non facían arrenegar tanto á señora Rosa as limosnas do Abade, como a manía en que dera de manter gatos e mais gatos na Reutoral, os que, craro está, non poñéndolles coto, aomentaban que era un gusto.

- Pro señor, rosmaba tódolos días a vella, ¿non lle abundaba un ou dous gatos? Así como así tanto non deixa que gardar ias orellas os ratos non llas han de roer, Dios mediante... ¡O diaño leve sí esta non parés a casa dos gatos!

A este e mais outros discursos da ama contestaba o Señor Abade prometendo facer unha gran matanza de gatos; mais a verdá era que aquel día non chegaba ios gatos siguían aumentando e pra mantelos non había caldo que chegase, amén das talladas que pescaban eles, se a boa da vella deixaba aberta por descoido a porta da despensa.

A afición do Abade de Ferreira ós gatos era ben conecida na parróquea iaínda nas do redor, e poucos viñan á casa que non preguntasen á señora Rosa *pola famílea*, anque non fora sinón por ouíla falar mal contra os gatos io seu proteutor. En canto a espricar o porqué daquel cariño, espricábase de moi difrentes maneiras, non faltando quen dixese que o bon do Abade tivera na súa mocedá moitos amigos, que, ó velo probe deixaron o seu trato iel, desengañado, puxera o seu cariño desde estonces naqués animás que máis ós malos amigos se parecen, por aquilo mesmo que se garda o ritrato do home ou da muller que nos deu un desengano. Mais volvamos ó conto.

160 Publicado en *Galicia Moderna*, n.º 15, 1-XII-1897 e acompañado dunhas ilustracións de B. Pereira Borrajo.

A tía Rosa tiña as súas amigas e comadres, ¡que vella non as terá! e con elas falou máis dunha vez do que lle pasaba co deño dos gatos:

- “Non hai cousa gardada con eles, dicía anoxada, nada teño seguro, nin sei qué facer con esta cruz que Dios me deu, que non é das máis pequenas. ¡Xasús, que pacéncia se precisa pra non relaxarse de todo!”.

Non a tivo ou acabóuselle ó fin cando puxo en práctica, aconsellada, quizabes, pra conseguilo seu desexo, un médeo que aínda o demo non o descorrería millor. Tódalas mañás, en efeuto e mentras o Señor Abade botaba a súa misa, cerraba a porta iarmada dunha escoba vella encomenzaba a repartir xostregazos nos *miquiños*, berrando ó mesmo tempo: ¡*María Santísima!... ¡Dios me valla!...*, etc.

Os gatos ¡do deño estaban quedos! a cada escobazo da señora Rosa respondían eles bufando, dando brincos astra o teito e laiando desesperadamente; mais a vella non paraba astra que, rindida xa, tiraba a escoba, abrindo ós gatos, que fuxían como alma que leva o demo.

Volvia logo o Abade e todo quedaba como en denantes. A vella: miquiño aquí, miquiño alí; o Señor Abade *Domine labea mea aperies...* ios probes petando na porta e botando a acostumada latanía de disgracias e males, coa que conseguían move-la lástema do crego.

Pasados unhos días e cando a vella coidou que estaban ben insinados os gatos, agardou un, alarando, desmarañada e coa escoba na man a que viñese o Abade, que ó vela naquela forma preguntoulle asustado.

- ¡Que che pasa Rosa, que che pasa?

- E que me ha pasar, señor, dixo ela chorando como unha Madalena. Asús, asús, Señor, estamos pirdidos de vez e si Dios non o remédea, non sei qué vai pasar aquí.

- ¡Pro que tes, muller, fala? –volveu a pregunta-lo Abade, cada vez con máis medo no corpo.

- Corra, Señor, corra, berraba a tía Rosa, corra pola súa ialma e traia o libro dos esconxuros ia caldeira da auga bendita, que témo-lo Deño na casa. ¡Ai Dios meu, Dios meu, que disgrácea tan grande!

O Abade, que ben sabía astra onde chegaba a súa ama no tocantes a cre[enzas] en bruxas, trasnos, etc.; tranquilizouse un pouco, pensando en que calquer meiguería era a causa daquel estado da Rosa, vendo o que non esistía e pensando en que todo había de acabar por querer ela poñer na porta un corno, unha ferradura de cabalo e un *escrito*, cousas que sempre lle negara. Pro en fin, pra saír pronto de dudas preguntou:

- Pro, vamos a ver, ónde está o Deño, muller, ónde está, que eu non o vexo nin o sinto.

- Ai Señor, señor, o seu amor polos gatos, velaí o que nos trouxo: o anemigo meteuse no corpo dises animás e senón verá; ia vella encomenzou a chamar os gatos.

Escamados estes co que outras veces pasara non por eso se acercaban; pro a preséncia do Abade foilles quitando o receo ió fin e no mesmo carto en que estaban o Abade ia súa ama, xuntáronse todos.

Aínda ben non os viu alí a tía Rosa, encomenzou a berrar como sempre: ¡María Santísima! ¡Dios me valla! Io que logo pasou ben se pode supoñer: os gatos, acordáronse da ración de tódolos días e, ¡pés pra que vos eu quero! a correr ia bufar aturdiron a Reutortal, antre o asombro do Abade ia satisfacción interior da ama.

A proba aínda se repetiu outra vez, sempre co mesmo resultado astra que, convencido o Abade de que os gatos non podían ouílos augustos nomes de Dios e a súa Santísema Mai, dicidiuse, non sin pena, a autuar de Herodes, ordenando a xeneral matanza dos enocentes *felinos*.

Os gatos desapareceron, pois, pro coa legría da ama ó verse libre dos seus enemigos, veu a cadra-la tristeza do bon Abade, que non podía afacerse sin os seus compañeiros e que ó fin finou, sendo chorado por tódolos seus filigreses e mais polos probes, que lle chamaban seu pai. Detrás da caixa iba tamén a Señora Rosa churimicando tamén e dicindo:

- ¡¡Ai nunca Dios me dera, disgraceadiña de min e pra que lle mataría os gatos a este buenazo de Dios!!

AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

Marecutiña¹⁶¹

I

¡Miña xoia!

Cun refaixiño marelo, unhas zoquiñas io mantelo de picote por riba da cabeza, védea, cara ó monte, gardando mal contada dúcea de ovellas.

¿Preguntades se é bunita? Eu non hei responder, fágao por min aquela cariña, na que brillan unhos ollos grandes, grandes, como a fame dun probe iós que sirven de marco crechos e dourados cabelos, que can en desorde sobre as anas espaldas: responde aquela boquiña da fegura dun piñón, aqueles labres vermellos, que deixan ver dúas fias de dentes brancos como a neve e miudiños, coma pelras.

Mais ¿por que non canta xa a nena? ¿por que cando chega á revolta do camiño que vai pró monte, deixa de ouvirse aquela voz dilgadiña, como a dun silguiero, e soave como a dun reiseño! ¿Por que ó chegar alí paran as ovellas?

II

Drento dunha fornalla aberta na pedra, unha mau piadosa, sen duda puxo, ¡cantos anos haberá! a imaxen da Virxen.

Non era moi diestro o pintor no manexo do cincel, a xurgar pola mostra; pro aquela Virxen, de cabeza e maus desproporcionadas, ispiraba tal devoción ós labregos, que non a trocarían, a bon seguro, por outra de máis méreto.

Noutro tempo, según os vellos contan, ante a Virxen de pedra alcendíase un farol tódalas noites, pro desde estonces... ¡canto baixou a fe, Virxen querida, canto! Agora está ás obscuras a imaxen.

Os labregos, os pastores ios camiñantes, sen embargo, xamais pasan por aquel sito sin rezar unha *ave maría*. A mesma santa custume sigue a nosa nena.

Vide e miraina, así deben reza-los anxos no ceo.

¡Que fermosa é a oración dun neno! Coas maus dreitiñas pide... ¿quen sabe o que pide! co lobo non lle coma os añiños, que a aboelita teña moito pan pra darlle, que o pai ia nai... gocen no ceo, porque a neniña ¡miña ialma! é orfiña.

Acaba xa iérguese e como onte iontronte e tódolos días, mirando prá mai do Redentor dille, ó mesmo tempo que move a cabeza:

- “Páseo ben astra outro día, señora Marecutiña”.

161 Publicado en *Galicia Moderna*, n.º 16, 15-XII-1897 e ilustrado por B. Pereira Borrajo.

III

¡Que difícil é confesar un inocente!

Así dicía o Abade de Z... tendo á nena das ovellas diante a reixa e mentras en van buscaba naquela ialma limpa como o ceo sin nubes, a máis lixeira sombra de pecado.

Se se poideran desexar certas cousas, o bon Abade desexaría naquel istante que a nena tivese un, siquera un pecadiño, porque sinón ¿como botar-lle aquela pláutica que tiña *in cuspide lingua*, e había máis de corenta anos que facía ouvir ós seus pinitentes?

Cavilaba e cavilaba o noso Abade acerca do que dibía facer, cando, deixándose guiar por certa ispiración, preguntou:

- Neniña, ¿e ti rézaslle sempre á Nosa Señora de Pedra?
- Si, señor, respondeulle a nena, rézolle unha Ave María.
- E que máis, volveu a preguntar o Abade, ¿que máis lle dices?
- Despois, volveu a dici-lo ánxel, despois dispídome dela.
- ¿E como te dispides, nena?
- Pois dicíndolle: “Páseo ben astra outro día, Señora Marecutiña”.

O Abade risprou ó ouvir a confesión da nena, pois anque inocente o dito, dáballle pé pra dicir algo. ¡Chamarle Marecutiña á Virxen e dispidirse dela como se fora unha persona calquera... vamos, ¡que era un pecado! ¿E ti non comprendes, nena, que se vai a enfadar contigo a Virxen?

- Señor, respondeu timidamente a nena, ela ríselle cada vez que llo chamo.

Non o creu o Abade o que a nena lle contaba, mandándolle que, polo contráreo, non volvese a divirtirse coa Virxen, o que ela prometeu.

E desde estonces non volveu a ouvirse cantar a nena, cando levaba as oveliñas ó monte.

IV

- ¿Cumpriche o meu encargo, neniña? —dicía o Señor Abade tendo ós seus pés á pastoría.

- ¡Si, señor, contestou aquela, dendes que vosté mo mandou, non volvín a dispidirme como antes da Virxen. Ó dicir isto a nena choraba como unha Madalena.

- E nosa Señora de Pedra ¿que fai agora, rise?
- Non señor, nunca a volvín a ver rir máis e parés que non me mira.

O Abade cavilou un pouco ió fin dixo á nena:

- Boeno, pois dende mañán volves a facer como antes e pide á Virxen por iste velliño.

- *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra* -

Conta a tradiceón que, en efecto, volveu a nena a chamarlle Marecutiña á Virxen e volveu esta a rirse prá nena dun modo bondadoso.

AMADOR MONTENEGRO

Vigo, Diciembre de 1897

Ir por lan e...¹⁶²

Vinte anos tiría o tío Marcos cando saíu da su casa, aló, nunha aldea da provincia de Ourense, escomezando a correr mundo e deprender aquela céncea que tan famoso o fixo na hestórea da nosa terra:

Primeiro, e como era de lei, botou Marcos a súa campaña, *sirvindo* dez anos, día por día, pois nin pola talla, nin pola saúde, nin siquera pola falta de colmillos puido verse libre (1)¹⁶³. Mais comprido este deber, en vez de virse prá casa quedouse en Madrid, coa idea de xuntar algús cartiños e mercar logo unhos bes ialcontrar acomodo, xa que non cunha vinculeira, con rapaza *do seu igoal*.

Pasaron anos, sudou moito, moito o probe Marcos e carto tras carto (entonces non andaban soltos tantos cas, fuxindo dos que, sen duda, marchou o ouro de España), conseguiu xuntar astra catro mil reás, cos que se consideraba máis rico que Creso, anque os traballos non lle desen, nin moito menos, o aspecto de Craso.

As bondades da terra, o desexo de descansar unhos días, a idea, en fin, de ir botando o ollo pola súa aldea ás rapazas que millor partido lle parecesen, causa foron de que pensase en dar unha volta por Galícea, e, como siría unha verdadeira imprudéncea poñerse en camiño con *tantos cartos*, determinou deixalos na man dun comerceante a quen facía certos sirvíceos iera dino da súa confianza.

A víspora, pois, do viaxe, presentouse na casa dita e dirixíndose ó dono díxolle:

- “Ai Señor García, teño aquí unha probeza, xuntada ben sabe Dios ia súa mai con cantos traballiños e sudores. Determinei ir a dar unha volta pola casa e como lle pode a un home pasar calquera lance por ises camiños de Dios, véñolle hoxe a pidir un favor ié que, pola alma dos seus pais me garde istes cartos astra a volta”.

- “Con que a ver la vaquiña, –dixo o comerceante, fregando as maus. Bueno, hombre, bueno, vengán acá esos millones”.

- “Tanto como millós non son, señor; pro xa non falta todo”, –respondeu Marcos.

162 Publicado en *Galicia Moderna*, n.º 17, 1-I-1898 e ilustrado por B. Pereira Borrajo. Foi reproducido con certas variacións en *Aires da Miña Terra*, n.º 5, 1908. Roque Pesqueira Crespo é autor dun texto que leva este mesmo título en *Gaita Gallega*, ano 2, tocata II, 31 maio 1886, pp. 5-6.

163 Nota do autor: “É ben sabido que, antes de se enventaren os fusiles modernos, tiñan os soldados que trinca-los cartuchos e por eso libraban os que non tiñan colmillos”. Na reprodución d’*Aires da Miña Terra* esta nota aparece inserida no texto.

O comerciante contou aquelas moediñas brillantes, como ouro que era, botounas no caixón e íballe a dicir a Marcos que se fose tranquilo, cando este, rascando detrás dunha orella e dirixíndose ó comerciante, dixo:

- “Siñor, todos lle somos fillos da morte e como dixo o outro, se non lle fora molesto agradeceríalle me fixese a mercé dun recibíño e desemule, que non o fago, ¡¡Asús María!! por desconfianza que teña de vostede...”.

Estendeu o Siñor García o ricibo e contento o noso peisano xa non pensou máis que no viaxe. Dispidiuse dos amigos, paseou, por vez primeira sin ouxeto, algunhas rúas, mercou un par de panos de seda e cun saco ó lombo e unha moca na mau, botouse a midi-la distáncia en pasos dinde a capital a Valeiras, que era o nome da súa aldea, íafellas que debeu face-la operación con coidado, pois din as hestóreas que lle levou ¡20 días xustos e cravados!

Xa na súa terra Marcos creuse filiz. Visitou a eirexa, falou co Sinor Abade, que lle recordou cousas da súa mocedá ia quen deu médea dúcea de cigarros iencargou un *Recordero* polos seus pais; regalou á súa irmá ia unha sobriña os dous panos e tivo que probar de máis de vinte vasos na romaría do *Santo Hociembre*.

Marcos, sen embargo, era previsor iademais non se afacia a aquela vida de valeigán. Pensou en traballar íasí, sin se acordar xa máis de Madrí, deixou correr unha somana e outra, un mes io siguiente, un ano, en fin tras outro astra tres xustos. Durante este tempo non deixou Marcos de esculcar e saber, pro nada lle daba gusto. Un día, despois do xantar, falou coa súa irmá do caso e naquel mesmo quedou acordado o casamento de Marcos, estonces de cincoenta anos, coa rapaza, que andaba nos trinta.

- “Que demoros, dicía aquela noite Marcos falando co Abade, así como así millor é que quede todo na casa e como dixo o outro, val máis que o arrouben os parentes que non os de fóra”.

Ó Abade pareceulle ben a determinación de Marcos ieste púxose en camiño pra recolle-los cartos que deixara en Madrí ío mesmo tempo coa idea de mercar na casa do seu depositario as galas prá noiva. Marcos era agradecido íaínda que tivera que ir cargado quiría da-la ganáncea ó seu amigo.

Chegou, pois, Marcos á vila dos gatos ou do oso, como queren algúis. Foi parar á súa antiga pousada ien canto se sacudiu un pouco, alá se foi a ver o comerciante.

- “Siñor García, dixo xa alí, aquí me ten a darlle as gráceas ia recoller íses cartiños, pois teño de mentres empregalos na terra”.

- “Que dices, hombre, respondeulle o comerciante. Yo no tengo aquí dinero alguno tuyo y si estás borracho puedes irte a dormir”.

- “Mire ben o que dice, Siñor, mire ben o que dice, contestoulle Marcos. Recorde que fai tres anos lle entreguei aquí mesmo *catro mil réas* en rodas de ouro...”.

- “Nada, nada, berrou o comerciante, este hombre se ha vuelto loco o borracho. Si no te me largas delante, pícaro, llamaré a la pareja para que te lleve”.

Comprende o noso peisano que por aquel camiño salía perdendo e facéndose o risinado, tomou o camiño de se ritirar dicindo: “boeno, señor, desemule, que así como así sin eso hei vivir e pior siría que rompese unha perna”.

Mais como non era o labrego home que se afogase en pouca auga, foise a xunto dun avogado, púxolle o caso ió día seguinte presentou a demanda contra o tendeiro, no correspondente xuzgado.

Ó verse aquel citado, encomenzou a cavilar e comprendendo o que podía prexudica-lo seu nome que se soupera o sucedido, aconsellouse con un seu compadre, comerciante do mesmo nome e do mesmo apelido, acordando que ó día seguinte se presentase o compadre cos cartos ió desarrolla-la demanda Marcos se adiantase dicindo que non ó demandado, senón a el correspondía pagar aquel diñeiro, pois el e non o outro o recibira. Deste xeito, dicía o tendeiro de mala fe, o gallego colle os cartos e déixame en paz, quedando todos ben io meu nome a salvo.

Chegou, pois, a acaseón e no momento oportuno, adiantándose o compadre do Señor García e poñendo sobre a mesa unha bolsa de diñeiro, dixo:

- “Señor Juez, aquí hay un error, de que es víctima mi amigo y compadre el Sr. García, merced a la ignorancia y estupidez de ese gallego, que equivocando las puertas, fue a reclamar del Sr. García su dinero que sólo a mi entregó y, desde luego, pongo a su disposición”.

Surriuse o que falara, mirou con ben fiinxida fúrea o demandado a Marcos e con lástema o Xuez, io noso peisano, confuso e sen poderse espricalo que pasaba, nin acertaba a moverse, nin a dicir *ista boca é miña*.

Todos marmulaban, todos se rían xa da burrada de Marcos, mais este, repoñéndose de repente e dirixíndose ó xuez, dixo:

- “Señor, non poido menos de alaba-la honradez do compadre do Sr. García e meu bon amigo. Ben sei eu que teño na súa man os cartos siguriños e nunca me estrevería a demandalo. ¡Asús, María! Eu de quen reclamo aquí é do Señor García, que me debe outros catro mil reás e senón papés cantan”. Ialargou o ricibo.

O cadre trocouse. Quedaron os comerciantes mudos; pro ¿que lles quedaba xa que facer? Un estaba amarrado polo ricibo, outro pola confeseón que acababa de facer ios dous tiveron que solta-los cartos, con gran satisfuceón de Marcos. Este, como home atento, antes de se poñer en camiño pasou pola casa do Señor García e dende a porta díxolle:

- “Ai, señor; vosté tendrá unha boa tenda; pro os gallegos, sin tanta fanfárrea, *témoslle tenda e trastenda*”.

O pelexo dun santo¹⁶⁴

Eu non sei si se adiviñou ou non de dónde veu iso de *quita-los pelexos ó próximo*; pro teño de mentres que a moda debe ser moi antiga, tanto, polo menos, como a muller, que neso de despelexar aínda hoxe leva a ventaxa.

Non costa que Eva quitase o pelexo a Adán, certamente; pro non moi ben tratado lle debeu quedar cando, ó pouco tempo de ter compañeira xa sintiu que non lle servía, como antes, de abrigo úneco e tivo que botar man do primeiro que atopou pra se cubrir. Non pretendo tampouco meterme en averiguacións sobre o particular; mais polo que poida ter de útil, se algún leutor quer facelas, aí vai un conto, tal e como no fondo chegou ós meus oídos.

Pois señor, nunha ocaseón iba por certo camiño S. Bertelemeu ianque ó parecer, polo canso traguía un viaxe largo, o petate non podía ser máis sinxelo, como que consistía soilo nunha pel, arrincada de fresco: era do mesmo Santo, a quen bárbaros preseguidores da Eirexa fíxeran pasar por aquel martíreo.

A calor que facía, pois era no mes da sega; o cansáceo do camiño ias firidas, en fin, que lle fixeran, deran ó noso Santo unha sede tan grande que ben se pode dicir que era outro novo martíreo que sufría, e non, por certo, dos máis doados de levar.

Xa por estonces o díaño inventara as tabernas io ramallo dipindurado dunha porta fixo comprender ó camiñante que tiña diante un daqueles establecementos. A sede apretaba io Santo dicituse a entrar pidindo, polos cravos de Cristo que lle desen algo que beber, pois probe como era non podía dar en troques nin unha cadela.

O taberneiro non estaba ia súa muller, que non entendía moito de caridás nin lle soaba ben dar sin coller, despois de botar unha ollada ó Santo respondeulle con non moi bos modos que, de non pagar, non siría a filla da súa mai quen lle dese unha pinguada, pois non tiña a tenda aberta pra manter valeigás.

- Siñora, díxolle o Santo con doozura, a caridá é unha das máis grandes vertudes e por ela baixou Noso Señor Xesucristo a nos redimir iarrincar de antre as putas do demo.

- Pradique, pradique, contestou a taberneira, que así háselles secar máis a gorxa.

- De modo que, Siñora, dixo San Bertelemeu, teño que me ir da súa porta sin mata-la sede... ¡¡Vaia por Dios!!...

- Se paga bebe, respondeu ela.

164 Publicado en *Galicia Moderna*, n.º 18, 15-I-1898 e ilustrado por P. Pereira Borrajo. Este texto foi reproducido con pequenas variacións en *Aires da Miña Terra*, n.º 20, 1908, baixo a sinatura de Amador Montenegro.

- Nada teño con que facelo, señora, respondeu o Mártir, como non sexa este pelexiño. Se o quer deixareillo por un pouco tempo na casa...

Mirou a taberneira o que lle ofrecían e non puido resistir unha garatuxa ó ver que aínda levaba sinás de sangue. O seu home era gaiteiro, quizabes lle viñese ben o pelexo e ¡que demoros! así como así un neto ben o valía. Estas refreusións fixoas a intresada muller a escape e logo e dirixíndose ó Santo, díxolle:

- Boeno, vexa logo. Tome un neto e poña o pelexo aí... en calquer sito.

Entrou S. Bertelomeu, puxo a pel enriba dun bocoi de viño, no que xa soilo quedaban borras e delas tirou a pouco caritativa taberneira un vaso, que saíu tan craro e tan bon como nunca outro igoal no establecemento se vendera.

Ben o notou a taberneira, que ó marcharse o Santo, prometendo volver polo pelexo drento dun ano, mirou e rimirou a pipa a ver se se equivocara e probou váreas veces o mosto, que resultou manífico.

Siguiron vindo parroqueanos, encomenzou a facerse famoso o viño da taberna e xa aquilo non parecía senón un contino romaxe ia todo isto a taberneira io seu home tira que tira viño do bocoi, sin que trazas tivera de se acabar nin peor fose un día que outro, antes ó contráreo, cada vez millor.

- Pro muller, dicía o taberneiro, isto non pode ser cousa boa iadiós. A pipa que eu tiña pra lavar; dando viño e mais viño... eu non o entendo, vamos, que me afusilen se o entendo.

A taberneira a todo esto calaba, tendo bon cuidado de que siguise o pelexo no mesmo sito e de que ningún parroquiano se lle fose sin pagar.

Cumpríuse o ano que o Santo fixara e unha tarde en que o dono da taberna estaba limpando unhas cubas á porta do establecemento presentouse S. Bertelomeu, quen dirixíndose ó taberneiro, díxolle:

- Boas e santas nos dea Dios.

- Moi boas, respondeu aquel, ¿que se lle ocurría?

- Pois eu, dixo o Santo, veño a busca-lo meu pelexo.

- ¡O seu pelexo! reprimou o taberneiro mirando pró Santo varón e non reconecendo nel a ningún dos arrieiros que lle soían traer viño. Vosté e perdoe, debe vir enganado; pois aquí non deixou pelexo algún.

- Non me engano, non, señor, volveu a dicir S. Bertelomeu: aquí o dei-xei fai hoxe xustamente un ano en troques dun neto que me deu a súa parenta. Paresme que o paguei ben e por eso o veño hoxe a recramar.

O taberneiro porfiando que non tiña na súa casa pelexo algún io Santo a que si o tiña levaban xa un bon anaco de tempo cando certou a chegar a dona, que enterada do caso púxose resoltamente do lado do seu home, negando ó Santo que houbera deixado alí semexante cousa.

San Bertelomeu non se enfurruñou por eso e probando que tiña pouca gana de rifar ou lendo quizaes no intereor do home a súa boa entenceón, dirixiuse a el e con palabras cheas de doozura e que rispíraban convinceón, díxolle:

- Señor, faga a mercé de mirar enriba daquel bocoi e traiga pra aquí o que atope.

Obedeceu o taberneiro aparecendo coa pel do Santo na porta do establecemento.

- Estenda agora, Señor, dixo o Santo, e veremos de quen é.

Non foi pequeno o susto do bon home cando viu de quen era o pelexo e mais que de prisa llo devolveu ó seu dono.

E contan que a muller rosmaba polo baixo, como protestando do feito polo seu home e que o bocoi xa non quixo dar máis que a borra que tiña cando a taberneira sacou o viño pró Santo.

Iaínda hai tamén que di que ó marchar o Santo e como falando pra si, iba dicindo:

- Muller, muller, non me estrana xa que sexa a túa ocupación primeira despelexar ó próximo, cando a min me querías deixar sin pelexo.

AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

Terra na Habana¹⁶⁵

As malas cosechas, o desexo de ver mundo, o exemplo dalgún veciño, chegado de Madrí con máis fantasía que cartos, a pouca gana de traballar, en fin, fixeron que Bertolo pensase tamén en se ir á capital de España, e como o pensou fixoo que non era home que necesitase moito tempo pra se dicidir a unha causa.

Unha mañá, pois cun saco ó lombo, unha moca na man, catro pesos na faltriqueira e na cabeza máis proieutos que follas tiñan os castiros de Vilar, ieso que era polo mes da sega, Bertolo dispidiuse dos seus amigos e do Sr. Abade, e tomou a carretera.

Alá, ó pé do cruceiro da pena, parouse o emigrante, limpou unha baguilla que sin permiso lle esbarrou pola cara e volvendo esta xa non dixo máis unha fala astra ben pasadas dúas horas. Ós quince días chegou a Madrí ialí o deixaremos por un pouco, traballando máis que na súa aldea, comendo bastante menos que na súa casa de Vilar e sufrindo as roñas de cen e cen pre-soas, desconecidas, el, que fumando na folganza, na boa mesa ien fuxir da obidéncea dos pais, fabricara alá na súa cabeza un Madrí máis parecido ó que din que era *Jauja* que non o que en realidá é.

Volvámonos a Vilar.

¡Probes vellos!

Pensando no viaxeiro non probaron bocado a primeira noite e non se puxeron a xantar xa nunca sin falar del i astra se verteron algunhas bagullas pola festa do Patrón, polo Natal ou polo día en que Bertolo compría. Iasi se pasaron os días, as somanas ios meses, e así se foron xuntos tres anos, que foron prós petrúceos tres sigros, sin teren notícea algunha daquel fillo.

Unha mañá, por fin, ó perguntar o velliño na estafeta se había carta, cousa que viña facendo tódolos días de festa, puxéronlle na man unha cuio sobre dicía:

Galicia
Siñor don peDro ferNandes pro-
vincia dorens untaMento de rro-
deIro

Bilar o donde salle

165 Publicado en *Galicia Moderna*, n.º 20, 15-II-1898 conta con ilustracións de B. Pereira Borrajo e foi reproducido con variacións en *Aires da Miña Terra*, n.º 1, 1908.

Máis ledo que se lle deran cen pesos meteu tío Pedro a carta no seo e con canta présa llo consintían as pernas, tomou o camiño da casa, pensando na legría que lle iba a dar ó parente en canto chegase. - “Muller, muller, encomezou a berrar xa dende a porta, temos carta do fillo, esquirbiu ó fin”- ió pouco tempo e sentados á beira do lume, rachaba o tío Pedro con man tremente o sobre iencomenzaba a leutura, que non foi obra tan fácil como é dicilo agora aquí.

Os antiollos non se daban limpos, nunca estaba a ventana ben aberta nin franca a gorxa pra deixar saír as palabras craras e logo, aquel banco déralle por estar duro e coxo... pro, en fin, ó cabo de longos vinte minutos o labrego deu príncipeo á leutura, que a velliña agardaba coa boca aberta.

O papel era raiado e non moi limpo ia letra... ¡vállame Dios! de tal tiña o menos posibre. O que si, estaba esquirta en castillano; pro ¡que castillano, Virxen da Guía, que castillano!

Vaia senón a proba:



O tío Pedro parou máis dunha vez, pois nuubrábanselle os ollos ia súa parenta limpou por váreas veces as bagullas que se lle escapaban pensando naquel fillo de bendiceón. Acabada a carta os dous vellos encomenzaron a falar:

- ¿Ia ti que che parece desteo, muller?

- Que queres que che diga, Pedro. O rapaz non era dos negados, bon era como o pan e...

- Pro muller, ¿dez casas en Madrí!... ¿ti sábe-lo que son des casas á beira mesmo da do Rei, coma quen di? E todo en pouco máis de tres anos... ¡recorcio!, soilo aquí hai misérea e fame...

- Ianda a boa ialma di que ten forros algús cartos ié que para min qué-reos mandar: pro non se estreve, pois, iso si, curto de xenio sempre o foi, así se lle escaparon boas comenencias pra se casar.

- ¿Sábelo que penso, rapaza?

- Ti dirás, home.

- Pois mira: mañá dígolle o que pasa ós viciños todos, pra que os coma a cubiza e prá primeira feira vendémola xata ialá che me vou, que quero ver que fai aquela *boena alma*, non o vaian a enganar por alí. A volta... ¡mais quen

fala de volta! Dende alá mándoche cartos, méteste no tren ¡adiós Vilar; chouza afumada, pan de centeo, caldo de verzas iauga fría, que dez casas han de dar ben pra comer galiña, beber viño bon e tomar chiculture a reo!

O que quedaba da noite pasárona os dous petrúceos descorrido si Bertolo trataría ou non os reises, se vistiría como o vinculeiro de Landrove ou como o Secretáreo iastra pasaron lista ás rapazas do contorno, parecéndolle todas ben pouca cousa, unha misérea, que demoros, pra quen tiña cerca dunha dúcea de casas en Madrí.

Ó día seguinte, que era domingo, ó tío Pedro non lle coupo o pan no corpo. Afeitouse, puxo a millor roupa e foise ó adro da irexa, donde antes de encomenza-la misa dixo a tódolos presentes que non foren á gorida, pois tiña que lles dicir, io que dicirilles tiña foron estas palabras, pronunceadas dende o alto dunha pedra e como quen bota un pregón:

- “Sepan tódolos viciños de Vilar en como me marchó á terra de Castilla, pra non fozar máis en la tierra nin vivir neste país de misérea. En Madrí ten mi hijo Bertolo ya dez casas e se alguno coida que lo dicho es caroca que lea e rabé”.

Arrematado o seu descurso o tío Pedro amarrou a carta, que se leu cen veces e nunha somana xa non houbo de que falar máis que da sorte de Bertolo. Soilo o Señor Abade io Sacretáreo, cando lles contaban o caso, encollendo o fuciño dician: “poderá ser, pro... en fin, cousas máis gordas se viron no mundo”.

Ós poucos días o tío Pedro na campaña dunha boa bota de viño e dun pano cheo de queixos meteuse no tren, máis ledó que unhas páscoas.

Durante as horas que tivo que ir preso, comeu, bebeu, durmiu, leu a carta do fillo sobre unhas corenta veces e contou a outros tantos compañeiros de viaxe os motivos do seu, sempre encomenzando por aquela pregunta:

- ¿E vostede irá por coselidá a Madrí?

Chegou por fin á Capital o noso peisano iás poucas horas paseábase pola porta do Sol, coa boca máis aberta do que era regular. Pronto ventaron nel pan de obra un par de galafates dos moitos que por aqueles sitios se crían iarri-mándoselle encomenzaron a ser amigos, peisanos iasta parentes.

- Mira, dixo un, pra que ouíse tío Pedro; mira como se parece ese a nuestro amigo.

- En efecto, respondeu o outro, parándose diante do tío Pedro, yo creo que es el mismo.

- Caballero, preguntou ó tío Pedro o que primeiro falara, ¿tendría V. la amabilidad de decirnos, su gracia y el nombre de su pueblo?

- Señor, respondeu o labrego quitando o sombreiro, eu chámome Pedro Fernández. Por proviseón, foron sorteando as preguntas do petrúceo iantes de lle insinar a casa do fillo, de quen resultaron ser grandes amigos, empeñáronse en levalo a comer, facéndoo entrar nun *restaurant*.

- Nunca Dios me dera, dixo o tío Pedro ó verse drento e quitando o sombreiro. Isto está millor que a eirexa de Vilar ieso que a eirexa de Vilar...

- Siéntese V., dixeron os galafates, siéntese V., compare.

O probe labrego fixo así, non sin dar un berro, coidando que se fundía o asento ó baixárense os muelles ianimado pola conversa dos amigos de pego, que lle perguntaban pola cosecha, pola vaca, por unha chea de presos que tiñan nomes tan enrevesados como Pedro, Antonio, Farruco, etc.; e xa cando tocaba ó seu remate o convite, dixo un dos peixes:

- Sabes tú que podíamos comer agora un trozo de aquel jamón en dulce que tenemos en casa.

- No vendría mal, en efecto, dixo o outro, e logo dirixíndose ó labrego: ¿Ha comido V. alguna vez jamón en dulce, paisano?

- Non señor, contestou o tío Pedro. Na miña casa, en cras de labrador, hai de todo; quere decir, que pataquiñas, pan, cocho, castañas no seu tempo e froita, non falta; pro pernil *en dulce* nin o comín, nin ouvín del na miña vida.

- Pues hoy tenemos el gusto de que pruebe V. lo que es bueno, compare, dixo o que pirmeiro falara, alargando unha chave o outro.

- Toma, Colás, en el cajón de la cómoda, ya sabes, hay jamón y vino bueno de Jerez; tráetelo corriendo, que aquí te esperamos.

Iesperaron e trazas levaban de esperar astra o día do xuício, cando o que quedara co labrego, dando unha patada no chan botando un *terno* dixo: voy a buscar a ese, que sin duda se ha dormido.

- Señor, non se canse, que eu cominlle abondo. Xa virá o seu compañeiro.

- Nada, nada, que yo no consiento esta tardanza. V. no se mueve de aquí, cediéndome su capa, por que hace un frío... Vengo al instante.

Isí dicindo desapareceu, como pode o leutor sopoñer, pra non asomar xa o pelo... nin a capa do tío Pedro, prende nova que mercara pra se presentar diante do dono das dez casas.

- Debe V. veinte pesetas, dixo o mozo do café ó tío Pedro.

- ¡Vinte pesetas! ¡catro pesos! Escramou asombrado o infeliz vilareño. ¿E de que debo iso, señor?

- De lo que ha comido con *esos dos* que se fueron.

- Por catro pesos come en Vilar toda a parroquia un mes. Pro, en fin, deixe volver ós meus amigos, que lle son xente de cartos e...

- Por de pronto paga V. y luego se lo cobra a los otros, dicía o mozo sirvindo.

- Nunca Dios me dera, ¿e como hei pagar si non teño?

O mozo ouire de que tiña que pagar o tío Pedro ieste supricando que agardase estiveron un bon pedazo de tempo, astra que xa canso o primeiro chamou a dous gardas que apencaron co noso peisano cara á pevenecón. Esta foi, no médeo de todo, a sorte do viciño de Vilar, pois ós poucos pasos tropeizou con Bertolo en presoa, que coa cuba ó lombo iba cara á fonte. Abrazáronse pai

e fillo, pagou este o gasto no café e cando xa libre, iban os dous á pousada dixo o tío Pedro a Bertolo:

- O que me parés moi mal, recorcio, é que tendo dez casas xa, aínda vistas dese xeito e leves a cuba ó lombo. Eu coidei alcontrarte vistido de caballería en coche ia pouco máis véxote como saíche da casa. Non sexas cudroña, home, que en algo se ha conocer o propietario de dez casas en Madrí, que quero me insines eixiña.

- ¡Nunca Dios me dera! Mi padre, vostede toleou ou que é o que di.

- Eu digo o que me dixeches na carta que aínda gardo e fixen ler a toda a parroquia.

- Pro meu pai, señor, dixo Bertolo cada vez máis espantado, eu dicíalle que tiña *dez casas pra levar a auga*; pro non que foren miñas.

.....

¿Queredes conocer o tío Pedro? Non é cousa dificultosa o botar co el un párrafo; mais non vos atente Xudas o preguntarlle polas casas que ten en Madrí, pola capa que mercou antes de se ir ou polo xamón en dulce, porque estonces verédelo relaxar e xurar como un carreteiro.

En canto a Bertolo... por alá anda, é de soñoñer que administrando o millor que pode *as dez casas* do conto e coidando de que non se lle declare autonomista a cuba con que leva auga ás casas.

AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

Unha istáncea aproveitada¹⁶⁶

Na sacristía da eirexa de S. Martín de Santiago hai, ou polo menos había cando eu estudeaba, dous ritratos que representaban unha fermosa cabeza, de longe e ben poboada barba, rubio un e branco como a neve o outro.

A espresión daquela cara non pode ser máis franca, as liñas máis regulares, máis despexada a fronte nin aqueles ollos máis vivos. Nunca se borrou de min a primeira impresión recibida e moitas foron as veces que, para contempra-los ritratos ditos, entrei na sacristía de San Martín.

Un día quixen saber máis e dixéronme que o orixinal dos cadros fora Fr. Rafael Moria Vélez, Arcebispo de Compostela e non recordo ben si por estonces chegou ós meus ouídos o sucedido que vén servir de tema a estes ringuilós.

*

* *

Era o P. Vélez, según presoas que o acordaron, tan modesto como agradable no seu trato e seguindo o exempro do inmortal Cisneros, nunca quixo desprenderse do seu hábito de capuchino, astra o punto de que tan soilo polo peitoral se distinguía dun sempre frade.

Facilmente comprenderá o leutor que, sin máis arreos na súa presoa, non había necesitar o socesor de Xelmírez grandes pranchados e, providéncia das primeiras ó se posesionar da mitra, foi deixar *cesantes* a dúas mulleriñas que, co emprego de pranchadoras do pazo episcopal, viñan dende moi antigo desfrutando dunha pinsión.

Vellas xa iachacosas para máis, veu a providéncia do Arcebispo a ser como unha senténcia de fame, unha nómina pra que a misérea tomase poseseón e dominase na casa das vellas pranchadoras, que xa vían os últimos días da súa vida mouros, mouros, como a noite e feios... como a morte.

E chorando pasaron longas horas de angústea e así, vertendo amargas bagullas estaban unha tarde en que o ceo parecía querer acompañalas, botando auga a cántaros sobre a monumental Cudad do Apóstol, cando entrou Goriños, un *códeo* do Samináreo, con máis latín e filosofía na cabeza que pan no estómago; con máis teorías que roupa ia quen de caridá viñan as velliñas menpando o manteo e pranchando a tira do *alzacuello*, traballos afellas non pequenos, pois si non era moi grande a proviseón con que contaba dos segundos, o primeiro non estaba pra resistir moito a dura priseón das puntadas.

- ¿Que lles pasa, miñas donas? -dixo o estudeante ó ver chorando as vellas.

166 Publicado en *Galicia Moderna*, n.º 21, I-III-1898 e ilustrado por B. Pereira Borrajo.

- E que nos ha pasar, meu fillo, respondeu unha das preguntadas, ¡cando eu digo que tamén ti te has de esquencer de nós cando sexas Arcebispo...!

- Tanto non pretendo; pro si Dios me fai algo, recontra, do pan que eu coma han comer vostedes. Con que, déixense de chorar e díganme que lles parez do bon mozo que nos manda Noso Señor: ¡coidado se mete respeito! ieso que en vistir... ¡así falando o estudeante mirou dun modo significativo o seu manteo, que polo zurcido e remendado daba ben a razón ó que fixo aquela copra que empeza:

“La capa del estudiante

Parece un jardín de flores, etc.”

- ¿E de quen falas, Goriños? –dixo unha das vellas.

- ¿Pois de quen hei falar, miñas santas, respondeu aquel, senón do Rdo. P. D. Fr. Rafael M^a Vélez, do que todos hoxe se fan língos en Santiago? Home de máis céncea, máis vertú, modéstea e boa preséncia, nin que o buscaran cun candil por toda España, o poideran atopar.

Ó escoitaren o nome do Prelado, as dúas vellas irmás romperon de novo a chorar, sin dicir fala.

- ¿Pro a vostés que lles pasa, recorcio? Preguntou entranquilo o estudeante. Cando todos rin de contento, pónenseme a chorar e non de gozo, como me parés que o fai hoxe o ceo; senón como Madalenas. Teño de mentres que este Señor hame facer crego e mais párroco iestonces... tía Manoela... tía Rosa... ¡¡quen as verá facendo a espiréncea do que dura un pai das almas ben coidado!!

- ¡Ai! Goriños, dixeron as vellas, ti eres un neno, soñas e vives contento coa iluseón. Pra nós chegouche a realidá e presto tras dela verás como vén a misérea ia fame. Ise Señor, do que tanto esperas e Dios bendiga... ise é quen nos mata, quen nos condena, agora de vellas, a morrer de nacesidá, se non atopamos unha ialma caritativa que se doia de nós... ¡¡Que vai ser de nosoutras agora, Dios meu, que vai ser de nosoutras!!

Enterouse o estudeante da causa da tristeza das vellas, súas boas amigas iel, que era bon, sintiu como se un coitelo frío, moi frío, se lle cravara no peito. ¡Deica el ganase pra mantelas...!! Polos seus cálculos, pra *de ali a tres* anos podería cantar misa; pro en tres anos ¿que iba a ser das vellas?

As bagullas víñanselle ós ollos, un nó púxoselle na gorxa e sin atinar a dicir nada estivo un bon anaco de tempo. “O P. Vélez é un santo, todo o mundo o di, –pensaba Goriños– se soupera o que pasa... quen sabe... unha carta... un anónimo... unha istáncea siría millor, moito millor...” e logo en voz alta e dirixíndose ás vellas falou o estudeante:

- Vamos a ver, miñas donas, ¿que lles parez dunha istáncea dirixida ó mesmo Sr. Arcebispo?

As vellas sospiraron, miraron unha prá outra e... ó pouco tempo Goriños, facendo mesa dunha arca vella e primores caligráficos con unha pruma de ganso, en boa letra española esquirbía nun prego de papel a siguiente istáncea.

Exmo. e Illmo. Sr. Arcebispo de Santiago de Compostela

Exmo. Señor:

*Cando coidamos que viña o **Agnus Dei**, vén pra nós o **quitollis** e como xa vellas iachacosas non sirvimos xa **pecata mundi**, Exmo. Sr., **miserere novis**.*

Compostela e xaneiro 3 de 18...

Fixo logo firmar ás vellas e encargándolles que sin perderen tempo botasen a istáncia, drento dun sobre, polo buzón que pra recollelas había á porta do pazo, foise prá súa pousada. Aquelas *símulas* tiñano moi preocupado, traguíano volto tolo.

A orixinal maneira de solicitar caeu en grácea ó Arcebispo e, non o contan as crónicas, mais eu sei que riu ben lendo a istáncia e que, ben seguro da iñocencia das firmantes, entráronlle grandes desexos de conocer o verdadeiro autor. As vellas, pois, atopáronse ó día seguinte cun recado pra que sen demora se presentasen no pazo.

A esperanza de consigui-lo que quirían deu ás velliñas forzas ianque tembrando, coa roupiña que dos *bos tempos* gardaban no fondo dun arcaz, alá se foron...

Na antesala sentáronse nun rinculliño e rezaron, rezaron moito, pois tempo dabondo llo deron os moitos presonaxes que foron entrando diante delas. Pasadas xa longas tres horas, chegoulles ó fin a vez ouíron que as chamaban polo seu nome e un porteiro, a quen elas conecían, erguendo unha pesada cortina, fixolles seña de que pasasen.

As probes irmás trembaban ió ver aló, no fondo do salón o Prelado, caíron a un tempo de rodillas, sen estrevérense a dar un paso máis¹⁶⁷.

- Pacen uztedez, buena mujere, dixo o Arcebispo, con ben marcada caída andaluza.

As dúas irmás erguéronse, andiveron unhos pasos, mascullando palabras de escusa e xa preto da mesa que estaba diante do sábeo capuchino, volverónse a poñer de rodillas, limpando as bagullas.

Con falas garimosas tranquilizou o Prelado e fixo sentar as visitantes e collendo de enriba da mesa a istáncia, leu en voz alta os nomes das firmantes.

- “Pra servir a vosté... ou... per... perdoe, Señor... pra ... pra... servir a su alteza”, marmularon sin xeito as dúas vellas.

167 Este párrafo aparece repetido a seguir con pequenas variantes: “As porbes irmás tembraban ió ver aló, no fondo do salón ó Prelado, caíron a un tempo de rodillas, sen estrevérense a dar un paso máis”.

Surriuse o Arcebispo e dicindo en tono o máis garimoso que puido: “no tanto, aún non tanto” preguntoulles:

- ¿Quién lez ha escrito a uztede esta inztancia?

- Señor, señor, dixeron as vellas a médea voz, caíndo por terceira vez de rodillas e coidando quizabes lles iba a pedir conta dunha falta, dun pecado gravísemo, que máis que a elas aínda podía prexudicar a Goriños, ó probe Goriños, a quen quirían como un fillo; señor... perdón... perdón.

- Nada tengo que perdonarlez, buenaz mujere, dixo o P. Vélez. Deseo zolo zaber quien ha redactado esta zolicitud y en cuanto a uztede, pueden ir tranquila, puez han concedido zu deceo.

Máis animadas coas palabras do Arcebispo estrevéronse xa as vellas a dicir que o autor do esquirto fora un saminarista e cando máis e máis picada con esto a cursidá do Prelado comprenderon que ningún mal lle podía vir xa, decrararon o nome, non sin pedir perdón pra el.

*

* *

A tradiceón conta que as velliñas xa non pasaron fame; que o Arcebispo namorado da agudeza de Goriños, protexeuno na súa carreira, non precisando xa de botar tantos remendos no manteo e que, en fin, chegou a ser párroco, canónego, Deán e astra non sei si a meter unha mitra na cabeza, que esto non o cantan os vellos, nin o viron as vellas firmantes de istáncea.

AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

Xaneiro de 1898

CONTOS POPULARES GALLEGOS

A raposa io sapo¹⁶⁸

Lémbrome como si aínda fora hoxe. Era unha noite de inverno, fría; moi fría o vento asubiaba antre as pólas, mitíase fureoso pola bufarda ió redor do lume, sete rapaces facíamo-lo diaño, xa queimándolle o bigote ó gato, xa metendo castañas sin triscar, pra que estralando ciscasen o lume, xa, en fin, tirando polos paus alceros fóra da lareira.

A tía Rosa relaxábase, enchíanos de *galafates*, *desacupados*, *meigos*, *mal criados*, etc.; pro... ¡vaiche boa! Os enredos seguían o mesmo, sin que polo que dicía a vella se nos dese miga.

- Si estiverades quetos, dixo a tía Rosa habíavos de contar un conto; pro...

A vella non poido acabar. Todos, sentándonos o millor que pudiamos, encomenzamos a berrar: “veña o conto, o conto, tía Rosa, cónteno-lo conto...”

Non tiña a vella moita gana deles: ¡pro como o pidían todos...! Sentouse, pois, cara ó lume, meteu unhos cantos garabullos i encomenzou deste xeito:

- Vosoutros ben sabedes que o zorro é moi pillo, ¿non é verdá? Pois boeno, vades a ver como aínda do mesmo zorro hai quen se bulra; resultando certo aquilo de que *pra un pillo outro maor*.

Os rapaces encomenzáronse a remexer. Ninguén estaba a gusto no seu sito e foi necesáreo que a tía Rosa amenazase con calar, pra que todos o fixésemos así.

- Pois señor, encomenzou de novo a vella, nunha acaseón camiñaba un sapo polo médeo do campo, coa cachaza que soen gastar aqueles animás. De vez en cando parábase e cantaba o que xa sabedes que cantan os sapos...

Goriños, que era o máis grande escachapedras do lugar, imitando a voz de fruta dos *batracios* nomeados, púxose a cantar en dous tons.

- ¿Lucas?

- Ohu

- ¿Vés?

- Vou...

Ios compañeiros soltámonos a rir como tolos, riuse tamén a tía Rosa e siguiu logo co seu conto.

- Pois ben, cando máis tranquilo marchaba o sapo, acercóuselle o zorro e facéndolle unha reveréncia, deulle moi fino as boas noites, ó mesmo tempo que botando unha língoa da carta, lambía o fuciño lixado de sangue.

168 Publicado en *Galicia Moderna*, n.º 23, 1-IV-1898 e ilustrado por B. Pereira Borrajo. Tamén foi recollido con certos cambios en *El Eco de Galicia*, n.º 833, 11 xuño 1898.

O sapo, que parara un momento pra mirar o novo compañeiro, botando a andar de novo, díxolle:

- Polas trazas, Xan, (1)¹⁶⁹ hoxe non foi mal día pró fillo da raposa.

- Direiche, respondeu o zorro: erguinme cedo, corrín moito sin atopar nada e cando mesmo ouveaba xa coa fame, aquí me tes, que por hoxe xa non se ha dicir que

*“Cando o raposo anda ós grilos,
mal polo pai e pior polos fillos”.*

- ¿Que caíu logo por banda?, preguntou o sapo.

- Pois, unha pita das boas, dixo o raposo. Estou farto iagora... ¡¡teño unhas ganas de correr...!!

- Pois ben fácil che é compri-lo gusto, dixo o sapo. Campo tes diante e non che faltará, se agardas quizabes, un can que che faga a competencia.

- Cas... cas... dixo o zorro ríndose, ¿quen pensa agora en cas?; pro se en troques queres, vouche a unha carreira i astra aventuro un bon galo.

Picouse o sapo no seu honor ó escoitar ó zorro e mais ó notar nel certa surrisa bulrona e poñéndose tan inchado como cando din que, por igoalar co boi, estoupou, respondeu:

- Pois por min, ¡recontra!, non ha quedar. Con que alá xa, que se ti aventuras un galo, eu poño dous e pra que non penses *que tal*, vaia un paso contra min.

Marcaron ambos de acordo o punto de partida, así como o de chegada, que había ser un rego que se vía antre unhos caxates e logo, comprindo o sapo o seu compromiso, púxose un paso atrás do zorro dando ó mesmo tempo o sinal.

O raposo, ¡vaiche boa!, afeito a correr, co estámago cheo ia ansia de gana-los dous galos que o sapo aventurara, non curría, voaba. Diríase que ouvira ladrar os cas de seis parróqueas. Nun dicir *¡Xesús!*, prantouse no regato ió chegar alí, ben seguro da súa viutórea, revirouse á presa pra ve-lo seu competidor berrando ó mesmo tempo:

- ¡E ti vés ou en que pensas, ai ho!

- ¿E que vos figurades que socedeu?, preguntou a tía Rosa, véndonos a todos quetos e coa boca aberta escoitando o relato.

- Pois que o raposo comeu dous galos enriba da pita, respondimos todos berrando a coro.

- Pois equivocástesvos por listos, como o zorro. Cando este miraba máis o camiño que recorreran, sen ver o sapo, sintiu que este lle dicía dende a outra orela do regato:

- Por esta vez pirdiches, Xan, pirdiche.

169 Nota do autor: “Así chaman ó zorro nalgús sitios”.

¿Que socedera? Escoitai, que volo vou a dicir. O sapo ¡miña xoia! que había correr; pro como as mañas consiguen ás veces o que non as forzas, no istante mesmo de arrincar o zorro e dun brinco agarróuselle ó rabo íasí levou a carreira moi descansada. Dempois, e cando o zorro rivirou o corpo, soltouse o sapo, que foi caír ó outro lado do rego.

O non esperado fin do conto fíxonos rir ben a todos un pedazo de tempo e Goriños preguntou estonces:

- ¿Io zorro pagou o galo?

- Rapaz, dixo a tía Rosa, tanto non o din os libros. O que si tran foi que o zorro confesou a súa derrota e que destonces mira ó sapo con non moi bos ollos.

AMADOR MONTENEGRO

A louca da praia¹⁷⁰

¡Miraina!

Nova aínda, cos cabelos brancos ia pel engurrada, descalza, cuase despida; pro sin mostrarse sensibre ó calor ió frío, védea, sempre na praia. Nunca a busquedes noutro sito.

¿Está o mar en calma e veñen mainiñas as ondas a morrer na area? Pois alí sobre unha pena, cos ollos fixos na auga, parece a imaxen do delor.

¿Ruxe, polo contráreo, fureosa a tempestá, estoupa o trebón na altura ias ondas rebentan contra as penas...? Estonces parez que outra tempestá rebenta no celebre da probe louca e sin rumbo fixo corre, berra, amenaza os elementos e da súa boca ien compreto desorde, sai longa ringuileira de frases sin sentido.

Eu vina así unha vez, contempreina pasmado un bon anaco de tempo e sintín na miña ialma un sentemento, mezcra de compasión e de pena, sintín como se unha man de ferro me apertase o curazón, namentras que as bagullas, saíndo dos ollos, sulcaban as meixelas.

¡Ou! Si, aínda me parece vela nunha autitú terrible, que tragina á mente recordos da hestórea e da fábula...!

Entresábame aquel disgraciado ser, pensei que naquela miserabre eisis-téncea se escondía unha hestórea triste, quizabes dramáteca e non me enganei. Ouvide, sinón, como a deprendín de boca dos mariñeiros.

Cuase antre as penas da orela, á desembocadura mesmo dun pequeno río ialculta antre os castizos que alí medran, un probe mariñeiro fíxera a súa chouza, que non por probe ihomilde deixaba de ser un verdadeiro niño de felicidadá e de ventura. Na compañía da súa muller e dunha nena de poucos meses, pasaba o valiente fillo do mar as horas que a necesidá de gana-lo sustento lle deixaban libre.

Nunca aquela familia dera o máis pequeno motivo de queixa. Non tiña anemigos iastra a envexa, esa cóbrega que entra en todas partes e vive das dentadas na honra allea, parecía fuxir daquel logar de dilicia, donde os cantos dos silgueiros, o remor das augas io sospiro soave do aire acompañaban a filiz mai cando arrolaba a súa filla.

Eran os habitadores da chouza probes, moi probes; pro conformes coa sorte que Dios lle deparara, vivían: o marido prá súa muller, e esta pra aquel ientrambos pró ánxel que alegraba aquel fogar coas súas risas e a súa *médea língoa*.

A disgrácea, sen embargo, estendía as súas mouras aas sobre aquel niño...

170 Publicado en *Galicia Moderna*, n.º 24, 15-IV-1898 e ilustrado por B. Pereira Borrajo.

II

Sáíran as lanchas á pesca io mariñeiro deixou a súa familia. Unha aperta á compañeira, un bico á filla, un anaco de pan na faltriqueira e... andando xa, a loitar, a arrincar ó mar a costa de mil traballos e xogando cen veces a vida, o rico peixe prá mesa do manate... io pan mouro pra el ia súa familia.

Mais...¡ai!, que o mar tranquilo pola mañán encrésbase pola tarde ió caír do día, cando a última raiola do sol pérdese tralos montes, a tempestá estrala aterradora.

No mar como na terra; no chan como no ceo non parez senón que os elementos, en loita desesperada, despútanse o empéreo do mundo, facendo o último esforzo.

Alá, no médeo do mar quedan os heroes sin nome mollados, atecidos coa friaxe, sin folgo cuasi, sin forzas; pro sereos e sin rindir-se ante o espentá-culo da morte que teñen diante. Deixémolos un momento na loita por arribar a porto seguro, contándose silenceosos á luz dos lóstregos; deixémolos nas maus de Dios e vamos á praia, treato tamén de tristes socesos.

III

¿Que socede na casa do mariñeiro?

Sobre probe, pro limpo leito, vestida coa roupiña dos días de festa, vese inmobre e como o marbre, branca, a filla do mariñeiro, o reiseñol que pouco antes legraba a chouza. Súas maus, aquelas manciñas que tantas veces engrellaran os cabelos do pescador, cruzadas sobre o peito non se moven xa ios seus ollos, pechos á luz do día, xa non volverán a prestar encanto ó triste fogar...

Sentada nun taburete cos ollos fixos na cama en que está morta a súa filla, insensibre ó vento que brúa ientrando polas rendixelas da porta fai tremer a vela de cera posta diante do calabre, alcóntrase a mai sin ventura, cal si o delor a convertira nunha estauta.

De pronto escóitase un trono espantoso iastra a chouza chega un berro agudo e longo, cal se cen gaivotas lanzasen a un tempo súa voz laiiosa iaquela muller, como se sintira dreto un presentemento terrible, érguese e sai da casa.

Sin direución, sin tino, como se dona non fora xa dos seus movementos, marcha ora nunha dirección, ora noutra, astra cos seus pés tropezan cun madeiro e detense. Os lóstregos déixanlle ver mil anacos de botes, traguidos polas ondas.

O presentemento toma corpo á vista do espeutáculo que ofrece a praia e tomando alento, co corazón apertado polo delor io medo, sigue adiante pola area, e nin a chuvia, que cae con forza, nin as ondas que a envolven coa escuma, logran detela un momento astra que os seus pés volven a tropezar ias súas maus apalpan un corpo brando... ¡A lus dun raio deisa comprender naquel

instante á disgraceada mai que xa está soila no mundo! Cos ollos abertos, o corpo escalazado ias maus apretando aínda un remo partido, achábase o calabre do mariñeiro...

IV

O trono que siguiu ó raio, apagou un espantoso berro saído da gorxa da infilís que desesperada e como tola, bota a correr cara á chouza. Mais... ¡horror!... os últimos restos daquel niño eran arrastrados polas augas barrentas do río desbordado.

.....
.....

Os primeiros fulgores da aurora viñeron sobre a terra, á tempestá sucedeu a calma ios viciños, pensando na sorte dos mariñeiros e na infilíz familia da chouza, baixaron á praia, que encheron ben pronto cos seus aies dooridos.

De pronto e rompendo o triste concerto de bágoas e sospiros, unha rizada espantosa fixo volver a todos a vista a un punto fixo. Sobre un montón de estelas, resto de lanchas de chouzas e de albres arrastrados, había dous calabres: o do mariñeiro io da súa filla. Ó redor beilaba e ría desaforadamente a viúda e mai sin ventura.

¡¡Estaba tola!!

AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

A fame de San Pedro¹⁷¹

CONTO POPULAR GALLEGO

Ben sabido é que Xesucristo distinguiu a S. Pedro con unha especial confianza, á que o xefe dos Apóstoles correspondeu sempre cun afeuto e un amor moi fino.

Pois ben, nunha acaseón, tendo Xesús que pasar dun punto a outro de Galilea, escolleu pra compañeiro de viaxe o antigo pescador Cefas. Non di a tradiceón dende donde nin pra que sito; pro si que pola mañán ben cedo saíron os dous viaxeiros, como por aquel tempo debía dicirse, *pedibus andandi*, ou cousa polo xeito.

Como Noso Señor, na súa curta, pro admirábel vida, non desaporveitaba ocaseón de insinar ós homes, namentras iban andando, espricaba ó seu discípalo un dos exempros cos que facía entender astra ós máis zotes aquelas verdás polas que logo había de da-la vida. Non sintía necesidá de render tributo á materia iasí xa iba ben pasada médea mañán sin que se acordase de se percurar desaúno, cousa que ó Santo Pescador tiña fóra de si, pois a fame quitáballe forzas pra seguir adiante.

- “Di o maiestro, –marmulaba S. Pedro–, e verdá debe ser cando el o di “que *non de solo panem vivit homo*; pro eu xa quixera neste istante un codelo que sin miga de compango habíame, saber a grórea...”. O santo coidaba que Xesucristo non lía no seu entereor ¡miña xoia!, como nun libro, e respondendo como por máquina ás preguntas do Maiestro, tiña o seu pensamento posto nas cambadas de peixes que sacaba do Tiberiades, nos rustridos con que os amañaba e outras cousas deste xeito tan pouco en relaceón coas insinanzas do Fillo de Dios.

Xa por estonces o demo, non tendo cousa pior en que se acupar, enventara a taberna ialá, no curuto dunha costa que subían os viaxeiros, puido ver San Pedro, dipindurada na porta dunha casa, o ramallo con que parez que o taberneiro promete coroar o máis grande bebedor.

- Señor, dixo homildemente San Pedro, alí hai, se non me engano, un estabreemento e podíamos tomar a parva. Levamos algunhas horas andando e...

Non puido acabar o Santo Porteiro do Ceo, pois Xesús e como se non o ouvira, encomenzou a espricar como, quen quiría siguilo tiña que deixar todo. A espranza pois, fuxía; pro como calvo que era, conoeu Pedro a acaseón e propúxose non deixala fuxir. Remexeu na faltriqueira atopando unhas cantas cadelas ió pasar por diante da taberna iaproveitando un finxido descuido do

171 Publicado en *Galicia Moderna*, n.º 25, 1-V-1898 e ilustrado por B. Pereira Borrajo. Foi reproducido con variantes en *El Eco de Galicia*, n.º 850, 8 de outubro de 1898.

Maiestro, entrou, mercando un pantrigo que escondeu na manga da túnica. Xesucristo seguía na súa espricación, siguiuno Pedro; mais como apretase a fame, arrincando un anaco de pan meteuno na boca, tendo de mentras repeti-la operación astra acaba-lo pantrigo.

Aínda non fixera máis que cravárle-los dentes, tomándolle o gusto e cando mesmo iba a pasalo, ouvín a voz do Divino Maiestro que lle dicía: “Pedro, Pedro ¿que dirías si che preguntasen quen son?” Pra responder tivo que tirar a toda présa o pan da boca iaínda así fixo como home que lle fuxiu o acordo e Xesucristo, mirándoo, surriuse bondosamente.

Volveu o Fillo de Dios a sigui-lo camiño, ia falar das cousas do outro mundo e San Pedro, xa pasado o primeiro susto, tirou un novo anaco de pan; pro cando máis lle tomaba o gusto, a voz de Xesucristo que o chamaba fixolle cuspir de novo o que se dispuña a pasar.

A fe de Pedro era naquel istante tan escasa, que sin se procatar da leuceón que Xesucristo lle daba, ripitiu o feito antes e volveu a enche-la boca de miolo, pra que lle custase menos traballo e tempo; pro foi en van, pois Xesús coas súas chamadas a tempo, facía inútil o empeño do Santo, que en probas e sin pasar miga, gastou todo o pantrigo, sintindo aumenta-la fame co desexo fallido ia esperanza morta.

Estonces e soilo estonces abríronse os seus ollos ienchéronse de bágoas caíndo de xionllos diante de Xesús. A tradiceón soilo dice que o Divino Maiestro reprendeu soave e docemente ó discípalo pola súa pouca fe e que este sintiu dende estonces brotar máis e máis forte o afeuto iamor ó Redentor do Mundo.

AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

Vigo, abril de 1898.

Pago por pago...¹⁷²

(CONTO POPULAR GALLEGO)

A butica estaba chea de xente i o buticáreo, coa cara máis roxa que un pemento, o gorro tirado sobre do ollo dereito e zugando nun tarugo de cadela grande, nin deixaba aconga-la língoa nin a mau do almirez.

O milagre non era daquel día soilo. A butica do Licenciado Cerato viña a ser como o punto de cita de cantos desacupados e malas línguas caíran en sorte a Vilachea e nin trapos nin honras deixaban de remexer aqueles galafates.

Acababa de despachar o buticario unha boa moza, entregándolle coa receta un requebro, cando entrou un rapaz da aldea que, sin pasar da porta pidiu *unha perra de polvos pra mata-las lombrigas e outra de fariña dos ratos*.

A preséncia da boa moza fixera acercarse a un dos que falaban dentro ió ver o rapaz e ouviu, dirixíndose ó buticáreo e chisgándolle de ollo, díxolle:

- Home, aí tes quen che pudría face-lo encargo das moscas.

- Rapaz, dixo estonces Cerato, mentras o despachaba, ¿iel ti queres ganar algunhas pesetas?

- ¿E como, señor?, preguntou o aldeano.

- Pois dun modo mui sinxelo, respondeulle o buticáreo. Por cada cento de moscas que me traías douche oito cartos, de modo que si consigues pillar dez centos... ¿a que non sabes canto teño que darche?

O rapaz fixo a conta polos dedos e logo, cos ollos alampando de gusto, respondeu:

- Pois, dez réas menos dez chavos.

- ¡Ben! A oito cartos o cento i agora que estás enteirado, fuxe e non o digas a naide.

- ¿E pra cando as quere? –preguntou o pequeno dando a volta dende a rúa.

- Hoxe é domingo, dixo o buticáreo tratando de conte-la risa; pra sábado estás aquí coas moscas e ten coidado como as tras, que non che fuxan.

Botando mil contas e facendo unha máis grande que a da leiteira iba o rapaz cara á súa casa, falando contra si deste xeito: “A cousa é estrana; pro así como así aínda se empregan na butica cousas máis raras, pois eu teño ouvido que estiman moito os buticáreos o unto de muller¹⁷³ e ben sei que venden o

172 Publicado en *Galicia Moderna*, n.º 26, maio de 1898 e ilustrado por B. Pereira Borrajo.

173 Nota do autor: “Nin por canto hai no mundo entra unha rapaza sobre todo se é roxa na butica. A algún labrego ouvín que antes os buticáreos tiñan premiso de matar unha presoa cada sete anos pra sacarlle o unto”.

azougue¹⁷⁴ ia bosta de demo¹⁷⁵. Moscas... ¡¡O diaño!! Na corte dos bois teño cantas queira e cos cartos que me dían...” o leutor pode enche-lo espáceo cos proieutos máis dispartados.

Chegou o sábado, a butica estaba, como o domingo anteor, ió se acercar o rapaz, aqueles valeigás, xa sabidores do que iba a pasar, correron ó mostrador pra se rir á conta do cazador de moscas.

- ¿E cantas tras, home? preguntoulle o buticáreo.

- Señor, non llas contei, contestou o rapaz; pro por dúcea máis ou menos non habemos reñer. Iasí falando, puxo enriba do mostrador unha gaiola de bimbios, de drento da que saía un ruxido como dunha ola fervendo.

Colleu o licenciado Cerato a gaiola e abrindo nela un burakiño, ó mesmo tempo que deixaba saí-las moscas unha a unha, dicía: “¡ai, rapaz!, esta non sirve... esta menos aínda... tampouco che me fai servicio estotra... dez máis que non dibiches coller...” iasí astra que xa cuase deixou fuxir a maor parte.

- Ai señor, preguntou estonces o rapaz xa queimado; ¿e el como as quer logo?

- Como as pidín, home como as pidín, contestoulle Cerato, dando solta ás moscas que quedaban.

- ¿Pro eu non comprín ben o encargo, recorcio? dixo enfadado o rapaz.

- Non o compriche, respondeu o buticáreo. Pindinche moscas, ¿non é certo?

- ¿Pois eu que lle troixen, lagartos?

- Lagartos non home; pro astra de agora tódolos que saíron eran... moscos; machos, vamos iaquí os que sirven sonche as femias.

Comprende estonces o rapaz a bulra e máis vendo cuase se rían todos da súa burrada. Ó principio viñéronlle tentaceós de lles tirar a gaiola á cabeza e fuxir chamándolles *galafates*, *lapios*, *desacupados*, *lambós*, etc.; mais conténdose e deixando paso ó *tras acordo*, preguntou ó buticáreo:

- ¿Ien que se distinguen e conocen as moscas ios moscos?

- No cheiro, contestou moi grave aquel, no cheiro che se conocen moito ben.

Non quixo saber máis nada o rapaz e dando media volta marchou daquel sito.

Mais ós poucos días do socedido presentouse na butica, levando na mau un pucheiro novo e dirixíndose ó Señor Cerato preguntoulle se quiría mel.

174 Nota do autor: “Nalgunha butica vino vender en caniños de pruma tapado con lacre. A céncea debe desfacer, pro non manter preocupacións e bruxerías”.

175 Nota do autor: “A asafétida”.

- Se é boa... dixo o enterrogado.

- Millor non a atopa anque mesmo a busque cun candil, contestou o rapaz.

O boticáreo precisaba mel aquel día, así é que non tardaron en entenderse, quedando *con pucheiro e todo* por trinta cartos, que o rapaz colleu botando a correr como se o ameazaran.

E motivo non lle faltaba, pois cando Cerato quixo remexer no mel, o cheiro chegou astra a rúa e non debía ser a rosas cando os que pasaban levaban a man ós narices. O rapaz estaba vingado da bulra ien troques do que co el fixera o boticáreo, vendéralle por mel algo que de tal ten ben pouco.

E contan alí que non puido acultalo, que se riron ben á súa conta os que a rirse, o axudaron cando o conto das moscas e que aínda hoxe e pra que bufe Cerato non hai máis que preguntarlle polo mel.

*

* *

Un día xa pasado ben tempo estaba o boticáreo á porta da casa, cando viu o rapaz do conto e cavilando non sei qué vinganza chamouno dicíndolle:

- ¡Ai rapaz!, ven acó, home, ven acó.

- ¿Que se lle ofrecía? preguntou o pequeno sin se arrimar moito.

- Home, aquel mel...

Non puido acabar a frase, pois máis listo que a pólvora e apretando o paso, berroulle deinde lonxe o rapaz:

- Ai señor, ¿e por que non o cheirou como as moscas?

AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

Vigo, Maio de 1898.

VI. Índice

I. Achega biobibliográfica.....	7
II. Obra narrativa en galego	27
III. Criterios de edición	57
IV. Bibliografía básica.....	61
V. Textos.....	65
A gratitú dun fillo.....	67
Aparéncia e realidá	68
Antón o simple.....	70
O zorro io galo	73
A primeira consulta	76
A picardía dun esquirbano.....	80
Remédeo contra a fame.....	84
Conto Heráldico(?).....	88
A manda.....	91
A viutórea dun borracho.....	93
Un valente xastre.....	101
O zapateiro rañoso.....	103
Astúcea dun labrego	107
Croquis	110
Unha escena nun café.....	113
A casa da fame	115
Pois... non me conformo	116
Polos niños. (Escena infantil).....	118
As formillas.....	121
Pozo negro.....	123
O xastriño-arrieiro	125
A luz dun raio.....	128
Os gatos endemoneados	130
Marecutiña.....	133
Ir por lan e	163
O pelexo dun santo.....	139
Terra na Habana	142

- *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra* -

Unha istáncia aproveitada.....	147
A raposa io sapo	151
A louca da praia.....	154
A fame de San Pedro.....	157
Pago por pago.....	159
IV. Índice	163